66 outubro
novembro
decembro
1979

GRIAL

D. GARCÍA-SABELL: Carta a Pierre Emmanuel.

M.ª DOS ÁNXELES BORREGUERO: Galicia na poesía de Celso Emilio Ferreiro.

LOIS VÁZQUEZ: O neno creador.

RAMÓN VILLARES: López Ferreiro e a historiografía galega.

RAFAEL CHACÓN: Diglosia e historia.

LUIS ALONSO ÁLVAREZ: As revoltas preindustriáis en Galicia: O Ludismo.

GERALD DENLEY: Novos poemas galegos.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Director periodista: Xosé Landeira Yrago. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

N.º 66 outubro novembro decembro 1979

REDACCION E ADMINISTRACION: EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

SUMARIO

Páxinas

ENSAIOS

Carta a Pierre Emmanuel, por DOMINGO GARCÍA-SABELL 393

Galicia na poesía de Celso Emilio Ferreiro, por MARÍA DOS ANXELES BORREGUERO 401

O neno creador, por LOIS VÁZQUEZ 413

López Ferreiro e a historiografía galega, por RAMÓN VILLARES PAZ 425

Diglosia e historia, por RAFAEL CHACÓN CALVAR 442

As revoltas preindustriáis en Galicia: O Ludismo, por LUIS ALONSO ÁLVAREZ 453

ESCOLMA

Novos poemas galegos, por GERALD DENLEY 463

Boris Vian, no vinte cabodano da súa morte, Trad. de XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ 471

Un conto de misterio, por XESÚS FERNÁNDEZ FERREIRO 478

Responso pra Celso Emilio Ferreiro, por LOIS VÁZQUEZ 480

PENEIRA DOS DÍAS

Santoro, apelido, por FROILÁN LÓPEZ 482

Rosalía no Ano Internacional do Neno, por MARINO DÓNEGA 485

Teoría da lingua galega en Xan Vicente Viqueira, por CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ 489

Aspectos económicos do galeguismo na Segunda República, por XAVIER CASTRO 495

LIBROS, por *Xosé M.ª Álvarez Cáccamo, S. L., Claudio Rodríguez Fer, M. Dumbría e Cosme Barreiros* 506

O REGO DA CULTURA 515



PIERRE EMMANUEL

CARTA A PIERRE EMMANUEL

Gracias, querido Pierre, polo envío do teu derradeiro libro, *Una ou la mort la vie*. Como sempre que recibo algunha obra tua, ou cando teño ocasión de falar persoalmente contigo, ahí en París, ou en Bad Godesberg, ou en Aspen (¿lembras, amigo, aquéles fermosos días?) unha onda de inquedanza metafísica, de desacougo trans-racional, asolaga o meu espírito. Con ela vai decote, sin negala, antes ben, acrecendo a súa enerxía removedora, outra onda, ésta de paz, de sosego. De sensación de plenitude. Sexamos exactos: de aprensión de plenitude. No fondo, é como unha ledicia que está a rentes de se realizar, pro que aínda non chegóu a manifestarse. É unha ledicia incoada.

¿De ónde arrinca este complexo estado de ánimo?

Ao meu ver, de duas instancias. Unha: que tí e máis eu temos vivido intres de inquisición, de preguntas radicáis, que nos son comúns. Máis que intres, paréceme que é un estado constante. Preguntamos, inquirimos arreo, con palabras ou sin elas, arredor das mesmas cuestións, arredor de iguáis problemas.

Outra: que as tales preguntas van, ineluctabelmente, ás raiceiras. A unha raiceira. ¿Coál? Esta: a siñificación última do amor na súa totalidade psicofísica, na súa enteireza humana. E, por extensión, a pescudar si hai algo que trabe o acto erótico coa morte, e que non veña ser o que unha e outra vegada se nos leva dito, dende Schoppenhauer deica Bataille, ou si che place máis, dende Sade deica Lawrence.

Así, pois, tí e máis eu converxemos. Tí, dende as misteriosas entranas da creación poética. Eu, no chan inmediato dos feitos antropolóxicos. Quero decir con esto, xa se comprende, que tí levas a dianteira. E, con ela, o drama mesmo das incógnitas. Os teus límites non son límites: son absolutos sin fondo. Os meus, pola contra, son terreos ben alindados. Aínda que o drama sexa o mesmo.

E imos co teu libro. Á poesía —dices— debe serlle recoñecido o seu estatuto de outa forma do coñecimento. O coal equivale a entregar ao ser do home a súa perdida identidade. Hai unha uni-

dade inicial —"Una"— que se manifesta a través do corpo. O corpo fala, expresa sentires, e máis que sentires. O corpo ten sustancia locutiva. Nós, os curadores, sabémolo ben. Tí, a partir da tua visión poética, chegas a unha conclusión: "O corpo é a língua universal". De ahí a calidade erótica de certos poemas. Coalidade erótica. Enténdeme ben: nin lúbrica, nin de sabidurías. Ren de entrambilicados psicoloxismos, por profundadores que pretendan ser. Si tí escribes

que ele —o amante— extraiga o orixen dende os teus ollos

ou

que todo o ceo xire arredor do sexo
e que do teu placer como do horizonte
se eleve a liturxia das constelacións

non estás a facer erotismo, nin sexismo. Estás, pola contra, a sinalar cara certas virtudes comunicativas moitos máis alá do que os propios versos manifestan.

Así, o home que cae sobor da muller no acto amoroso e á que tí, poeta, pides que nono refugue. As mans da muller son a copa onde ele, o varón, recolle aquélo que aínda lle queda de dozura na faciana e no corpo, despois da loita cotián, e que non acepta envellecer:

Tí sintes o agotamento que o desploma sobor de sí
Como si te furara para en tí desmoronarse.

O amor concurre á fusión. E a fusión concurre á asimilación de cada ún dos membros da parella no outro. Hai como unha transmutación. Como unha in-corporación. Como unha comunión.

E a in-corporación somentes se conquire, cáseque definitivamente, no banquete amoroso. Na comunión amorosa:

Decir ámote é decir mánxote
E non querer outra cousa que ser manxado por tí.
Non debe subsistir ren que distraiga
A dous famentos que saben que estar xuntos
É sin dúbida a fame bulímica de sí mesmo.

A súa carne quere (se rêpaitre) dende antes do ser
Ao non poder aturar a nada antes de sí.

Incorporación que chega deica a transformación total da materia para fundirse nos seus primarios elementos:

Entregádevos á gabanza —dende o humor das mucosas—
Da sagra nostalxia do océano dentro de vós.

Xa estamos nos comenzos. Recordemos a Empédocles: "Eu xa fun rapaz, e rapaza, e alibustre, e paxaro, e calado peixe —fixémonos ben, calado peixe— que choutóu para fora da mar; (éxalos éllopos ichthýs).

Son os orixes. Neles, asegún o grego, dominan o amor e o odio.

Tí pescudas na furia erótica. Na que loita coa carraxe primixenia. Na que fai posibel a creación. A que leva, por contraste necesario, á destrucción, á entrega total. Á unidade inapelabel —"Una"—. Á morte. Ás leiras da morte. Aos eidos da morte que teñen, dentro de sí, todas as imaxinabels mudanzas orgánicas, a partir das coales camiñamos logo ao ser inmarcesibel e impensabel.

Mais a alma e o corpo, decote cinguidos, endexamáis acaban de atoparse. Endexamáis concluien por ser unha e a mesma cousa. Pro,

A alma e o corpo cada ún polo seu lado
Han perderse de vista na pescuda
Da súa identidade primordial.

Veleiquí, pois, a morte como cumplimento absoluto do amor humano. A morte e a vida como síntesis superior. Deica aquí imos ben. Mais agora compre preguntar: e esa síntesis superior, ¿qué siñifica? ¿Hacia ónde vai? ¿Qué é o que ela quere manifestar? ¿Coál é a súa palabra? E entón, todos calamos. Nós, os biólogos, con mudez definitiva. Vós, os poetas, coa sospeita de que algún día acadaredes resposta. Eso é o que se transparenta no teu libro. El é como a filigrana do papel, que non impide ver o texto, pro que nele se insinúa e, por modo inesplicabel, o domina.

E namentras a resposta non chega, outra cousa sostén a espera. Esa outra cousa chámase confianza, deixarse ir, conceder marxen de optimismo ao que se non coñece. Ou sexa, á transcendencia. Tí, amigo Pierre, andas ateigado, eu afirmo que asolagado, pola vivencia da transcendencia, do máis alá incomensurabel que semella arrodearnos a cada intre. (¡Aquéla monxiña que agoniaba no Hospital, perto do teu leito de doente grave, e que repetía incansabel, "¡Oh, my Lord!", deica que lle chegóu o último suspiro, deixoute marcado).

Tí eres un home crucificado pola tua propia fe. Nela mergullas o corazón e a intelixencia. Nela pescudas o exercicio da sensibilidade. E cando perdes pé, cando a tua entrega semella desnortarse e buligar inqueda, botas man de todas as formas do amor. Do amor de home e muller. Do amor do home a Deus. O resultado velahí está, nesta tua derradeira obra, tan tremecente, tan cálida e tan berradora. Tan sincera.

Como o foi a anterior, o famoso *Tu*, no que á voz da criatura humana se suma a voz de Deus. Unha voz ren solemne, e sí moi inquedante porque, ás vegadas, dá a impresión de que se non escoita, de que está ausente, ou de que non quere falar. E entón tí, tí amigo Pierre, caíche en alporizamento, urrache desesperado. Soupeche que, en moitas vegadas —¿en todas?— o home é o mal:

O meu mal é a miña unción.

E para liberarte da lixadura dirixíches os ollos, outra vez, e sempre, aos principios, aos orixes. Pro nos orixes está o Ser, e o Ser non se comprende:

¿Qué é eso,
qué é ser? unha testa, un corazón, as entranas, uns pensamentos pequenos, a fogo lento ensumidas.

Todo é ren. Un lene tremecer, unha onda fuxidía e, fatalmente, o esvaecer para sempre xamáis. As miñas emocións foron e xa non son, nin nunca voltarán:

Eu son o sistema nervioso da nada.

E a morte convírtenos en irmáns:

Milleiros de milleiros de millóns de homes
unha soia agonía

soberbio decir que resume, tráxicamente, todas as menesterosidades nunha menesterosidade única e atroz.

Por ahí marchóu a tua inquisición. A inquisición do inentendibel, que foi en tempos chama, que é chama que os ollos do home atizan. Unha moi estrana fogueira que á criatura humana

a queima sin consumila

Un lume sin nome, ou con un nome indicibel:

Ese Nome é a identidade
Do Idéntico.

E por ahí, por ese carreiro, acadache a silueta de Deus, do Innombrabel, do Presentido, do que fala sin falar. De sútaque, todo quedóu alumeado, e os enigmas, sin deixar de selo, tiveron faciana repousadora. Non resisto á tentación de recordarche algúns versos esencialmente siñificativos, esencialmente reveladores do teu achádego:

Pro, ¿qué importa, no fondo, o Cándo, o Cómo? eu fun
aclarado moito antes de comprender.
Eu estaba a Tí presente na tua soia Presencia moito antes que
un eu me houbera de Tí dividido.
Moito antes que o ser en mín fora memoria, cando eu era
aínda o verme primordial
O Orixe, a sangue zuga océano.
Antes da célula-nai inicial, do espasmo cósmico imperceptibel que
fende
O Un,
E xa o ser dixire e pulula.
Antes de que ren sexa, eu son en Tí para sempre. Cando xa ren
é antes que ren sexa
Eu agardo en Tí.
¿Qué é morrer Qué é nacer
Porque soio Tí es?

Deica aquí tiñas chegado. Andabas, pois, distendido. O teu ser íntimo sufría os purróns contradictorios que todos levamos den-

tro e que se inician cos da materia e o espírito. Con todo, o canto dos teus beizos foi sempre un canto contido, frenado, no que a enerxía da locución está somentes presente na tensión das verbas que non rematan de explotar. Eras —eres— un poeta de contencións apasionadas. Eras —eres— un creador sin xestos desmesurados e, por eso mesmo, moito máis impresionantes, moito máis convincentes.

O teu *Una la mort la vie* é un intento de armonización. De xustificación. E de ampliación do terreo xa ganado. Desexas dar forma intelixibel ás tuas descobertas anteriores. Otorgarlles dinidade humana.

Mais non esquezamos o drama. ¡Cántas conversas nosas non foron outra cousa que o testemuño dos tiróns que te dislocaban a alma! Eu teño os meus, por sabido. Sin dúbida andan ben perto dos teus. O que sucede é que eu non dispoño da emoción poética para conferir forma sensibel ao que me zuga e me rilla día a día. Son, nese vieiro, un silencioso. A miña pasión e o meu alporizamento, as miñas fluctuacións, os meus entusiasmos e os meus desalentos, non teñen perfil poético, esto é, creador. Ou o teñen somentes nos recunchos máis gardados da miña intimidade. Daquela intimidade onde o corazón cobra mantenza e a razón fundamento. Por eso ademiro tanto o que tí escribes. Porque é como si eu mesmo atinara a escribilo nun rapto de sonámbula inspiración.

Nos teus poemas atopo eu o meu ser. Atópome. As congostras que tí andas son as que eu trato de andar. As corredoiras que tí tripas son as corredoiras que eu desexo tripar. Os vieiros da imensa Natureza —eses vieiros dos que Céline decía que non levaban a ningures— son os vieiros que conducen a algún sagro sitio, somentes presentido, no que eu desexaría acompañarte.

Pouco a pouco, devagariño, fuches rubindo as encostas e ollando para a sospeita da luz. Para a visión da luz que é máis ben como un relembro doutra edade fora do tempo, cecáis nunca vivida. A luz primixenia. A luz da mística unidade. A luz do comenzo. A luz da síntesis total. Esa luz que dá conta do que sucede, do que sucedéu e do que ha suceder. A que traspasa o corpo e lle confire perfil, culto, presencia, realidade. A que é capaz de ligar estreitamente a materia orgánica coa invisíbel entidade do espiritoal. E, por ende, a que nos certifica da posibilidade, aínda non acadada, do amor sin cercas. O amor que funde, que anula e que unifica. O amor —"Una la mort la vie"— no —"Tu"—.

Pro unha vegada máis, démoslle nova volta ao amor, a ese amor-clave das tuas pescudas. O amor que, repitámolo, unifica.

Identificar, equivale a facer idénticas duas cousas que nono son, pero que arelan selo. Veleiquí o proceso de toda comunicación e de toda entrega. Escoménzase por un desexo, síguese pola realización dele, e remátase pola insatisfacción, pois compre algo máis, algo que, dalgún modo, resulte a acabación sin reservas do mixturarse o ún no outro que todo pulo erótico reclama. Dito doutro

xeito: compre asimilar ao outro para que veña ao noso ser —do que, por outra banda, apenas coñecemos ren— e con el faga unha única sustancia.

Dous procedimentos, dous sistemas hai pra chegar a tal anonadamento. Ún, o penetrar nos fondales da compaña amorosa dende a palabra que convence e que apropia. No fluir das verbas reside certo encantamento posesivo. É o remuíño vertixinoxo do discurso que nos conduce e nos aniquila nas reviravoltas por el construídas. A cadencia dos sons articulados acariña a nosa pel e ríndenos. Dende ese intre, o que escoita —aquél a quén a palabra invade— queda asoballádo. O mesmo que acontece co que produce as palabras, el é tamén criatura poseída polos seus propios decires.

O poema é, pois, un verme rillador que nos parasita. El vai dentro da nosa intimidade e nela fai niño, burato escondido, cova ignorada. E cando nos decatamos, cando se decata o que fala, o que estima que o outro xa non é ren, dá coa sorpresa de atoparse el, el, o falador, o falangueiro, nos recunchos do outro. Nós somos o verme no noso amor, e o poeta é a larva enquistada da pasión que desatóu.

O outro xeito de anonadamento é o paso da morte. O pasamento. Nele, o debullar das palabras apenas é audibel. E son varias as voces que entón falan. Para tí, poeta, —e tamén para mín— é a túa voz, a da amada, a da amada en tí feita soño, e a tua na amada feita revelación. A morte é unha Coral que endexamáis acaba porque, silandeira de seu, prosigue máis alá de toda descomposición, máis alá de toda desintegración, no humus recobrado, na fervedeira orgánica da materia innominada. Entón, tí, amigo Pierre, tí afirmas:

A morte é un diálogo múltiple
Entre tí mesmo e o outro tí e tí
Pero non é terribel é un abismo de tenrura
Aberto en vós e de algún xeito máis alá
Do que creíades ser o ún para o outro
O que cada ún creía ser para sí.

Un diálogo, unha conversa que agora ten lugar no seo mesmo da materia, dalgún xeito transcendida. A pasión amorosa acadóu o seu obxetivo. A pasión amorosa chegóu ao máximo cumio da fusión erótica. O que alí hai —dous despoxos trabados e indiscernibels— é a configuración última do parladoiro posesivo, da furia xenesíaca, da alporización asimiladora. Dous amantes que xa non son nin ún. Que xa non son ren. E por eso son todo. "Polvo enamorado", dirá Quevedo. Cúmplese así, máis que unha arela, unha esperanza. A irracional esperanza que, pénsase, haberá de desembocar, ou de alumear, na nova existencia. Na do Ún indecibel. Na luz de Deus.

A esperanza natal de reconciliar
A alma e o corpo nún amor fidel

dirás tí.

E por eso:

Será preciso que ao final se aperten
Aínda que soio sexa no acto de morrer.

Veleiquí o camiño percorrido. O teu individual camiño, amigo Pierre. Camiño de anguria, de insatisfacción e de realidades entrevistas. O teu camiño de poética fecundidade. Moitos libros levas escrito. Ningún ten verdadeira acabación. Pois sempre queda algo por decir. Algo por albiscar. Algo por afirmar, e algo por dubidar. E así é agora, e así será sempre, namentras o teu pensamento loite co indecibel. Namentras o teu espíritu tente apreixar certos infinitos. Namentras o teu corazón treme de gozo polo espectáculo do mundo —¿lembras a nosa ledicia, alá en Aspen, perto das Montañas Rocosas, na paseata polas orelas do Castle Creek?—. E namentras a tua alma brite, altiva e asolagada a un tempo, coa miseria do home, coa cegueira do home, coa dor do home. Coas arelas metafísicas do home. Cos lóstregos eróticos do home. Coas nostalxias e os pulos unificantes do home. Co amor, tantas vegadas inconfesado, a aquélo que se sinte e se presinte pro que non remata de apalparse, de tocarse, de dominarse. Co ineludibel patrimonio do home. O teu. O meu. O de todos.

Namentras a tua alma brite, amigo entranabel, cos misterios e coas imposibilidades. Cos misterios e as imposibilidades que somentes un poeta ten dereito a sondear e a expresar.

Unha forte aperta.

DOMINGO GARCÍA-SABELL
A Coruña

Celso Emilio Ferreiro no ano 1946. (Dibuxo de Xaime Illa)

GALICIA NA POESÍA DE CELSO EMILIO FERREIRO

En Vigo, onde pasaba os días estiváis, finóu súpetamente o poeta Celso Emilio Ferreiro. Era o autor de *Longa noite de pedra* un poeta civil e agonista, sin apenas nada de recuado, poeta da nosa época baticada e sangrante.

Cun fondo de tradición, pero sempre do tempo que vivimos, Ferreiro distinguiuse por certo énfasis menor e pola xeometría precisa da métrica. Traducíu a emoción social do seu país, conservándose personalista, lírico. mesmo cando intentaba as esculturas verbáis.

A súa é unha poesía que se dirixía ao pobo, que tencionaba interpretar os debezos de xusticia da xente galega, sin pedir altavoz. Destacan nela os reflexos peculiares do home, a reacción que no home-poeta produce o tema das angurias que Galicia anda a sofrir.

Na súa terra atopóu Celso Emilio Ferreiro os elementos nutritivos da poesía nas súas diversas fases: a emotiva, a costumista, a social. O que representa é a natureza do noso mundo popular e unha alporizada rebeldía contra os procederes inxustos. Con todo, o seu idioma foi sempre máis lírico que épico, mesmamente porque cantóu a unha terra que se caracteriza polo seu lirismo.

Non foi, xa que logo, un poeta amoroso. Pero nalgúns dos seus poemas pode descobrírese unha teima constante polo amor.

Como homenaxe ao poeta que acaba de desaparecer, publicamos hoxe en "Grial" o seguinte interesante estudo interpretativo, que sobre a súa obra, escribíu María dos Anxos Borreguero.

1. A FALA

Galicia é. entre outras cousas, pra C. E. F. a fala: a que adeprendéu de neno e na que medróu. Fala que é o reflexo mesmo da terra porque dela nacéu.

"A terra fixose nil verbo armoñoso
transustanciado en música pra darnos
a dimensión esacta dos camiños,
dos ventos e solpores,
das mañás transparentes
e das escuras noites da intrahistoria.
Pasade caladiños,
Estades diante a Fala,
descubrídevos."

(*O petrucio,* C. P.)

Polo tanto é a língua que o reafirma nas súas raizames:

"Falar a fala nai
a fala dos abós que temos mortos."

(*Deitado frente ao mar,* L. N. P.)

E no seu destino:

"Eu fáloa porque sí, porque me gosta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa." (id.)

Lembremos a Curros Enríquez que neste senso dixo:

"Fala da miña nai, fala armoñosa,
en que o rogo dos tristes rube ó ceo
i en que descende a prácida esperanza
ós afogados e doridos peitos;
Fala dos meus abós, fala en que os parias,
de tréboa e polvo e de sudor cubertos,
piden á terra o grau da cór de sangue
que ha de cebar a besta do laudemio...
.....
Idioma en que garrulan os páxaros,
en que falan os ánxeles ós nenos,
en que as fontes solouzan, e marmullan
entre os follosos álbores os ventos.

Por estas razóns exprésase C. E. F. en galego e así nolo dí, empregando palabras coloquiáis pra amosar o sinxelo da súa motivación:

"Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gosta,
porque me peta e quero e dame a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo" (id.)

É a língua que tanto a Curros como a C. E. F. lles permite estar perto da súa terra e erguer a súa protesta no nome dos que sofren:

"Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño..." (id.)

Curros dí:

"No teu nome, por terras e por mares
ofreceréi paz e salú ós enfermos
falaréilles da patria ós desterrados,
de libertade e redención ós servos."

2. A PAISAXE

Toda descrición da paisaxe é descrición da terra galega. Sempre que se refire a ela xurde unha paisaxe fermosa en sí e embelecida pola lembranza.

Trátase da paisaxe máis conectada íntimamente ao poeta, na que vivíu a súa nenez: a de montaña. De ahí a frecuencia de referencias ao albre, ao vento, á chuvia, á pedra..., elementos que se combinan en calquera paisaxe galega. Hai outros como a néboa, as fontes, etc... que o fan con frecuencia. Noustante, a mar non aparece. Sempre que se refire a ela é como camiño polo que se vai a outras terras:

"Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño..."

Aparecen os ríos, os regueiros, os riachos. O río é elemento que lle sirve de punto de comparanza co tempo, como veremos máis adiante. (*Loubanza do Pai Miño*).

O Albre

Parte principal da paisaxe galega, sírvelle a C. E. F. de punto de referencia pra definir preocupacións ou "vivencias íntimas". Nunha ocasión, el mesmo defínese como un albre:

"Olláime ben, eu son un arbre triste"
(*Olláime ben,* O. S. S.)

Outra vez é a morte:

"A morte é coma un árbol
sementado por ún."
(*O árbol,* L. N. P.)

Noutro lugar é Galicia mesma:

"Arbre antigo, Galicia
fendérono as machadas."
(*Limiar,* V. P. A.)

Por último, C. E. F. ten unha *Teoría do arbre* (V. P. A.) según a cal o albre é partícipe de toda a vida do home, desde o seu berce deica o seu cadaleito.

O poema remata así:

"O mundo semella un arbre
prantado no firmamento.
A vida parece un arbre,
no medio tan soio o vento."

O Vento

É outro dos elementos da paisaxe que aparece reiteradamente. É o motivo da primeira pregunta que se plantea o neno: ante a morea de sensacións que recibe da paisaxe, é o vento o que o inqueda. O poema *O neno preguntaba* (O. S. S.) remata así:

"O neno preguntaba,
pero o vento
fuxía indiferente pola gándara."

É a primeira pregunta que non ten resposta.

O vento é o eterno observador do mundo e leva consigo un cansacio de séculos:

"O vento quer facer eiquí o seu niño
nun segredo remanso,
porque o vento é moi vello
i está canso."

(*O vento*, V. P. A.)

En *Onde o mundo se chama Celanova*, hai unha lembranza específica ao vento da súa terra natal:

"Celanova ten un vento,
Celanova un vento ten,
un vento peleriñante,
un vento que vai e ven."

(*Cantiga pra durmir a un neno*)

Poema que adoita xeito de nana cantada ao neno que non se durme pola inquietude que lle produce o vento. Soio cando o vento se durme, o neno tranquilízase:

"I o vento que rebulía,
Celanova xa o non ten.
O meu neno está durmido
i o vento durmíu tamén."

Ao cabo, o vento recolle a xenreira do pobo cando non atopa resposta ás súas preguntas:

"a carraxe concentrada no vento."

(*Vento do pobo*)

Si o vento foi a causa da primeira pregunta, agora é a pregunta mesma dun pobo e a resposta:

"A xente trocóuse en pobo i o pobo perguntaba,
e cada vez máis pobo, e cada vez máis pobo,
moitedumes de pobo perguntando,
e cada vez máis vento, e cada vez máis vento,
moitedumes de vento perguntando.
Entón, o vento do pobo foi a resposta." (*id.*)

A Chuvia

As alusións á chuvia tamborilando nos cristáis son constantes: "repenica", "trouquelea", "redobra"...

O poema "A chuvia" descríbenola magníficamente:

"Descende
con vaguedá de neve perguizosa,
tacto impalpábel,
os ollos acariña e constrúe
paisaxes submariños."

A saudade é como unha chuvia interior:

"E non podo seguir porque me chove
unha serán de outono alá moi dentro."

A paisaxe que C. E. F. describe é sempre neboenta, esvaída, outoniza: o sol case sempre é crepuscular, o fume que rube dos tellados faino de vagariño e as córes son acordes con esa serenidade que emana da paisaxe: verde, azul, branco, prata e ouro ou dourado. Nunca córes estridentes.

Según Rof Carballo, "a paisaxe exerce sobre o home galego unha acción constante, en primeiro lugar porque a vida do home galego está máis afincada na natureza que na sociedade; pende máis do ambiente cósmico que do ambiente social. Por esta convivencia coa natureza prodúcese o que eles chaman "a espiritualización dunha paisaxe". A paisaxe, transformándose deste xeito de escenario obxetivo en realidade sentimentalmente estimada, vólvese realidade espiritual, real, íntima e profunda da vida do home galego, independente e anterior a calquera outra contemplación ou valoración estética.

A paisaxe pra os homes con paisaxe "dentro" non é soio un misterio sinón un misterio personal. Non é a paisaxe expresión variada e multiforme da natureza sinón que é a paisaxe que "eu levo dentro de min". Polo tanto pra este tipo de homes, crarexar o misterio da paisaxe é pouco máis ou menos que crarexar o misterio do home.

Pra uns a paisaxe é unha interpretación da natureza polo home; pra outros algo que, por fundamentar ao home, ten que ser interpretado. Si a paisaxe é un misterio ha ser descifrado.

¿Cómo se adentra a paisaxe no ser humano? ¿Cómo nace na intimidade do home? Confundido coas primeiras lembranzas infantís.

A paisaxe ao neno ofréceselle como algo contínuo, sin perfís, sin estruturar. Adeprende a estruturar a medida que os demáis llo ensinan, ou que lle ensinan a necesidade de estruturar a paisaxe. Antes desta estruturación, a paisaxe opera sobre nós en forma preorganizada, amorfa.

A visión do neno é semellante á do pintor impresionista i é que éste leva a cabo o que os psicoanalistas chaman unha regresión, é decir, regresa en certo xeito a unha certa calidade infantil da mirada."

A infancia de C. E. F. está en íntima conexión coa paisaxe da súa terra. No poema *Paisaxe con figura* (O. M. C.) ollamos a lembranza dunha paisaxe que quedóu grabada na memoria do poeta con esa forma sin perfís e contínua de que nos fala Rof:

"E véxome rubir, neno que eu era,
montado nun burriño, costa enriba,
camiño de Acebedo onde mouraba
toda a infancia miña.
No outo de Penagache branquexaba a neve
e morría o outono.

A serán e a paisaxe, irmás xemeas,
esvaíanse nos bosques de ouro."

En primeiro lugar, ollamos que se trata dunha paisaxe esvaída. Soio observamos que se trata dunha paisaxe de montaña. Por outra banda, hai somente dous toques de color: "branquexaba" e "de ouro", que dan ese carácter impresionista ao cadro.

Noutro poema dí:

"Daquil perdido Edén soio me queda,
na néboa da memoria, un hórreo".

(*O hórreo*, L. N. P.)

Trátase, pois, de lembranzas da infancia en íntima unión coa paisaxe. Á súa vez, ésta preséntase de xeito amorfo porque así se adentróu na intimidade do neno, a pesares de que o tempo limara os perfís na memoria do poeta.

Sigue decindo Rof: "Máis tarde, os primeiros pasos na vida dámolos sempre en compaña máis aínda que dos amigos, dunha paisaxe.

Pra que o home seña verdadeiramente humano, tan importantes como as relacións cos outros homes son as súas relacións coas cousas, singularmente coas cousas vivas. Hai tres ordes de estímulos que nos fan, aos que debemos canto somos: os signos impalpables que recibimos das persoas, os que emiten os obxetos inanimados, os que transmiten os seres vivos, plantas e animáis".

O estímulo da paisaxe é constante en C. E. F.; sempre que se refire á súa infancia ou mocedade xurde a lembranza da paisaxe que as enmarcóu:

"Ouh, largasío val de Celanova
que o meu amor de neno acariñache
con sombras de outros páxaros e ventos
cantando polos boscos"

(*O Val*, O. S. S.)

Según Rof, "a paisaxe está moito antes do pensamento. Non é o home o que crea a paisaxe, sinón a paisaxe a que fai ao home. A paisaxe fainos moito antes de que señamos capaces de pensar e ata de que señamos capaces de ver. Quezáis esteña xa en nós aínda antes de nacer: a paisaxe internalízase, introdúcese na propia organización de neuronas en virtude de procesos que duraron milenios. No máis profundo da alma do home, hai unha dimensión vivificante da súa humanidade que se perde si se perde o contacto coa terra. O cal realízase primeiro por intermedio do mundo vexetal; en segundo lugar, por mediación da muller.

Si pra que o home seña verdadeiramente humano é importante a súa relación coas cousas, singularmente coas cousas vivas, non hai que esquecer que esta relación faise fundamentalmente a traveso da muller, esto é, ante todo da nai. Unha das misións da muller en relación co home é retornalo ás raíces da terra, facerlle sentir cando o esquecéu ou está a piques de esquecer o vencello telúrico, tónica

do espíritu, o seu arraizamento no vexetal. Unha muller sin obxetos arredor, sin paisaxe, parécenos un ser deshumanizado.

A comunión do home coa terra xenitriz, diante de todo co mundo vexetal que é pra o home a forma na que se lle volve visible a coalidade procreadora e multiforme da terra, faise por intermedio da muller. Por eso é tan importante que a muller teña ao seu redor paisaxe: esto é cousas a ser posible vivas.

A nai é, por esencia, aquelo co que estabamos entrañablemente vencellados pro que inexorablemente se alonxa. Inexorable a realidade aparece ante o home primixeniamente na forma da nai que se alonxa. A "lonxanía azul" será pra o home xa equivalente á nai que se alonxóu. O home medra, faise home ante os seus obxetos predilectos e as lonxanías soñadas e anguriosas, horizonte cara o que a nai estáse constantemente alonxando."

Podemos observar na elexía de C. E. F. á súa nai, *Nai* (O. S. S.) cómo o poeta chora pola soedade na que o sumíu a partida do ser querido; pola perda da unión entrañable coa súa nai:

"Agora estóu soliño,
orfo de beixos tépedos sin mácula.
Choro por min que xa non teño colo
para pousarme nil coma nun niño,
miña nai imposíbel, viva e morta
no cristal dos meus ollos."

Curros Enríquez fálanos tamén dun sentimento semellante en *Na morte da miña nai*:

"¡Xa outro (colo) non teño en que pousala frente,
polas arrigas do pesar sulcada;
xa outro (colo) non teño que amargura enxugue
das miñas bágoas!"

Unha vez máis, o albre é o termo de comparanza dunha situación do poeta porque forma parte da "súa paisaxe":

"Choro por mín, cun pranto inconsolábel,
que me quedéi sin ti, meu limpo espello,
coma un arbre na noite, soio e núo,
fendido polo cerne, coas raíces
sin os doces segredos das violedas."

(*Nai*, O. S. S.)

As constantes comparanzas con elementos da paisaxe amosan esa conexión coa terra, na cal a nai xogóu un importante papel mediador, tal como Rof dí.

A muller, desde a nai á esposa, a hirmá ou a filla, é o eslabón que mantén C. E. F. conectado á súa orixe, á terra:

"Eiquí estóu i estaréi por toda a vida,
agora un home, mañá cinza de estrela,
sempre fidel á frol dos meus amores,
muller, irmá e nai, esposa e filla,

catro voces nun beixo, catro patrias
nunha soia bandeira estremecida."

(*Muller*, O. S. S.)

O libro *Onde o mundo se chama Celanova* é o libro da terra porque nel, o poeta volve a ela como retornando ás oríxens do seu ser, percurando o fundamento da vida que non atopóu en ningunha outra parte.

Xunto deste tema esencial, está o da muller, a esposa neste caso, de cuia man volve a atopar as súas raíces na terra. Si de neno foi a nai a que cumplíu este papel deixándoo nunha soedade existencial, desconectado das súas oríxes cando ela morréu, é agora a esposa a que volve á orixe do seu ser:

"Todo o meu ser está ligado á terra,
sábeme a terra todo na memoria,
terra o camiño, terra a miña historia,
terra esta voz que no deserto berra."

(*Terra*, O. M. C.)

De ahí eses poemas adicados á esposa, Moraima, que rematan co agradecimento por ter sido compañeira en terra extraña:

"Moraima, por seguir a miña roita
de poeta inconforme
viviche ó meu carón días amargos
de crudel desamparo en terra allea."

(*Noiteboa 1972*, O. M. C.)

Noutro poema, C. E. F. recoñece o vencello co verdadeiro das súas raíces que supuxo a cercanía da muller, a pesares de ter perdido outras moitas cousas:

"Perdín Granada,
pro non a tí,
Moraima.
Por eso non perdín
nada."

(*Marzo 1972*, O. M. C).

O agradecimento á esposa abrolla destes poemas finái s como recoñecimento á compañía e ao alento que dela obtén e por ser ao cabo a mediadora no reencontro coa terra.

Rof Carballo pensa que "pra o home galego a paisaxe máis que rostro é mirada sobre nós, e a historia, esa creación un pouco artificial da mente humana, é mera perspectiva no tempo que nada conta ante a eternidade da paisaxe. A paisaxe pra o home galego é sempre maná, signo do luminoso, sentido significante do ser, prelinguaxe.

Dí García-Sabell no seu estudo sobre o home galego enfermo, que éste cando ao morrer "devolve á terra co seu corpo a carga de felicidade que da terra recibíu" síntese en forma misteriosa como si fose por ela contemplado. Ela é agora "a miradora". Inmenso

consolo ante o enigma da morte ten o home galego na súa paisaxe."

Existe en C. E. F. ese desexo de se devolver á terra pra descansar nela pra sempre:

"Quero morrer eiquí; ser sementado
nesta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas."
(*Eiquí será,* O. M. C.)

Desexo que tamén podemos observar en Curros, galego co que C. E. F. ten tantos puntos en común:

"¡O terrón! Ay! A aldeiña
onde se nace e se crece,
que inda de lonxe parece
que nos acena e aloumiña!
¡O terrón, que cubre os osos
dos vellos que abandonamos,
e que con fondos recramos
chamando están polos nosos!
¡O terrón! Se a sorte cruel
me fai o mundo deixar
fora dél e do meu lar,
gallegos, ¡lévame a él-
¡Alí podréi descansar!"

En ambos existe ese desexo de se fundir coa terra natal pra dalgún xeito permanecer vivo nela.

C. E. F. dí que desexa "ser sementado" porque o seu corpo servirá pra que naza nova vida, e en *Loubanza do Pai Miño* así nolo dí:

"Tamén eu algún día
sombra seréi, pro sombra namorada,
e voltaréi a ti coas anduriñas
nunha outa mañán crara
pra ollarte pasar
—forte varón da auga—
i escoitar o teu canto de esperanza."

3. SAUDADE

Síntese sempre como soedade en relación a algo do que ún está privado ou alonxado.

Na poesía de C. E. F. hai saudade de dúas cousas que forman un todo na mente do poeta, como vimos: da súa terra e da súa nenez e mocedade. Por elo o alonxamento de Galicia xenera nel o sentimento de saudade da terra ao que vai íntimamente unido o da infancia, o da mocedade:

"Si digo Ourense xurde na lembranza
un tempo adolescente,

unha voz maternal e confidente,
unha perdida luz, unha arelanza."

(*Ao lonxe Ourense,* V. P. A.)

Hai un desexo de volver a ela que se pode rastrear ao longo de toda a obra:

"¿Cándo, meu tempo, cándo, levarásme
deica aquiles regatos choutadores
que aos ríos van cantando en romeiría
e chegan hasta a mar grande e lonxana
arrecendendo a toxos e ferrañas?"

(*O val,* O. S. S.)

En *Longa noite de pedra,* o poema *Desterro*:

"—Tamén eu,
irmá auga,
teño saudades
da nativa patria,
á que un día voltaréi
nunha caixa."

E en *Onde o mundo se chama Celanova,* o poema *Alma da terra*:

"Quero voltar a ti, nai garimosa,
colo natal, arxila rumorosa,
pra acalar esta anguria que me berra
dende o fondo da noite estrelecida."

O sentimento da saudade é definido así:

"Decía o desterrado:
Galicia é unha cousa
irreal e distante.
Estar lonxe dela
é unha cousa real
eiquí moi dentro."

(*Saudade*)

A saudade da terra chega a facerse sentimento compañeiro e habitual do poeta: poema *Boas noites, saudade*:

"Na paisaxe interior está nevando,
a brétema repousa nos espellos,
veñen unhas estranas volvoretas,
e ti, fidel amiga, non me deixas,
saudade, ortiga vella que a fortuna
sementóu no meu horto fai xa tempo."

(O. M. C.)

O recordo do tempo pasado é en primeiro lugar punto de referencia pra o presente:

"Espello meu, no que me estóu ollando
iste que agora son xa non esiste.

O tempo faise estatua na saudade
i eu morro de saudades cada intre."

(*Saudade,* O. S. S.)

O pasado inmovilízase no recordo e chega a sentir rencor hacia el porque foi xermen dun presente que non se realizóu:

"Sinto xenreira
de aquela mocedade, de aquil sono
que vai sobre o meu lombo coma un saco
de froles podrecendo."

(*Primavera inútil,* O. S. S.)

A mocedade constitue pra C. E. F. a edade das ilusións e inquedanzas frustradas pola guerra:

"Meu corazón, ¿ónde se foi a esperanza
dos verdes anos, i aquelas brancas,
fondas, tenras, outas inquedanzas?"

(*Cantiga de amor cicáis,* O. S. S.)

4. REIVINDICACIÓN

Galicia e fermosa na lembranza do poeta e temos visto xa que tódalas descripcións da paisaxe falan desa beleza. Pero a observación do poeta non se detén ahí sinón que penetra nesa paisaxe pra atopar ao home:

"mais debaixo de tanta fermosura
corre unha vea loira de tristeza
chorando luz con bágoas de saudade."

(*O tempo solprendido,* L. N. P.)

Así o poema no que glosa un titular do xornal "Faro de Vigo", *El hermoso rostro del país,* vai facendo notar que á beira da beleza escóndese a miseria, a fealdade:

"A miña terra é doce coma o mel,
PRO, a carón de tanta fermosura,
a miseria labróulle
un túnel amarguísimo na historia...
PRO, nos ollos dos meniños
hai unha tristura antiga
PRO, a inxusticia, proterva, dura, fonda,
vai furando
o corazón dos homes...
PRO, a mocedá fuxe dela
en busca de outra terra..."

Igualmente cando se dirixe a un pintor galego, pídelle que non esqueza a dór que hai tras da beleza da terra:

"O rosto do país é moi fermoso,
a máscara da terra é gasalleira,
pro, por debaixo dela
hai un suco de bágoas."

O poeta é por tanto consciente de que tanto a dór como a beleza son integrantes da paisaxe. Por eso, nas súas palabras á mocedade desprecia o falso optimismo e recomenda inconformismo:

"Non, non, debedes decir
aos que minten por oficio.
A verdá, soio a verdá
da terra na que vivimos,
labrada en berros de lume,
nascida en berce cativo.
A verdá, soio a verdá
da terra na que nascimos."

(*Prá mocedade*, V. P. A.)

Contra dos que pretenden agachar a realidade, quedándose na tona da mesma, que por ser bela desfigura a verdade, C. E. F. pón ao descoberto a parte agachada. É deste xeito como C. E. F. demostra o seu compromiso co home galego. Coñece ao seu pobo e coñece os males que o aflixen, por elo convídao a camiñar na esperanza:

"Pobo meu: pois que cantas,
érguete e anda."

(*Canción*, V. P. A.)

Galicia cantóu e bailóu ao son da sumisión. Pero xa chegóu a hora de bailar ao son doutras músicas:

"Xa rematóu a festa,
agora non bailamos
nin o ailalalelo,
nin o ailalalalo,
que bailamos a danza
dos libres homes bravos:
testa erguida, voz rexa,
duro andar, firme paso,
camiño do futuro,
brazo con brazo,
todos xuntos
cantando."

(*Muiñeira rebelde*, T. N.)

MARÍA DOS ANXELES BORREGUERO
Madrid

O NENO CREADOR

Aos pais, neste *Ano do Neno* 1979

CREATIVIDADE, CREACIÓN E RECREACIÓN POÉTICA DO NENO

Estas tres verbas son relacionáis, pero específicamente diversas. Creatividade é capacidade creadora que sóio adequire realidade artística cando chega a ser realización persoal. A creatividade, tan de moda hoxendía, pode convertirse en verdadeira creación, se a vocación se cultiva con tenacidade e agarimo. A recreación (nas súas dúas significancias: voltar a crear e recrearse) supón o mellor emprego do tempo, do vagar.

As tres verbas, pois, estarán presidindo, ou centrando, o tema encol do neno e as súas capacidades expresivas, formativas, artísticas, boubantes. Encetando a creatividade, pode o neno chegar a ser creador, se está dirixindo a súa re-creación á libertade interior e a fai desfaldrar poéticamente.

É preciso que o neno aprenda a coñecerse, a recoñecer o seu corpo, antes de nada, cos seus cinco sentidos abraiantes; a coñecer o nome das cousas, a manexalas e manexarse no medio e arredor delas, a coñecer o que pode faguer co seu corpo (coas mans, os pés, os ollos, as orellas, o nariz e a boca), a desadormiñar a creación coa súa beleza sinxela (árbores, animáis, homes), pra chegar derradeiramente ao pórtico da Revelación.

O neno ten que ser educado "sensóreamente" denantes de falarlle da Revelación propiamente dita. Esta educación dos sentidos forma parte da súa educación pra a creatividade, pra a creación artística e pra a meirande re-creación. Todos somos responsables do porvir do neno. Unha nenez ricaz en descobrimentos positivos da bondade e beleza de sí mesmo, das cousas e de toda a creación circondante, non poderá menos de deixar olgas creadoras na súa concencia enxebre, xa pra sempre. Estóu convencido de que boa parte da falla de iniciativas nos mozos e nos homes provén da pobreza de olladas na súa educación de nenos.

Precisa tamén o neno encetarse afectivamente na língua e consolidarse na innata capacidade imaxinativa. Lonxe de acugulalo con normas e raciocinios (linguaxe do uso e do abuso na utilidade a cotío), compre arroupar ao neno coa tenrura e o abraiamento, posibilitando deste xeito a súa propia linguaxe imaxinandora: deiquí xurdirá a creatividade e o poder creador máis tarde.

O neno ten moitos dereitos. Máis aínda dos que están hoxe recoñecidos pola sociedade. Algúns son moitos máis seus. Os pais, pri-

meiros e privilexiados educadores, poden irllos concedendo con agarimo e con intelixencia. Tamén os mestres, cando xa van á escola.

A) AS PRIMEIRAS VERBAS

Soio o ser humán pode *falar* e dar sentido ás palabras. A función da palabra non é, pois, na súa esencia unha "función orgánica". (Anatómicamente, hai noutros animáis semellantes cousas que compoñen a palabra: cordas vocáis, pulmóns, língua, boca, aparato auditivo, estruturas cerebráis...). Emporiso, a posibilidade no animal non se fai verba intelixente e intelixíbel. A verba humana é unha chispa do espírito que soio o *homo sapiens* atesoura, antre milleiros de seres coñecidos no noso mundo.

A verba é verdadeiramente "o pórtico do universo humán". O home é o animal que fala: definición quizáis das máis precisas á hora de poñer valados antre os terreos específicamente humáns e os outros.

Téñense feito probas moi precisas, con *test*, antre animáis e nenos, deica faguer medrar xuntos, nas mesmas condicións, a un bebé de chimpancé e a un bebé humán. Ao principio todo era semellante antre os dous na maneira de comunicarse. Parece ser que de 9 a 18 meses non hai maiores diferencias, e pode semellar máis arteiro o chimpanceíño. Emporiso, o neno sostén a atención máis tempo. E, o que é máis importante, chega un intre no que o aprendizaxe do mono queda como entalado, mentras que o neno guíndase, despéchase cara o universo social e familiar, chegando á mesma realidade humana. Foi a linguaxe a que fixo dar ese brinco ao neno. O mecanismo do animal está avencellado ás emocións de cada intre e non sabe faguer uso do aprendizaxe fóra dunha situación concreta, pasaxeira.

As primeiras verbas do neno adequiren pronto a luz da intelixencia e, cando descobren o mundo humanizado, van aportando xa algo novo, algo seu, que non é mera copia. Cada neno pronuncia, sorrí, exprésase dunha maneira distinta. As verbas son o gran medio que o ser humán ten á súa disposición pra dominar o mundo, anque noutros aspectos instintivos ou sensoriáis foi considerado como "un animal doentiño".

A verba é o *siño* que nos avencella ao mundo, aos demáis e tamén ao Ser supremo, a Deus. O animal soio coñece o *siñal*, non o siño. Eiquí radica a diferencia fondamental. O animal vive situacións de intres, que se van esborrallando unha tras outra. A verba humana permite manter situacións, na *idea*, avencellada ao *sentimento* e á *sensación*, que forman un todo ricaz de contido espiritoal.

Os pais quedan abraiados cando escoitan as primeiras verbas dos seus nenos. E non é pra menos: están nacendo á vida humana, están humanizándose, socializándose, a partir dese intre decisivo da verba ceibemente proferida.

(Hoxe sábese que o *afásico*, o que non pode reter, nin memorizar, perde o sentido da unidade e da identidade do ser que ten

diante dos ollos, ou xa interiorizado. Está condeado a unha especie de vida vexetativa. Máis que enfermedade da linguaxe, é enfermedade da persoalidade).

Cada neno empeza, pois, no *orixen*. Cada *protoverba* é unha xénese, unha renascencia, un rexurdimento, onde a Humanidade volve a remocecer. Deste xeito, á vez que o neno recibe a herdanza cultural e lingüística tamén axuda a arrequentala, coa súa persoalidade ceibamente creadora. Cando empeza a *tomar a verba* empézaselle a trasmudar a realidade. A verba do neno é *índice de valor,* por eso entra en xogo a libertade, e a verba chega a ser eficaz e trasmudadora, non soio interpretativa do mundo.

Fixémonos agora nesto: a verba non somentes atesoura ideas, senón que asume tódalas perspectivas, desexos, sensacións, prospectivas, en estado nacente. A conciencia estrala cara afora, cara o mundo, cara a trascendencia. O neno verdadeiramente é un creador que empeza a manexar lumes, coores, sensacións, sentimentos, ideas, presaxios, vislumes... a través das súas verbas primeiras, *enxebremente súas.*

As primeiras verbas do neno, as da *língua materna,* son decisivas pra máis adiante. Por eso compre suliñar a importancia enorme que van ter as primeiras verbas en galego que o noso neno escoita dos beizos da nai, xa en marmurio, xa en cantigas ou arrolos, xa cando recibe as primeiras rifas, garimosas por outra banda. Esta língua materna terá unhas connotacións e resoancias vitáis, alumiadoras do universo humán, que ninguén poderá xa riscar. Os que nacemos ouvindo galego non poderemos xamáis esquecelo. E se, pola nosa formación, nos alonxamos del algún tempo, pronto resentimos a máis urxente necesidade de voltar ás súas fontes. Eu poido asegurar que redescobrín a língua materna galega na emigración, en París, cando convivín cos nosos emigrados, ben lexos, ben "noutro mundo", comparado co ambiente rural onde nacín. E xurdíu este descobrimento por *necesidade vital,* e tamén por avencellarme fondamente coa realidade humana dos nosos emigrados. Cando ún se encontra *aillado,* nun contexto cultural estrano, diante doutra língua que non se domina, *renace a língua materna* e non a *língua oficial.* Quero decir que hai algo asina como unha volta ao máis orixinario humán, ao que nos devolve o fogo sagro do lar, a seguridade afectiva, e tamén efectiva, das propias estruturas da comunicación, da verba que nos configuróu e a través da que fomos configurando a realidade de fóra e de dentro: o mundo unitario da conciencia.

B) A VERBA DO NENO É REALIDADE HUMANA, ENCONTRO, COMUNICACIÓN EXPRESIÓN E POESÍA

1. O neno empeza por *tomar a verba.* Eis un acto humán de primeira categoría. Neste acto humán non soio *repite,* remoza ou reproduce o que se lle dí, senón que xurde algo novo, único. A verba é síntoma dun estado interior, dunha iniciativa persoal, dun acto de libertade, dunha conciencia. A linguaxe recibida somentes

é esquema, esquelete, cadro que vai posibilitar a novedade creativa, a imaxinación creadora. As posibilidades son infindas. As línguas son realidades vivas, xa que logo, non letras disecadas nos diccionarios. A *língua viva,* a diferencia das *línguas mortas,* é língua de homes vivos, de nenos que encetan a vida, sempre en fervura. Os nenos e os escritores remozan a língua. Fixádevos, senón, na capacidade remozadora da nenez, nas súas "xenialidades", nas *imaxes verbáis* alabarantes. En cada situación maniféstase o neno coa súa capacidade creadora, falando, faguendo frases novas, orixináis, cheas de fonda significancia.

O neno vai descobrindo o mundo dende a linguaxe: nomea, precisa, decide, cobra conciencia, coñece, parolea. O nome crea a cousa dalgún xeito, e tamén a propia existencia persoal. Cando o neno di os seus estados de espírito, está orgaizando o propio desorden e acrarando as ambigüedades máis fondas: "Estóu maliño", "quero xugar", "son moi pequeniño", "teño sono", "teño fame"... Ao dar nome a eses enigmas fondos, o neno vence a incertidume, afiánzase, consolídase, sendo capaz de pensar o pasado e imaxinar o porvir.

Di *Georges Gusdorf,* nun libriño belido[1]: "O mesmo que cada verba ganada polo neno anchea o seu universo, igualmente o uso da verba no adulto non para de ofrecer unha contribución á existencia". Gardar o abraiamento primeiro da infancia sería dar ás nosas verbas a fondura poética que enchería de luz as nosas vidas. O *homo sapiens* sigue sendo *homo symbolicus* e "o símbolo, frente á entropía positiva do universo, levanta o dominio do *valor cimeiro* e fai o equilibrio no universo que pasa, por un Ser que non pasa, a quen pertenece a aterna Infancia, o eterno abrente, e o símbolo, xa que logo, desemboca nunha *teofanía*"[2]. O neno está moi perto da sabencia integral.

Dar nome —como é sabido— é chamar á existencia, faguer xurdir da nada. O que non ten ningún nome non pode existir en certo modo. Mesmo o Deus do Antigo Testamento, que é innomeábel ten que figurar na linguaxe humana como Iahvé. Nietzsche ten dito que a diferencia antre o xenio e o que nono é consiste en *dar nome* a cousas, a realidades que denantes estaban mudas: "o xenio consiste en ver algo que non ten inda nome, anque todo o mundo o teña diante dos ollos". Os xenios son, xa que logo, creadores, porque dan nome: atracción universal (Newton), relatividade (Einstein), etc. As verbas fan os feitos e definen as relacións nas que se desenrola o orden e orgaízase o mundo, a sociedade. O noso *espacio vital* é un espacio de verbas. Precisamos das verbas pra ser persoas, pra o noso equilibrio, pra sentirmonos queridos, pra saber que se conta con nós, pra que a vida familiar e nacional sexa posíbel. Poñer orden nas verbas é poñelo no pensamento e antre os homes. As verbas son a nosa riqueza meirande. O mundo créase a través da verba. Por ela viñemos ao mundo e o mundo ven ao pensamento e á sen-

---

[1] Georges Gusdorf, *La parole,* PUF, 1971.
[2] Gilbert Durand, *L'imagination symbolique,* PUF, 1968, p. 112.

sibilidade. ¡As verbas galegas forman parte da gran riqueza humana de Galicia!

O neno recibe unha linguaxe que é realidade humana trasformante. Na mocedade opoñeráse a ela e percurará a súa propia, a que lle parece máis auténtica. Pero non poderá saír dela.

A mentira é outra beira da parola. O neno pode ser engañado. Quen vive na mentira pode traspasala ao corazón do neno. ¡Chega o neno a un mundo, a unha carballeira donde as follas podres tapan a verdadeira beleza e verdade da verba afillante! As verbas do neno son sempre primeiras e configuradoras da súa propia interioridade.

2. O neno ábrese ao mundo e o mundo vaise abrindo a el, a través dos *demáis*. Fálase porque non se está soio. Mesmo no soliloquio sempre hai *outro eu*. O encontro dase na verba. O neniño recíbea dos seus pais, dos compañeiros, do seu pobo, o mesmo que recibe o alimento. Fala o neno, ao principio, en terceira persoa, como se tivera conciencia de ser parte dun grupo humán avencellado. A verba faise encontro, por ser común aos outros falantes. Pero se me dan a verba, xa me condicionan, xa me avencellan. ¿Cómo faguer que o neno siga inventando as súas verbas, se xa lle ofrecemos todo feito? Eiquí hai unha paradoxa. Non poderá ser orixinal o neno, se non somos capaces de deixarlle unha marxe de libertade e creatividade. Expresión e comunicación van cadreladas na linguaxe infantil. ¡O neno é poeta, porque non fala como todo o mundo! Compre deixalo, expresarse á súa maneira, pra que desenvolva a súa persoalidade imaxinante, creadora. E darlle medios concretos e posibilidades. E deixalo ser creador. E aloumiñar a súa innata capacidade poética. Hai que romper esa antinomia entre mundo interior i exterior e loitar deica atinguir a unidade primeira. A verba do neno debe ser encontro interpersoal: o que supón que o seu *eu*, a súa persoa, o seu ser fráxil (pero xa ricaz en posibilidades, xa creador, agarimado. Ao neno compre tomalo moi en serio cando estimado, agarimado. Ao neno compre tomalo moi en serio cando fala. Esa verba exprésao a si mesmo, vaino creando, á vez que nos vai comunicando algo seu, algo que xuzga importante. ¡Eo realmente pra el! Ao neno hai que escoitalo, dialogar e parolear co el: é a mellor maneira do encontro. A partir deiquí virán tódalas demáis normas pedagóxicas, moráis, sociáis, relixiosas...

3. O *eu* (expresión) percura un *ti* (comunicación) pra chegar a avencellarse nun *nós* (realidade humana compartida). O neno quer faguerse comprender xa dende o comenzo mesmo das súas manifestacións. Pero tamén quer decirse a si mesmo, expresarse, ofrecer a súa interioridade, o seu tesouro propio, sempre enchoído polas mesmas verbas, trementes inda nos seus labios como carabeles desfollados.

A verdadeira comunicación é creadora: permite ao neno manifestarse na reciprocidade co outro. Dase recibindo, recíbese ofrecendo, e deste xeito vaise enriquecendo coa presencia e aportacións

alleas compartidas. Os grandes valores de amistade, agarimo, entrega, vanse realizando. Hai unha hospitalidade interior precisa pra dar cabida ao diálogo, ao parrafeo, á escoita, ao intercambeo de verbas, reveladoras do ser mesmo de cada ún. Pechado en si mesmo, no seu *mutismo,* o neno abarracáñase. Mentras que abríndose aos demáis, desenvolve as súas virtualidades e vai creando a propia persoalidade. Crear, dende a linguaxe, é crearse a sí mesmo. E tamén recrearse nesa verba, ter corazón e ser capaz de ofrecerllo aos demáis en forma de verba poética, creadora. Mais pra eso compre deixar falar ao neno, tal como el mesmo o pide adoito.

Invocación, evocación, suxerencia: eso son as súas verbas. O neno quer darnos a verba máis sinxela, íntima, leda ou tristeira, pero sempre noviña, creadora, enloiante.

Inda cando non sabe falar, a través dos choros, berros, xestos, sorrisos, etc., o neno está sendo xa expresión da súa realidade, do seu *eu.* Din os psicólogos que deica os 7 anos, máis que comunicarse, o que fai o neno é expresarse. Tanto no neno coma no poeta fala o marmurio dos oríxes. Coido, xa que logo, que o neno é un poeta, un pronunciador de protoverbas orixinarias, un mundo no seu mencer: pura creación.

A comunicación garda sempre un coeficiente de expresión. ¡Non se pode abafar esa verba nova, suxerente, fresquiña, polisémica, poética!

4. Poderíamos alongarnos máis nesta selva sorprendente da verba do neno. Pero xa é hora de que nos fixemos na verba máis específicamente creadora, a verba poética infantil. Pois o neno vive nese mundo: "O mundo do neno está cheo de misterio e de fábula, aventura e pantasía, tristeza e nostalxia, a veces sen saber por qué —"porque sí"—, e outras de ledicia —"porque sí" tamén—. E a unidade con todas estas cousas que vai descobrindo día a día nunha comunión constante coa vida do novo que medra, drento e fóra del, quizáis sen comprendelo, pero intuíndoo, adiviñándoo ou discernindoo, non é máis que eso: poesía, é dir, comunión e misterio", dice Juan Miguel Romá, antólogo dunha colección de poesía pra nenos en castelán [3].

Por outra banda, compre dir que a aparente *irracionalidade* da poesía —comprendámolo dunha vez— non é máis que unha maneira emburullante e totalizadora de ollar a realidade, de ningunha maneira unha fuxida dela. Carlos Bousoño escribíu hai pouco un volume encol do irracionalismo poético (o símbolo), [4] onde deixa analizado con craridade meridiana o que ten de renovador, inteliximbel e grandemente expresivo a poesía de hoxendía. Imaxes, símbolos, alegorías, emblemas, parábolas, comparanzas, mitos, figuras, iconos, etc., son formas verbáis que corresponden a outras tantas maneiras de achegarse á realidade, de achegarse ao ámbito da poe-

[3] Juan-Miguel Romá, *Selección de Poesía para niños,* Editorial Ares, Valencia, 1961; p. 6.

[4] Carlos Bousoño, *El irracionalismo poético (El símbolo),* Gredos, Madrid, 1977; 457 páxinas.

sía, e transmitila na súa riqueza unitaria, non xenérica, non raciocinante. O poeta parece que sabe o que quere e quere o que sabe, pensa o que di e di o que pensa, sinte o que expresa e acaba expresando o que sinte. Do mesmo xeito o neno, salvadas as distancias entre a nenez espontánea e a adultez poética. Mais en todo poeta hai un neno agachado, que o salva de caír no anquilosamento. Tamén en todo neno hai un poeta que soio agarda, como Lázaro, unha man amiga que lle diga: "Érguete e anda". Trátase, pois, de axudar a este neno pra que a súa creatividade atinga a categoría de verdadeira creación.

O mesmo que se lle permite ao neno esborranchar papéis e muráis con pinturas, desenvolvendo dese xeito a súa creatividade pictórica, compre inicialo na linguaxe falada e máis escribida, ceibemente: que diga con verbas súas o que quixo dibuxar, ou o que se figura el que é o seu dibuxo, ou inda o que matinaría dibuxar. Pero tamén hai que deixalo soliño diante da folla en branco, pra que empece a escribir, a poñer verbas unhas detrás doutras, faguendo frases, como fala *xogando coas verbas*. (Non nos esquezamos da función lúdica da linguaxe, do meirande interés). "Pra o ser humán o xogo creador é a proba ou a percura da súa libertade" [5].

Moitas cancións de corro non son máis que xogos musicáis, verbáis, sonoros, con connotacións emotivas, suxerentes, a través das que o neno e a nena se manifestan, deixan ceibe a súa capacidade boubante, crean e interpretan o seu mundo, maxinan —dende a beleza— un anaco esencial da existencia, ábrense ao misterio das cousas e da vida. E capacítanse pra meterse nos eidos cimeiros do Misterio de Deus. A linguaxe da fe ten que ir por eses vieiros simbolizadores, moito máis que polos camiños racionáis. ¿Cómo ollaremos a fe arraizada nos noso mozos, se xa dende a nenez arrincóuselle do xardín simbólico e poético a verba integral, pra faguerlle cultivar somentes a língua racional, lóxica, matemática, discursiva, coma se fose a única que lles axudará na vida? ¡E a vida é realidade plenaria, e ao misterio soio se poderá chegar, ou albiscar o seu lume queimador, polos vieiros do símbolo, anque sexa escuro! "Qué ben sei eu da fonte / que ninxe e corre / anque é de noite...", que diría San Xohán da Cruz en galego. A Biblia é poesía nun porcentaxe meirande do que se pensa. A liturxia soio será entendida dende a captación simbólica. Os sacramentos, ¿qué son, senón *siños que se ven dunha realidade que non se ve*, como dixera xa San Agustín?

Non hai dúbida, a poesía pode ser unha maneira moi fonda de chegar ao misterio de Deus, no que se arraíza o misterio humán. Dende logo, hoxe, filósofos, psicólogos e científicos achéganse con seriedade e abraiamento ás obras poéticas, tencionando descobrir a máis tremente realidade, ricaz, aberta á trascendencia. ¡Non esquezamos que un dos atributos divinos é a Beleza!

---

[5] Pierre Emmanuel, *Le monde est intérieur*, Seuil, Paris, 1967; p. 295.

C) UN CASO REAL: UNHA NENA-POETA

Este caso concreto pretende faguer ver cómo os nenos chegan a ter riqueza imaxinativa e a poesía frorece na súa verba ceibe. Trátase dunha nena de uns 4 anos (aló polo 1958, cando escribía os poemiñas en cuestión). O seu nome é *María Magdalena Badillo Gerlero,* e a nacionalidade arxentina. Poño este exemplo por ter a man o seu libro de poemas: *Aquello pensativo*[6]. Pero estóu seguro que ten que haber casos coma este en Galicia. As mestras e profesores saben ben que os nenos son poetas. Hai libros feitos en equipo polos nenos. Coído que o colexio debería ofrecerlles esta posibilidade creadora e axudarlles a chegar á forma poética. Precisan unha *técnica* que lles será de gran utilidade máis tarde, pra poder liberarse de ese "non saber facer ou decir" que a tantos ata as mans ou os labios definitivamente.

Será un gran benfeito o que se lles fará aos nenos, se se lles valora o seu dir e faguer poéticos e se lles abren canles creadores, e se lles axuda a descobrir a beleza das verbas, que é a beleza do ser mesmo. Ser creadores é o cugulo que se pode atinguir: faguer xurdir mundos que non tiñan sido, configuracións verbáis lumeantes, relacións inauditas antre as cousas e o espírito, antre os seres humáns e antre os homes e o misterio de Deus. Que as verbas treman nos labios coma se de algo sagro se tratase ao proferilas; que cada verba sexa coma un anaco de alma feito linguaxe; que saiban separar a escolma do currilario; que aprendan a aloumiñar as verbas, pois todas, nos contextos e frases orixináis, poden ser poéticas. As verbas de diario pódense endomingar, trasfigurar, ao darlle nova seiva na cantiga. Aloumiñar a verba é moi importante pra vivir en estado creador a través da linguaxe, a meirande posibilidade que o ser humán normal ten, se ten arxil pra poetizar.

María Magdalena Badillo soupo, xa aos catro anos, configurar estruturas poéticas sinxelas e fondas[7].

Imos ver de perto algúns versos desta nena. Soio tres, pequeneiros e belidos, encetan o libriño. E son xa abraiantes, lumeantes, fan matinar, desvelan unha realidade interior, anque non sepamos a ciencia certa de qué se trata. Temos que saber ademirar as creacións poéticas como ademiramos *a creación,* a Naturéza. Se nos di

---

[6] María Magdalena Badillo Gerlero, *Aquello pensativo,* Castellví, Santa Fe, Argentina 1959.

[7] Di no prólogo ao libro desta nena Valentín de Pedro: "Frente aos versos dunha nena, creados antre os catro e cinco anos de edade, non pode pensarse en escolas literarias, nin en estilos, nin tan xiquera nos elementos en que se compoñen os versos como froitos das experiencias vitáis da súa autora. Pénsase soio na poesía como intuición, como milagre da pantasía, a que tamén é un milagre, pois como tal se nos revela pola súa misteriosa esencia. Prodixios da pantasía son estos versos... Tratándose dunha nena tan cativa temos que recoñecer nela o privilexio do "estado poético", que se traduce na expresión pura e directa dos seus versos. O seu mundo poético é coma o mundo do soño, no que se penetra misteriosamente, e do que se volta coas súas rimas abraiantes. A linguaxe na que se producen as súas imaxes non é, non podía sere unha linguaxe elaborada, pero ten o encanto dunha linguaxe tamén nena, na que se están nomeando as cousas por primeira vez", p. 7-8.

algo á nosa sensibilidade, se nos enmeiga, se fai tremar non sei que cordas do noso interior, recollimos o mensaxe. O mesmo que diante dunha posta de sol ou á beira do mar, frente á inmensidade, ou ao chegar a primavera. Saber abraiarse é o primeiro. Soio despóis podemos perguntarnos qué quer dir, se non desvirtuamos ese *qué,* ese contido, cousificándoo, querendo reducilo somentes ao *concepto.* (Unha posta de sol non quer dir ren, pero góstanos, desvela diante de nós algo non soio de fora, senón que ten resoancias no noso propio ser máis encoveirado. O que non sexa capaz de apreciar esa realidade suxerente, non poderá xamáis abraiarse nin alporizarse diante da beleza ou dos fondos abisos... Como o Cristo dixo aos seus discípulos: "O que poida entender, que entenda").

Aquelo pensativo
recibe luz nos seus ollos
i está dormido [8].

Eis o pemiña de tres versos, redondo, rematado, coma unha cousa en sí, con independencia do que quixera expresar a súa autora de catro aniños. Esta é a *creación poética.* O poema ten entidade propia. A verba quedóu configurada dun xeito preciso. Fondo e forma están avencellados. Como o está a posta de sol á atmósfera, á luz, e ao ollo que a mira. O que pasóu denantes —do poema, do solpor— non interesa agora. Interésanos soio o resultado, que é sempre algo novo. Por eso é verdadeiramente unha *creación.* Di Eliot moi certeiramente: "Cando o poema foi feito, algo novo ocurríu, algo que non pode ser enteiramente explicado por *ren do que ocurríu denantes.* Eso, penso, é o que entendemos por creación" [9].

Atopar a forma expresiva, asulagada no fondo da verba, é coma lograr un novo nacemento, nun intre alumeado. Algo foi creado, deu o brinco do non-ser ao ser: do non-ser poético ao ser do poema. ¡É unha auténtica creación de valor!

Entendido esto, poderemos percurar o que da *comunicación* haxa, anque sempre queda un marxe de inefabilidade. O comunicado por un poema é inconmensurábel: "é o circo concéntrico que non se cerra" [10].

En cada poema hai moito máis do que cada ún olla e tamén do que o seu creador quixo dir. O poema comunica moitísimo. Pero faría falla outro poema pra decilo. E xa estaríamos cunha nova creación e comunicación. Denantes do poema non había ren do comunicado, que está formando unha unidade coa forma poética. O que a poesía comunica soio podería comunicarse en forma de poesía. Se se quere dir que poesía é comunicación, dirá Langlois, habería que engadir: *comunicación... do poema,* non doutro contido anímico previo. (Nesto oponse á teoría de Bousoño e ao sentir

[8] Dou en galego os versos da nena-poeta (hoxe xa moza) de Argentina.
[9] T. S. Eliot, *The Frontiers of Criticism,* en *On Poetry and Poets,* London, Faber and Faber, 1957; p. 112.
[10] José Miguel Ibáñez Langlois, *La creación poética,* Rialp, Madrid, 1964; p. 49.

de Vicente Aleixandre)[11]. Eliot estaría, pois, no certo cando afirma: "O poeta non sabe o que ten que dir deica que o ten dito"[12].

Hai, xa que logo, poesía cando o comunicado en verbas é inseparábel da forma con que se dixo. A beleza é eso: unidade indestructíbel antre a forma e o contido. O poema, poderíamos dir, esixe todo ou ren, pra que non se desfaga como poema.

A prosa (a linguaxe útil e utilitaria) desavencéllase doadamente do que comunica. A súa intención é ser canle de ideas, ser mera información (cando non se trata da prosa artística). Por eso a linguaxe neste caso non se sostén por si mesma. A verba poética arraízase na conciencia do pobo, mentras a outra "lévaa o vento", desfaise despóis de dar o seu contido. Mentras que a poesía "é a forma máis real da linguaxe humana" (Langlois).

Feita esta divagación, case non nos afoutamos a perguntarnos: ¿Qué é *aquelo pensativo*? ¿Por qué *recibe luz nos seus ollos?* ¿Por qué *está dormido?* É a suxerencia, a evocación, o que interesa. Cada ún poderá apreciar en sí mesmo as resoancias que produce un poema como este.

Fagamos, emporiso, un intento de chegar á comunicación do poema. Figurémonos un vello tomando o sol, durmindo xunto a un valado, ollado de lonxe como un bulto antre a néboa, pero sabendo que se trata dun ser humán, ún calquera, pois nono coñecemos, nin ten ren que ver connosco. Poderíamos agora repetirnos os versos e adequiririan unha siñificanza abraiantemente realista:

Aquelo pensativo
recibe luz nos seus ollos
i está dormido.

É case cousa, é neutro (aquelo), pero sigue sendo humán (pensativo). Os seus ollos feitos pra a luz (recibe luz nos seus ollos) non poden menos de ser alumeados, pero non é consciente dela (está dormido). Diríamos que a nena-poeta se nos revela como xenial. Ese xogo de antíteses: aquelo / pensativo
luz nos seus ollos / está dormido
dibúxanos unha realidade percibida. E, ao mesmo tempo, está aludindo a outras realidades máis fondas: o home moderno pode sentirse tamén *retratado* nestes versos. É un ser degradado, case materia, de tan materialista como quere ser. Por eso con razón chámaselle: *aquelo* coma se fora un ouxeto, algo que está diante de min, en lonxanía, sen consistencia espiritoal. Pero sigue sendo, aínda así, un ser *pensativo*. Xamáis o ser humán poderá encorcarse deica chegar a anular a súa capacidade pensante. O home é un ser que cavila, hoxe coma onte. *Recibe luz nos seus ollos*, o mesmo que no espírito (a luz da creación, a luz da revelación). Mais é coma se nona recibise, pois *está dormido*. ¿Vedes? Dimos un paso

[11] Bousoño di: "Poesía é comunicación dun contido anímico sensóreo-afectivo-conceptual coñecido polo espírito como formando un todo, unha síntese". Cf. Carlcs Bousoño, *Teoría de la expresión poética*, Gredos, Madrid 1977.

[12] Eliot, *The Three Voices of Poetry*, o. c., p. 98.

máis e descobrimos no poemiña inxel máis retranca do que a primeira vista poderíamos sospeitar xiquera. E deste xeito poderíamos seguir vislumeando novas suxerencias. Esto é o poema. Esto é a creación poética. Este é o valor sen medida da poesía. Quen percuróu este tesouro xa non poderá acougar. Coma na comparanza evanxélica (pura poesía), venderá canto ten pra adequirilo.

Esto fai ver por qué inda hoxe, na nosa sociedade de "produción e consumo", sigue habendo poetas, homes e máis mulleres que adicaron a súa vida, ou parte dela, a sere creadores. ¡E matinar que tódolos nenos poderían selo e nono son, ou deixan de selo por culpa nosa! ¡Compre faguer poetas aos nenos de hoxe pra que o mundo de mañá sexa outra cousa mellor

Non podemos analizar adispaciño máis poemas. Citemos somentes outros versos que a nena achóu milagreiramente: a poesía está nas mans da nenez. Os nenos van inda na súa dorna polo mar da libertade. As súas verbas van máis lonxe que a nosa lóxica e chegan ao lume máis enxebre do intelixíbel: á intuición integral, ao reino da beleza, que se fai unha cousa coa verdade e máis a bondade.

Ás veces, a súa verba é cantiga rebuldeira:

Coral, coraliño.
Nas augas de cristal
báñase a nena.
Reflexa o ceo.
Brillan as estrelas.
Brillan tanto
que o mundo caise.

Esta cantiga deixa entrever un universo paradisíaco. A nena que se está bañando nas augas de coral, baixo o reflexo celeste, baixo a luz tremelucente das estrelas, soupo atravesar as tebras da noite pra atinguir a craridade. ¡Por eso "o mundo caise" e o ceo érguese!

Outras veces é seriamente cavilosa:

O vento sofre no mencer,
as nubes pasan correndo.

Ese vento esmacelado do mencer non é ledo, sofre. Semella traguer presaxios dalgún mal, coma se estivese entanguecido. Por eso as nubes pasan guilando coma enfermeiras brancas... ¿Ou será que o vento sofre sinxelamente porque a luz vaino empuxando e o seu poderío noitébrego esvaécese co lumbrigar? ¿Ou será que a alma da neniña xa sofre e contaxióu ao vento a súa door, e as que xogan e pasan correndo son as nubes, en vez de ser as nenas, que perderon a ledicia? Pouco importa. A verdade é que o poemiña empeza suxerente. Esta verba tén consistencia, é creación poética. Non hai dúbida de que esta nena adequiríu xa a súa técnica [13].

[13] "O poema máis sinxelo, o que paresce que vai núo coma saíu, leva implícita a técnica do seu creador, que é persoal e morrerá co il, desaparecendo do mundo de ensaios e tentativas do arte sin deixar pegadas". Eduardo Moreiras, *Follas de vagar, xornal*, Galaxia Vigo, 1972; p. 163.

Outros versos son coma pinceladas que fixan o intre trasfigurado da paisaxe:

As veces, cando aos piñeiros
lles dá o sol
e non se vai deseguida,
convírtense
no relostro
do aire.

Dir que os piñeiros soleados "convírtense / no relostro / do aire" ademáis de ser unha imaxe belida (o movemento do aire nas ponlas alumeadas dos piñeiros é tremante coma a luz na auga: o vento tremeluce contaxiado de luz á vexetación. Faise visíbel dalgún xeito), é dunha forza expresiva moi grande. Nin Lorca supera certas imaxes poéticas desta nena de catro anos.

Hai intres nos que a súa verba é pura sentencia, que daría que cavilar a moitos parapsicólogos:

Ao nacer un neno
ve de pequeniño
o que pasaba denantes.

¿É que o tempo pasado renace coa vida do neno? ¿Ou o neno fai presente un *inconsciente colectivo*? ¿É que "o que pasaba denantes" sigue pasando agora? ¿Ou non hai ren de novo baixo o sol e *repítese a historia*?

Derradeiramente, remata outro poemiña cunha sentencia fonda:

Falándolle a Deus
xúntase ouro.

¿Quén podería valorar máis e mellor a pregaria?

O caso desta nena é coma unha proba existencial de que o neno é creador. Todo neno, neste senso, é un neno prodixio, prodixiosamente aberto á trascendencia e á fondura da vida, coa que se sinte formando inda unha unidade primordial.

LOIS VÁZQUEZ
Madrid

LÓPEZ FERREIRO E A HISTORIOGRAFÍA GALEGA *

O propósito deste traballo é facer unha aproximación á obra de Antonio López Ferreiro nun intento de contextualizala no seo da corrente historiográfica galega, e, xa que logo, vencellar a súa laboría de historiador ao particular e específico desenvolvimento da historia galega contemporánea [1]. Convén, pois, antes de nada reflexionar sobre o que significa a expresión "historiografía galega". ¿Hai motivos dabondo que nos permitan falar déla? ¿Existe unha auténtica e verdadeira historiografía galega? Para non embarullar o discurso desde o principio, teremos que responder que realmente existe, pódese e débese falar dunha historiografía galega. Pero ao carón desta afirmación [2], compre engadir unhas poucas precisións que amosen as fraquezas e dificultades dunha actividade intelectual que tampouco nisto é allea ao resto da cultura galega.

Se botamos unha ollada, por superficial que sexa, sobre os traballos, libros, artigos e publicacións curtas que, polo regular, catalogamos como "históricos", ou de historia, concluimos doadamente que, en canto ao volume —entendido como unha agregación— a produción historiográfica galega rexistrada desde hai máis dun século é abondosa. Son prácticamente incalculabeis os artigos, máis raros os libros, pero en conxunto a producción é voluminosa. Este é un feito fácilmente verificábel. Véxanse, senón, os índices das revistas de institutos, academias, universidade e centros privados, comisións de monumentos e mesmo na prensa periódica.

Agora ben, toda esa producción, tan mesta, ¿pode caracterizar, pode dar corpo a unha historiografía? Aquí xurden os problemas, porque se a ollada sobre desa produción historiográfica é máis crítica que descritiva, inclinaríamonos a pensar que o peso da historiografía galega, a súa tradición, o seu prestixio ceden en relación ao seu volume. A tradición historiográfica en Galicia é pobre.

---

* A orixe deste traballo é unha conferencia que foi pronunciada no Museo do Pobo Galego o 12-5-78, nun ciclo adicado, con motivo da celebración do *Día das Letras Galegas*, a Antonio López Ferreiro. Publícase aquí sen outros cambios que algunhas rectificacións de estilo e notas a pé de páxina que avalen afirmacións quizáis demasiado rotundas.

[1] Pra distinguirmos desde agora a historia-acontecimento (*res gestae*) da historia entendida como narración ou investigación dos feitos acontecidos (*historia rerum gestarum*), imos falar de historia para nos referir ao primeiro conceito e historiografía ao segundo, sen que esto supoña descartar outros posibeis significados ou conceptualizacións da verba "historia". Remítome, para este aspecto, a Jerzy Topolski, *Metodologia della ricerca storica*. Societá Editrice Il Mulino. Bologna 1975, pp. 74-77.

[2] A afirmación non é gratuita e, como xa se tén sinalado, aínda que non co enfase que merece, a historiografía cumpre en Galicia un papel moi importante no fenómeno que chamamos *Rexurdimento*. Desde esta óptica, o estudo do pasado como xeito de reivindicar unha especificidade e fundamentar un presente é a caracterización máis atinada do que entendemos por historiografía galega. Por eso, entre outras razóns, excluímos deste traballo toda a producción historiográfica anterior ao século XIX.

Para exemplificar esta afirmación, chega lembrarse de que carecemos de algo tan elemental como un "corpus" documental, dun aceptábel compendio de historia de Galicia, dunha organización axeitada dos arquivos —malia os esforzos feitos nos últimos dez anos— e, en consecuencia, dunha presencia pouco máis que simbólica na "historia xeral española". Non estóu a pedir que a historiografía galega tivese elaborado unha especie de "Monumenta Gallaeciae Historica", pero lembremos que o manual máis socorrido de historia de Galicia é o "catecismo" de Vicente Risco.

Penso, polo tanto, que nesta primeira aproximación superficial á historiografía galega atopamos dous feitos case contradictorios: unha importante produción, pero unha eficacia, unha valía cualitativa máis ben froxa. Os motivos que poderían servir para entender este panorama contradictorio son moi complexos e a súa análise escapa a un traballo deste tipo [3]. Contentareime con apontar algunhas notas que sirvan máis de motivo de reflexión que de explicación a un problema que realmente abrangue ao conxunto da cultura galega e, máis amplamente, á sociedade galega contemporánea.

1. A abundancia de traballos de índole histórica, ademáis de explicarse pola eclosión da crónica local frecuente en toda Europa desde fins do século XIX, que é como unha resposta a un mundo en transformación acelerada, habería que explicala en Galicia pola necesidade, consciente ou non, de elaborar, mediante a procura no pasado, uns argumentos e probas históricas que fundamenten o feito diferencial galego. Quérese decir, hai como unha pequena intuición de que a realidade diferente de Galicia é froito dun proceso histórico tamén diferente. Esto, que hoxe sabemos polas investigacións dun Pierre Vilar encol de Cataluña, obra que subtitula expresivamente "investigación sobre dos fundamentos económicos das estruturas nacionáis" estaba insinuado no talento de Martínez Murguía e faráse presente no grupo do Seminario de Estudos Galegos. Pero mesmo os traballos históricos procedentes de persoas ou sectores que non se plantexan directamente esta procura de raigañas diferentes, contribuirán dalgún xeito a recuperaren e estabeleceren unha identidade de Galicia como pobo diferenciado —e valla de exemplo todo iso que globalmente coñecemos como "erudición local".

2. Porén, non é ouro todo o que reluce. Sabido é que a historiografía forma parte dunha cultura —neste caso a cultura galega— que é unha cultura oprimida, agredida, e, polo tanto, ten que estar á defensiva, loitando moitas veces pola propia supervivencia. Esta situación de opresión couta, por definición, moitas posibilidades á hora de realizar adiantos cualitativos importantes. Por eso, toda a produción cultural galega e sobranceiramente a histórica, tende a ser repetitiva, feita de adicións e non de reflexións multiplicadoras. Aquí residiría boa parte da explicación desa tradición historiográfica definida anteriormente como pobre.

---

[3] Para ser coerente, debo decir que a dificultade de análise dunha historiografía está en estreita relación coa importancia cualitativa da mesma. Neste caso, as dificultades coas que tiveron que encararse os estudos historiográficos en Galicia siguen vixentes, de xeito que abranguen o suxeito e o obxeto da análise.

3. Pero a todo esto, xúntase unha situación material moi precaria, que dificulta enormemente a produción historiográfica. Toda a historiografía europea contemporánea desenrolouse, adquiriu prestixio e colléu carácter de ciencia oficial mercé a que era unha actividade protexida, xa fose polo Estado —o máis frecuente— que creaba academias, abría arquivos e introducíaa na institución universitaria, xa fose por outros grupos ou forzas sociáis [4]. Neste sentido, as dificultades nas que tivo que moverse a historiografía galega foron grandes: falta de organización dos arquivos, proscripcións das esferas universitarias, falta de profesionalización do historiador, etc.[5]. De todos estes atrancos materiáis eran conscientes os propios cultivadores da historia. Murguía queixábase da inexistencia dun arquivo xeral, un museo arqueolóxico e de que os arquivos privados estivesen "cerrados con cien llaves" [6]. O mesmo López Ferreiro bota en falta esto, cando afirma:

> "En el Archivo de la Academia de la Historia de Madrid bien pueden ensayarse los tesoros literarios que encerraban nuestros monasterios y nuestras iglesias; no así en otros archivos —y bajo este nombre comprendemos aquellos documentos que por su antigüedad o falta de práctica aplicación deben ser tenidos por puramente históricos— yacen cautivas, custodiadas vigorosamente por guardianes que se empeñan en tenerlas a la sombra como si temieran que los rayos de la luz los pulverizasen. Cuanto ceda esto en perjuicio de la literatura, de la historia y aún de la honra del país no es calculable" [7].

4. Finalmente, e como colofón ao dito antes, non pode falarse de historiografía galega sen se acordar ún para nada da evolución da sociedade galega ao longo do século XIX. A situación de Galicia no século pasado, plagada a súa agricultura de supervivencias feudáis, sen asomos de industrialización, tardíamente comunicada, pero inserida políticamente nun réxime liberal-burgués, revélasenos como algo moi contradictorio, que aínda non sabemos cómo definir, porque ao cabo trátase dunha etapa de transición entre unhas formas de vida herdadas do Antigo Réxime e a integración nos circuitos económicos capitalistas.

---

[4] Sobre todo a protección estatal é o ponto importante no desenvolvimento da historiografía decimonónica, aspecto que sulifian todos os autores que se achegan ao tema. Véxase, por exemplo, E. Fueter, *Historia de la historiografía moderna*, II, 1953, Buenos Aires, pp. 92 e ss. e G. Lefevre, *El nacimiento de la historiografía moderna*. Barcelona 1974, pp. 286-290.

[5] Obsérvese que a maioría dos autores que hoxe coñecemos polas súas obras de historia son alleos totalmente a calquera tipo de formación universitaria específicamente histórica e moitas veces simples aficionados. Aparte da condición de arquiveiros de López Ferreiro, Villaamil y Castro, Martínez Salazar e tardíamente Murguía, haberá que agardar até o Seminario de Estudos Galegos para atopar historiadores-profesores de historia, que mesmo son raros (Otero Pedrayo, Risco...). Todo esto non quer decir que aficionados á historia non rendesen excelentes froitos, pero a falta de profesionalización é índice elocuente do atraso historiográfico galego, especialmente sobre o punto de vista metodolóxico.

[6] O que nas datas en que escrebe Murguía (1865) resulta moi coerente, porque o documento privado non perdera aínda o seu valor pragmático. O lamentábel é que hoxe teñamos que nos queixar como Murguía, sen ter o documento outro valor que o que lle conceda o historiador.

[7] Recollido de "Memorias de la reina gallega Doña Aragonta", reproducido in *Compostellanum*, (1960), pax.

Pero o que sí sabemos é que o sentido que en toda Europa tivo a historiografía liberal, como xustificadora dunha revolución ou do ascenso social dunha clase, non o ten en Galicia. A clase dominante galega, polo menos a súa fración maioritaria, non precisaba dun "corpus" historiográfico que a lexitimase, porque eso sería unha pura tautoloxía. Cicáis sexa comenente reparar nas seguintes verbas de Murguía:

> "...por una contradicción que no se explica, es posible que no haya país alguno en el cual el amor al pasado sea más grande y natural que en el nuestro, y al mismo tiempo en donde más se descuide cuanto tienda a recordarnos ese pasado..." [8].

Xustamente, o párrafo murguiano oferece unha boa explicación: o amor ao pasado é grande, porque o presente é como é en canto que no pasado tamén o era e así se esperaba que fose no futuro [9]. Pero esa lembranza do pasado tiña que ser particular e individual —ao traveso do libro becerro, do tumbo, do arquivo familiar, da memoria dos vellos do lugar, da tradición— e non se lle podía conferir un carácter de pasado a nivel obxetivo. Por eso aludía á tautoloxía, porque para a fidalguía —fracción maioritaria da clase dominante galega no século pasado— facer ou potenciar un tipo de historia semellante, "mutatis mutandis", á dun Michelet ou un Thierry sería ridículo, algo así como unha "auto-historia" [10].

Na mesma produción historiográfica galega temos unha boa exemplificación desto que vimos decindo. A produción máis mesta é a de índole eclesiástica, da que López Ferreiro será protagonista senlleiro, porque a Igrexa, como forza social, perdera xa os seus privilexios de Antigo Réxime, fora deslocada do lugar que ocupaba no proceso de produción. Pola contra, a historia da nobreza será moito máis serodia e moito máis a da fidalguía, que prácticamente está comezando a facerse agora.

Estas reflexións preliminares, aínda que esquemáticas, poden axudar a enmarcar a historiografía galega de acordo coas pautas básicas sinaladas. Dunha banda, malia a constatar unha produción historiográfica abondosa, os seus adiantos e anovamentos metodolóxicos serán máis ben pobres. Pola outra, o vinculamento do estudo da historiografía co específico desenvolvimento histórico de Galicia na época contemporánea é condición indispensábel para poder delimitar as líneas xeráis desa historiografía.

---

[8] M. Murguía, "Introducción" á *Historia de Galicia,* tomo I, páx. XII.

[9] O "testemuño de antiguidade", o argumento de que "así fora no pasado" era, según W. Kula, a función social que durante moito tempo tivo a historia en canto "lexitimación histórica a determinados fenómenos da época e aos seus direitos sóbor do futuro". Cfr. *Problemas y métodos de la história económica.* Barcelona 1973, páx. 11.

[10] Sería "auto-historia" en canto que a historia do pasado era tamén presente. E con esto estoume referindo ao papel equívoco que xogaba no contexto do século IX o que no Antigo Réxime coñecemos como fidalguía intermediaria e que agora, na sociedade liberal, non pode denominarse burguesía agraria, senón que segue sendo fidalguía. Desde este punto de vista, esa situación "híbrida" da fidalguía explicaría que a historiografía, en Galicia, somentes se desenrolase fora do seu entorno: eclesiásticos, pequena-burguesía comercial urbana, ou xa cando deixara de cumprir un papel hexemónico (simplificando moito, desde principios deste século). Lamentábelmente, non hai ningún traballo que abeire a historia do século XIX ao que me poida remitir para xustificar estas afirmacións.

Estas líneas poden exemplificarse en tres pontos concretos: os primeiros pasos da historiografía galega contemporánea (Verea, Vicetto, Murguía), a época de López Ferreiro e os seus epígonos e, para rematar, voume referir brevemente ao gran proxecto que foi o Seminario de Estudos Galegos. Estes tres pontos de referencia son os máis sobranceiros da nosa historiografía e ao mesmo tempo constituen exemplos representativos de pequenas fracións de clase, de pequenas parcelas sociolóxicas: a pequena-burguesía urbana no caso de Murguía, o clero e o componente tradicionalista en López Ferreiro, e a pequena-burguesía urbana e tamén rural, cuns adugos populistas, no caso do Seminario.

Os primeiros pasos da historiografía galega

A partir de 1840 comenza a haber en Galicia unha toma de conciencia acerca do seu feito diferencial, que o proceso de transformación política de España iba pondo cada vez más en relevo. Non compre insistir moito nesto, porque xa son lugares comúns a presencia desa conciencia diferencial, sobor a forma de provincialismo, no levantamento de 1846 e posteriormente nas primeiras fases do Rexurdimento. A convición de que ese feito diferencial tiña unha perspectiva histórica orientará o traballo daqueles que podemos considerar como xeremolos da posterior historiografía. Deixando a un lado varias historias de ámbito local, que polo regular non pasan de ser excelentes descricións xeográficas ou "crónicas oculares", con certos resaibos das ideas de Montesquieu, pero sen os conceitos básicos da historiografía romántica [10 bis], son Verea y Aguiar, Martínez Paadín, Benito Vicetto e singularmente Martínez Murguía os representantes desta primeira fornada de historiadores románticos, aínda que Murguía se diferencie netamente dos anteriores [11].

As características máis importantes deste grupo supoñen unha ruptura con toda a historiografía anterior, chea de cronicóns ou relatos baseados en vivencias personáis. Esta ruptura plásmase no feito de que por primeira vez conceben o proxecto de escreber unha

---

[10 bis] Representativas desta historia local son as obras de Nicolás Taboada y Leal, *Descripción topográfico-histórica de la Ciudad de Vigo, su ría y sus alrededores con una noticia biográfica de varios hombres ilustres hijos del país.* 1840 (Hai reedición recente, con limiar de Xosé María Álvarez Blázquez), Enrique de Vedia y Goosens, *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña.* 1845 (tamén hai reedición desta obra, feita polo Instituto "J. Cornide" de Estudios Coruñeses), Claudio González Zúñiga, *Historia de Pontevedra o sea de la antigua Helenes fundada por Teucro. Da principio desde que se establecieron las colonias griegas en Galicia hasta nuestros días.* 1846, e José Montero y Aróstegui, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol.* 1859 (Hai reedición recente). Os mentados resaibos de Montesquieu poden verse no libro de N. Taboada y Leal, pp. 123 e ss.

[11] José Verea y Aguiar, *Historia de Galicia. Primera parte, que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de la conquista de los romanos.* Ferrol 1838. Leopoldo Martínez Paadín, *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia.* Madrid 1849, 1 tomo. Benito Vicetto, *Historia de Galicia,* Ferrol 1865-1874. (Desta obra hai tres reedicións actuáis!!!). 7 tomos. Manuel Martínez Murguía, *Historia de Galicia,* Lugo 1865-66, os dous primeiros tomos. En 1888, 1891 e 1913 imprimíronse outros tres tomos na Coruña, onde tamén se reimprimiron os dous primeiros (1901 e 1905). (Hai, tamén, reedición recente desta obra).

historia xeral e global de Galicia, sendo secundario que case ningún rematase cabalmente o seu proxecto.

Pero ademáis inician un relato histórico mínimamente cronolóxico, secuencial, empezando nos tempos antiguos[12] e, finalmente, introducen no relato unha idea xeral que serve de fío conductor, de armazón a todo o traballo. Os máis claros neste aspecto son Vicetto e Murguía, que pensan no seu labor de historiadores como unha obra de exaltación do espírito patrio:

> "...y como término de esta obra... debemos recomendar... a todo buen gallego que no abdique nunca por nada ni por nadie del espíritu que lo anima; que sea refractario a todo lo que tienda a amortiguar su espíritu nacional como hijo de la antigua GALICIA; porque el amor al reino o a la región donde hemos nacido y nacieron nuestros antepasados, no debe extinguirse jamás en todo corazón hidalgo"[13].

Con todo, hai un afastamento claro entre estes primeiros autores e Murguía, que é quen senta as bases da moderna historiografía galega. Tanto Verea como Vicetto, que escrebe cuarenta anos despóis, refugan o contacto cunha mínima erudición, concebendo o relato histórico como unha obra de imaxinación, de conxeturas. Algunhas pasaxes da *Historia* de Vicetto son moi ilustrativas:

> "...lo principal para escribir la historia de un pueblo no son los datos; lo principal es imaginación. De las cien condiciones que debe poseer un historiador, las noventa y nueve deben ser imaginación, la otra lo demás..."[14].

Por outra banda, a periodización histórica, con máis rigor en Vicetto do que en Verea, aínda segue aferrada aos vellos esquemas da historiografía cristiana medieval e xa rexeitados desde o século XVII. Así, a periodización de Vicetto consiste en tres partes con

---

[12] Nesto son exemplares Verea y Aguiar, que fala de celtas e gregos en Galicia e sobre todo Murguía, que, recollendo a idea de Verea, ve no substrato céltico unha das principáis bases nas que apoiar a especificidade galega. O mesmo Vicetto fala de "nacionalidade céltica" e confesa, como Murguía, recoller a idea de Verea y Aguiar, quen tivo "la gloria, inapreciable por cierto, de ser el primero que, ilustrando el celtismo peninsular, pone su cuna en Galicia". (*Historia*, I, páx. 515). Murguía coincide nesto con Vicetto, pois cábelle o honor a Verea de "haber sido el que antes que nadie habló en Galicia con alguna extensión y criterio de los celtas, nuestros progenitores, devolviendo a su patria... glorias hasta entonces desconocidas (*Historia*, I, páx. XVII).

[13] B. Vicetto, *Historia*, II, páx. 517. Compre aclarar que o "espíritu nacional" refírese a España e non a Galicia porque parte da idea da unidade española ("ser españoles sin dejar de ser gallegos", ibidem, páx. 520). Esta ambiguidade entre o espírito patrio galego e español parece que tampouco foi alleo a outras figuras do primeiro galeguismo, como Antolín Faraldo. Cfr. X. Vilas Nogueira, "Ideología y periodización del diferencialismo gallego" in Manuel Tuñón de Lara, ed. *Ideología y sociedad en la España contemporánea. Por un análisis del franquismo*. Madrid, 1977, páx. 16 e nota 10, citando a Elías de Tejada.

[14] B. Vicetto, *Historia*, VII, páx. 239. Outras pasaxes son clarexadoras: "vamos a escribir lo que creemos que constituye la historia de Galicia..."; referíndose aos datos que ten, confusos e laberínticos, di que "los arroja, sin ilustrarlos en el inmenso estadio de la historia, donde caben todas las conjeturas respecto a la constitución y desenvolvimiento de los pueblos", Ibidem, I, 45.

pontos de partida no Diluvio Universal, o nacimento de Xesús Cristo e a guerra dos Irmandiños.

O primeiro adianto serio, desde esta historiografía romántica suxeita a bastantes anacronismos, debe situarse na obra de Manuel Murguía, *Historia de Galicia,* empezada a publicar en 1865 [15], porque a partir dela a historiografía galega entra na etapa que J. Topolski denomina "xenético-erudita", quer dicer, fondamente romántica, pero xa iniciadora dunha corrente erudita, achegada ao documento. Ao mesmo tempo, esta obra confirma o relato histórico como plenamente cronolóxico, sistemáticamente secuencial [16].

¿Cáles son os adiantos de Murguía?. Aparte de que siga concebendo o feito de escreber historia como un traballo literario [17] —idea que aínda aparecerá en López Ferreiro— Murguía comenza a facer referencia aos arquivos, ás fontes, chegando nalgún caso a visitar arquivos e, por fin, é nomeado arquiveiro en 1868. Son os primeiros pasos dun historiador "profesional" que veremos máis asumidos na época e obra de López Ferreiro. Pero o adianto verdadeiramente cualitativo do traballo histórico murguiano reside na súa concepción da historia como un meio de afirmar o feito diferencial galego [18].

Desde esta óptica, Murguía non trata só de recuperar unha liña gradual de sucesos illados. A historia enténdea como un ponto no que confluien varios coñecimentos concurrentes: a arqueoloxía, a língua, os costumbres, o ámbito xeográfico, a etnia. Todo esto é unha insinuación, un precedente do que máis tarde levará á práctica o Seminario de Estudos Galegos. Pero aínda hai máis: a historia ultrapasa a misión de ser un traballo "arqueolóxico" de descobrimento de datos que afirmen ese feito diferencial (reparemos no celtismo, tan criticado despóis, pero tan eficaz no momento como arma ideolóxica diferenciadora) para se converter nunha ferramenta emancipadora de Galicia. O seu labor de historiador quer integralo nunha práctica social na que o obxectivo é a consecución dunha coesión sociolóxica en torno a proxectos políticos de carácter progresista e posteriormente rexionalista. Esto é o que amosa o remate da introdución á súa obra, que semella unha dedicatoria:

> "Y vosotros, humildes tribus de labradores y marineros cuyas pobres viviendas acabamos de visitar, vosotros entre quie-

---

[15] A pesar de que a *Historia* de Murguía se publicará con grandes intervalos e ficóu inacabada, abondaría a "Introducción" e o "Discurso Preliminar" (tomo I) para calificalo como un grande historiador.

[16] O sentido cronolóxico de Murguía é innegábel. Referíndose a libros de historia por el manexados, afirma que "no prestan la necesaria ayuda a los que en ellos van a buscar los orígenes de nuestro pueblo y a conocer la marcha gradual y constante de los sucesos que se refieren", *Historia,* I, páx. VIII.

[17] O que resulta explicábel dada a procedencia "literaria" de Murguía e que aínda a concepción da historiografía era netamente literaria. Cfr. a proposición de subvencionar a *Historia* del no Congreso Agrícola Gallego, Santiago, 1864, onde se lle pide ao "distinguido literato" que realice o "traballo literario" de escreber a historia "de este antiguo Reino". Cfr. *Revista Económica,* 5 (1864).

[18] Aínda que sexa un pouco tarde (1891), a idea de Murguía é clara: "que los agenos crean lo que quieran, me importan poco: lo que deseo es que los hijos de Galicia se penetren en la gran verdad histórica de la gran fuerza reivindicativa que encierran las páginas que hoy les ofrezco. Para ellos se escribieron...". "Introducción" ao tomo IV da súa *Historia*...

nes nacimos y para quien escribimos este libro que tanto tiempo tardaréis en leer, si por ventura sale de entre vosotros el bardo misterioso que debe celebrar vuestras sencillas epopeyas que nuestro nombre resuene en el primer verso por el amor y compasión que os tenemos, porque somos de los que más esperan de vosotros y porque os anunciamos que siendo verdad que Dios reparte sus dones con admirable equidad a vosotros toca imprimir un movimiento de vigor y actividad a estos pueblos decrépitos" [19].

Finalmente, Murguía conecta coa bibliografía estranxeira máis típicamente romántica, índice claro da introdución da historiografía galega no campo da ciencia. Así, louva a Thierry, que considera como "fundador de una nueva escuela histórica", pero cita tamén a Michelet, ao "insigne Macaulay, honor de Inglaterra", sen se esquecer de Boucher de Perthes nen de Carlyle [20]. Neste sentido, tamén e novidoso o traballo murguiano, que a súa acostumbrada presunción non agacha. Murguía está convencido de que está a facer algo novo, diferente a todo o anterior, pero moi de acordo co espírito do momento: "la historia es, bajo cierto punto de vista, la creación propia y original de nuestra época, dice un moderno escritor" [21].

A partir da publicación da *Historia* (os dous primeiros tomos), convertido xa no mellor exponente da historiografía romántica en Galicia, Murguía derivará para a erudición e o cultivo do detalle, aínda que siga apegado a vellas concepcións como as do celtismo, que tanto lle criticará o positivismo académico [22]. Murguía, como erudito, dará certa impronta a unha corrente historiográfica que a través da Real Academia Gallega, o seu "Boletín" e o grupo de cronistas coruñeses (os máis destacados, Martínez Salazar e C. Vaamonde Lores) desembocará no "Instituto de Estudios Gallegos" e posteriormente no Seminario.

Esta conversión á erudición, propiciada polo seu cargo de arquiveiro, chega a concretarse en traballos monográficos e na formación dunha corrente de opinión tendente á organización dos arquivos [23], publicación de fontes, realización de inventarios artísticos, etc... Ideas todas elas comúns en Murguía, Martínez Salazar, Angel del Castillo e que se concretan nas conclusións do primeiro

---

[19] *Historia*, I, páx. XXV.

[20] *Cfr.* Vicente Risco, "Manuel Murguía, historiador da nación galega", *Nós*, 113 (1933), onde fai unha extensa relación dos autores citados por Murguía. Artigo reeditado na editorial Galaxia, 1976.

[21] *Historia*, I, páx. VII. E a primeira frase da "Introducción".

[22] *Cfr.* a recensión que do seu libro *D. Diego Gelmírez. Ensayo crítico-biográfico*. Coruña 1898, lle fai M. S. y S. (¿Serrano y Sanz?) in *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, (1900), páx. 57, quen o convida a deixar de pensar "a imitación de bastantes compatriotas suyos, en el abolengo céltico del pueblo gallego y limítese a pintar los hechos y sus autores según fueron, sin querer ennoblecerlos a costa de la exactitud histórica".

[23] O mesmo Murguía chegóu a redactar unha "Memoria sobre la necesidad de formar un archivo histórico de Galicia", s. d., cfr. A. Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Bibliófilos Gallegos, II, páx. 390 (1952).

congreso do "Instituto de Estudios Gallegos"[24]. Pero realmente, a quen lle debe a historiografía galega un adianto importante na erudición, publicación de fontes e compilación de bases documentáis é ao coengo compostelano Antonio López Ferreiro.

A obra histórica de A. López Ferreiro

Se Murguía e a súa liña responden a un espectro social reducido á pequena-burguesía urbana, con ideas democratizadoras na busca dunha coesión social ao redor dos seus proxectos políticos (lembremos a "dedicatoria" da súa Historia), a obra de López Ferreiro vai responder *históricamente* a outro contexto, a outro espectro social: a Igrexa e os tradicionalistas, tamén, según se ten salientado[25], rexionalistas, aínda que os pontos coincidentes co vieiro murguiano sexan escasos.

O máis destacábel da obra de López Ferreiro é, en primeiro lugar, o que significa de adianto na confluencia da "historia literaria" e o traballo erudito e, en segundo lugar, a súa concepción do labor historiográfico como algo enxergado na práctica social (semellante a Murguía, pero en sentido oposto): como un traballo necesario para xustificar o presente, cuns adugos de profundización na reivindicación da especificidade de Galicia, que son secundarios.

1. *O adianto da historia-erudición*

A obra de López Ferreiro, inmensa para ser froito do traballo individual, supón na historiografía galega o ponto de converxencia da historia coa erudición, do relato cronolóxico-sistemático coa perspicacia do detalle. O cambio é tan importante que, en López Ferreiro, a historia deixa de ser xeral de Galicia, ao xeito romántico, para se converter en monográfica e exhaustiva. A amostra suprema son os once tomos da *Historia da S.A.M.I. de Santiago,* pero tamén son representativas as dúas grandes obras anteriores, *Fueros municipales de Santiago y su tierra* e *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Quérese decir que, técnicamente, López Ferreiro enriquece dun xeito innegábel a historiografía galega, tanto polo modo de traballar (transcrición e emprego sistemático de fontes de primeira man), como polos resultados obtidos (grandes monografías, que non son historias xeráis de Galicia, aínda que, ás veces, se califique de tal á "Historia da S.A.M.I.", incluso polo mesmo López Ferreiro).

A base desta erudición, da irrupción do documento e da fonte primixenia no relato histórico ven propiciado en López Ferreiro por dous feitos especialmente significativos. A súa formación na Escuela Superior de Diplomática, primeiro, e a posibilidade de acceso a unhos arquivos —os da Catedral compostelana— que supoñían atoparse cunha masa documental uniforme e fácilmente

[24] Cfr. "Primer Congreso de Estudios Gallegos, Agosto de 1919". La Coruña. As "conclusións aprobadas" na "sección de historia" son case as mesmas que A. Martínez Salazar tiña exposto nun traballo de 1890, recollido na súa obra *De la guerra de independencia en Galicia*. Buenos Aires 1953, páx. 7-8.

[25] Cfr. X. R. Barreiro Fernández, "López Ferreiro e Galicia" *La Voz de Galicia*, 17-5-1978.

"serializábel", despois de vir de Madrid, da Escuela Diplomática.

O paso de López Ferreiro pola E.S.D. é un feito sinalado por todos os seus biógrafos e estudiosos que se achegaron á súa obra [26]. Ramón Fernández-Pousa considerou o feito como "trascendental en su vida, pues imprime carácter a toda su ingente tarea investigadora y de fecundo publicista" [27]. Sen ningunha dúbida pódese afirmar que a estancia de López Ferreiro na E.S.D. constitui a base do que poida ter de renovadora a súa obra histórica. Tal importancia determínaa o carácter de "centro de estudios históricos" que tiña esta Escuela, o mellor e único centro do momento para adquirir unhas bases axeitadas para a realización dunha historiografía científica. Esta Escuela era o órgano cultural que a burguesía española criou á imaxen doutras institucións europeas (v. g. a "Ecole des Chartres" francesa, fundada no 1821), con destino á formación duns cadros de arquiveiros-burócratas-funcionarios que ao servicio do Estado ordenasen e conservasen unha masa documental xa inservíbel [28]. Alí cursábanse os estudos e disciplinas básicas para a formación dun historiador que daquela era chamado "arquiveiro" [29].

Pero ademáis, a orientación historiográfica de López Ferreiro estará en relación directa cos estudos recibidos na Escola. Sintomáticamente, López Ferreiro empregará os seus coñecimentos paleográficos, diplomáticos, arqueolóxicos e numismáticos para elaborar os seus traballos que, segundo a orientación académica, terán unha focaxe predominantemente medieval. Evidentemente, López Ferreiro foi un bó aluno, un aluno ben proveitoso.

Con esta formación académica, López Ferreiro aséntase en Santiago e cada vez vai tendo acceso máis directo a unhas fontes documentáis que, pola súa riqueza, lle permiten facer eso que os restantes historiadores galegos da súa época non poden realizar: conceber e elaborar grandes monografías, co apoio dunha documentación prácticamente exhaustiva e doadamente sistematizábel. Esta base material, alén da capacidade de traballo e da intelixencia de López Ferreiro, explicaría en boa parte a orientación e magnitude da súa obra.

---

[26] Cfr. a excelente biografía de María Pilar Sánchez-Cantón Lenart in *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1960, pp. 255-335.

[27] "Prólogo" á reedición de *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Vigo 1968, páx. 9.

[28] Principalmente, fondos de procedencia eclesiástica apropiados na desamortización, porque os fondos documentáis de orixe civil tiñan aínda un valor práctico para os terratenentes, non moi seguros do desenlace da Lei de abolición de señoríos... Por outra banda, non debe esquecerse que a criación da Escuela Superior de Diplomática (1856) está íntimamente vinculada á creación do Corpo de Arquiveiros Bibliotecarios (1858) e do Arquivo Histórico Nacional (1856). Incluso se debe relacionar esta reforma institucional coa elaboración doutras leis como a Lei do Notariado (1862) e a Lei Hipotecaria (1863).

[29] En opinión de José Villaamil y Castro, as materias explicadas eran "ciencias de tanta utilidad" como a Arqueoloxía, Numismática, Paleografía, Epigrafía, Bibliografía, Historia de Institucións da Idade Media, Latín e romances dos séculos medios, Historia das Belas Artes, Historia literaria, "y aun la Geografía Histórica, desterrada recientemente de nuestras Universidades". Cfr. *Boletín Histórico*, 4 (1883). Engade Villaamil que na Escola explicaban catedráticos como Modesto Lafuente, Muñoz y Romero, Pedro F. Monlau, Cayetano Rosell, Manuel Assas "y otros muchos distinguidos hombres de letras".

E aínda habería que suliñar esta importancia da formación académica de López Ferreiro con outro dato máis: na elaboración das súas obras fai escasas citas, a non ser que se trate de autores eruditos do tipo do P. Flórez, Yepes, Castellá Ferrer..., ou fontes documentáis (poño por caso, a Historia Compostelana, o Códice Calixtino, ou os Linajes de Vasco de Aponte).

As mencións que fai de autores coetáneos redúcense aos seus profesores da Escola (Lafuente, Monlau, Muñoz y Romero) e colegas arquiveiros (Villaamil y Castro, Fita, Tramoyeres...). Pola contra, os grandes historiadores estranxeiros daquela sonlle prácticamente descoñecidos —mesmo en maior degrau que a Murguía— salvando referencias espalladas a Alexandre Herculano, Fustel de Coulanges ou Duchesne [30].

Por todo esto, adquire un relevo especial o aporte erudito da obra deste coengo compostelano. Este aporte é evidente porque todas as súas obras son feitas a base de documentos, de fontes manuscritas frecuentemente, anque non desprecia o dato arqueolóxico ou numismático. López Ferreiro é a expresión galega da famosísima frase dos franceses Langlois e Seignobos de que a "historia faise con documentos" [31]. En números redondos, pasan de mil os documentos publicados en apéndices (na Historia da Catedral incorpora máis de cincocentos), intercalados no texto ou publicados separadamente como en GALICIA HISTÓRICA [32].

2. *A súa concepción da historia*

A pesar de todo o dito antes, ao recalcar tanto o aporte erudito, López Ferreiro non pode considerarse como un historiador típicamente positivista "strictu sensu" [33], anque este aspecto sexa o máis repetidamente suliñado de toda a súa obra [34]. En certo modo, Ló-

---

[30] As referencias de Herculano como de Duchesne son secundarias, vistas desde a óptica da súa formación como historiador. Duchesne, como defensor do "método hipercrítico" con respeito á historia eclesiástica, é citado por López Ferreiro para combater a súa interpretación da non estancia en Santiago do corpo do Apóstolo (Cfr. "Santiago y la crítica moderna" in *Galicia Histórica*, I). O único autor estranxeiro de entidade, citado por López Ferreiro, é Fustel de Coulanges, moi representativo do positivismo historiográfico francés da segunda mitade do XIX (Cfr. a anécdota contada por G. Lefebvre, op. cit., páx. 232, sobre a súa creencia cega no documento).

[31] Cfr. *Introducción a los estudios históricos*, 1897. Do influxo deste libro ocupouse extensamente Lucien Febvre en *Combates por la historia*. Barcelona 1970, pp. 17 e ss.

[32] A primacía das fontes —transcrición, compilación e difusión— é a máxima expresión do labor historiográfico do momento. Neste sentido, López Ferreiro fala no prefacio "A nuestros lectores" de *Galicia Histórica* de que a seción de fontes será a máis cuidada da revista, por diante doutras como "Estudios, Bibliografía, Crónica". Opinións semellantes poden acharse noutros historiadores galegos da época: Villaamil y Castro "como uno de los mayores servicios que se pueden prestar a las letras tiénese hoy en día la publicación de documentos", *Boletín Histórico*, ibidem, B. Barreiro de V. V. (Cfr. "Programa-circular" no primeiro número de *Galicia Diplomática*), Martínez Salazar, etc.

[33] O mesmo López Ferreiro declara refugar o método positivista no prefacio de *Galicia Histórica* e tamén no prólogo da Historia da Catedral, tomo I.

[34] Comezando por Vicente Risco (*Elementos para la metodología de la historia*. Coruña, *Nós*, 1928) que o asemella, para Galicia, ao grande historiador Leopold von Ranke, aínda que non houbese ningunha relación mutua. De calquer xeito, con Ranke pasa algo semellante que con López Fe-

pez Ferreiro ultrapasa o limiar positivo do documento para lle dar un contido de "filosofía da historia" á súa obra. Este segundo aspecto da súa tarefa de historiador, que non desmerece excesivamente o aportamento erudito positivo, concédelle á súa obra unha importancia excepcional, porque López Ferreiro entende a historia —o mesmo que os románticos, pero desde perspectiva oposta— como unha actividade relacionada estreitamente coa práctica social. Por eso, como crego e tradicionalista, é profundamente coerente ao ofrecernos unha visión do pasado que estima máis que o presente, perdido aquel "equilibrio do corpo social" que el reputaba como *situación ideal de concordia entre os diferentes escalóns da sociedade*. Como tradicionalista, carlista e crego, pensa no seu traballo como unha maneira de fundamentar históricamente o seu pensamento político ("Dios, Patria y Rey") e posibilitar o cambio social. Así o vía, polo menos, o seu discípulo E. Oviedo y Arce:

> "El amor a las cosas de Santiago, y de Galicia, en primer término, amor nacido del estudio de los siglos de oro de esta tierra, inflamado por las injusticias de que ella es víctima al presente, llevado hasta la exaltación por el ansia ardientísima de un más venturoso porvenir para la patria de tantos santos y de tantos sabios, ha sido la musa que inspiró la mente y movió la bien tajada pluma del Sr. López Ferreiro..."[35].

Aínda que moitas veces o seu fervor apoloxético pola Igrexa, particularmente a Igrexa compostelana, xógalle unha mala pasada[36], non compre esquencer que, alén do aporte de datos, a segunda grande característica dun historiador é, precisamente, interpretalos, ou cando menos darlles un focamento determinado. E penso que cáseque sería ocioso lembrar aquí historiadores que aínda hoxe seguimos considerando como grandes predecesores (Ranke, Droysen, Acton ou os mesmo Menéndez Pidal ou Américo Castro) pero son tan apoloxéticos, no seu terreo, como A. López Ferreiro[37].

---

rreiro, sempre recordado pola frase "contar as cousas tal como sucederon" e esquecéndose daquela outra non menos significativa de que "cada pobo é inmediato de Deus". Método positivista e sentido providencialista xúntanse, "mutatis mutandis", en Ranke e López Ferreiro.

[35] Cfr. *Diario de Galicia*, Santiago 23-3-1910. Anotemos, porén, que o artigo de Oviedo y Arce non é "necrolóxico", senón que fora escrito e publicado anos antes nun periódico bonaerense.

[36] Neste sentido, son especialmente significativos o tomo XI da Historia da Catedral, onde arremete contra o liberalismo dun modo feroz, ou as páxinas do libro sobre os Fueros Municipáis. A consideración de que obrando así "pierde la ecuanimidad del historiador... y al perder la ecuanimidad padece la verdad histórica" (E. González López, *La Voz de Galicia*, 17-5-78) supón situarse nunha posición de falso obxetivismo tan refutábel como a de López Ferreiro.

[37] Por exemplo, a apoloxía que Ranke e, sobre todo, Droysen fan do estado prusiano non é inferior á que fai López Ferreiro da Igrexa compostelana. Por outra banda, abundando no sentido providencialista da historia, que podería parecer extraño nun pretendido positivista como López Ferreiro ou nun "mestre do método filolóxico-crítico" como Ranke, reparemos neste párrafo lópez-ferreireño: "el espectáculo que durante este período se va desenvolviendo en nuestra patria, despierta vivamente la atención del reflexivo investigador y le estimula a escudriñar las causas íntimas que producen este movimiento constante hacia el bien y el orden. En el cúmulo de acontecimientos que se ofrecen a nuestra consideración en todo se nota una misma tendencia, todos llevan una misma dirección. Era que la Divina Providencia, con móviles ya secretos ya profundos, ya más o menos apa-

3. *A incidencia historiográfica de López Ferreiro*

En conxunto, a obra de López Ferreiro representa, como xa vai dito, un adianto considerábel no contexto da historiografía galega, tanto polo seu traballo persoal, que é monumental para ser individual, como pola irradiación do seu exemplo ao resto dos historiadores coetáneos e posteriores. Emporiso, compre clarexar que é superior a súa obra persoal do que a súa incidencia historiográfica.

Por outra banda, hai que recordar que a historiografía galega non segue un curso lineal, en tanto que responde a instancias sociáis diferentes. Desde este ponto de vista, López Ferreiro non segue as pautas marcadas por Murguía, nen hai interrelación entre déles. Arrédaos unha distinta concepción do pasado [38] e o feito de que López Ferreiro conciba a súa laboría historiográfica non en función de amosar a historia diferente dun pobo (polo súa etnia, costumes, hábitat, etc.) senón o funcionamento dunhas institucións que cre axeitadas aínda (Igrexa, monarquía tradicional, concellos baixo o señorío eclesiástico...).

De López Ferreiro en diante tamén resulta problemático falar dunha linealidade da historiografía galega. A súa obra será continuada, os seus métodos copiados, pero non renovados e ampliados. Por eso, é difícil falar dunha escola historiográfica formada por López Ferreiro, carente mesmo de meios materiáis para formala (nin é docente, nin dirixe ningunha institución formativa...). A súa incidencia concrétase, máis que nada, nunha ringleira de continuadores que en conxunto teñen certa entidade, pero que as súas obras carecen da amplitude de miras e dos extensos resultados do mestre. A pesar de todo, estas reflexións teñen algún fundamento, porque no prefacio á revista GALICIA HISTÓRICA fálase dela como "obra colectiva de la Escuela histórica gallega" (sic). Esto, dito en 1901, ten a súa importancia.

Pero se afondamos no exame da revista, atopámonos con que entre López Ferreiro, Villaamil, e en menor medida Martínez Salazar e Oviedo y Arce enchen as súas páxinas. O resto dos colaboradores son persoas case totalmente alleas á investigación histórica (os Eleizegui, Mayer, Tafall, Villanueva, Álvarez Carballido, Vázquez Núñez...), sen contar xa con que a revista non mostra en ningún momento ter un traballo de redación e de elaboración colectiva.

Pola propia procedencia de López Ferreiro e polas especiáis características dos arquivos galegos, os auténticos continuadores del centraránse nos círculos eclesiásticos (Cabidos e seminarios) e nal-

---

rentes, iba determinando el curso de los acontecimientos y dirigiéndolos hacia el fin en su infinita sabiduría propuesto. Uno de los resortes aparentes que la Providencia tocó para convertir los ánimos hacia el bien, fue el coronar de los más prósperos sucesos los magnánimos y leales esfuerzos de los Reyes Católicos..." *Galicia en el último tercio*..., páx. 181.

[38] Por exemplo, a interpretación de feitos históricos sinalados diverxe, en López Ferreiro, da visión oferecida pola historiografía romántica. Vale o caso da guerra irmandiña e o papel dos Reis Católicos: López Ferreiro non se cansa de louvalos, cando xa na historia de Vicetto se presentaba a Pardo de Cela como o defensor da independencia galega face ao extraño invasor. Curiosamente, a interpretación romántica será recollida pola historiografía nacionalista dos anos 20, que incluso lle dará categoría literaria (Cfr. a obra teatral *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte). Visión que, por mimetismo, segue aínda vixente.

gúns "cenáculos" de ámbito local, feitas certas excepcións[39]. Nesta serie de continuadores, os máis numerosos son os que forman un grupo compostelano[40], sen esquencerse de Cañizares, García Conde e Vázquez Saco en Lugo e X. Ferro Couselo en Ourense. Unha tendencia ao anquilosamento e a repetición de vellos esquemas que con López Ferreiro foran novos, serán as principáis características deste monllo de seguidores.

A superación da obra individual e as bases de formación dunha escola histórica galega quedarán sintetizadas na criación do Seminario de Estudos Galegos en 1923. Este é o terceiro ponto a considerarmos nesta rápida ollada á historiografía galega.

O Seminario de Estudos Galegos

No ano 1923, un fato de rapaces universitarios fundan na Casa do Castro de Ortoño o que iba ser a representación máis xenuina da cultura galega e especialmente da historiografía ao longo de toda a súa historia: o Seminario de Estudos Galegos[41].

Compre reparar neste primeiro dato: a fundación realízase á beira dun castro e na casa na que Rosalía botara moitas tempadas, ou sexa, nace o Seminario achegado ao máis estimado da cultura galega (Rosalía) e ao máis específico, desde Murguía, da historia galega (os castros e os celtas, seus habitantes).

Dende o principio, o Seminario debe entenderse como o máximo esforzo da cultura galega por crear un centro aglutinador e dinamizador de proxectos de coñecimento científico da realidade galega. E por riba de todo, supón a aparición de algo do que carecera Galicia até daquela: un centro creador e difusor de cultura, fondamente comprometido con Galicia. Cinco anos antes, moitos dos que iban ser seus colaboradores e directivos xa se declararan "dende agora e pra sempre nazonalistas galegos" e nese ambiente de rexurdimento cultural e político, o Seminario ven a cumprir o papel de fornecer de argumentos históricos, lingüísticos, económicos, literarios, etc., o feito diferencial galego.

Nunha valoración de conxunto, compre salientar do Seminario a súa modernidade, o seu axeitamento ás correntes culturáis máis adiantadas do momento das que a España chegaban. A súa organi-

---

[39] Como excepción, un sector da Real Academia Gallega que, ao dar ao prelo a *Colección de Documentos Históricos*, I, 1915, cita a López Ferreiro e a *Galicia Histórica* como precedentes desa colección diplomática (Cfr. o prólogo "Dos palabras").

[40] Este grupo compostelano, ademáis do discípulo directo que era Eladio Oviedo y Arce, estivo composto básicamente por Couselo Bouzas, Portela Pazos, Xesús Carro e Paulino Pedret. Os dous primeiros foron non solo discípulos, senón continuadores da obra emprendida polo mestre coa súa "Galicia en el último tercio...": Couselo escribéu *La guerra hermandina* (1926) e *Apuntes para la historia de los hermandinos*, discurso de ingreso no "Seminario de Estudos Galegos", e Portela, *Galicia en tiempo de los Fonsecas*. Mención aparte merece a "escola histórica franciscana" con representantes do calibre do P. Atanasio López e, na actualidade, de José García Oro, que segue incidindo da temática lópez-ferreireña cos seus estudos sobre a nobreza galega do século XV.

[41] Os nomes e pormenores dos fundadores poden verse en S.E.G., *Dez cursos de traballos, 1923-1934*. Santiago 1934. Recentemente, no cuaderno 5 do Laboratorio de Formas de Galicia recóllense outras novas e opinións acerca do Seminario e das súas perspectivas futuras, perspectivas que xa tiveron cumprida realización na restauración do Seminario en 1979.

zación e mesmo os seus métodos de traballo deben moito ao exemplo do famoso "seminario" alemán, que daquela se estaba introducindo en España[42]. Obviamente, o S.E.G. está en íntima relación co labor de "europeización" que segundo se ten sinalado cumpre na cultura galega a "Xeneración Nós".

No plano da investigación histórica, a actividade do S.E.G. diferénciase nidiamente da historiografía anterior, tanto polo xeito de traballar, como pola temática e sobor de todo pola propia concepción da historia.

A superación do individualismo, do traballo persoal, é o primeiro aspecto da nova forma de traballar do Seminario. Poténciase o traballo de equipo e singularmente o traballo interdisciplinar, de acordo coa propia definición do seu obxetivo científico: "estudo de todas as manifestacións da cultura galega"[43].

Doutra banda, muda a temática a estudar. Abandónase a historia xeral[44] e tamén a historia medieval, tan cara a López Ferreiro e aos seus seguidores. Agora a primacía teráa a pre-historia, da man de López-Cuevillas e Bouza Brey, que así enlazan coas vellas intuicións dos historiadores románticos[45].

Pero por riba destes cambios temáticos ou de organización do traballo, hai que salientar unha concepción da historia, nova, quizáis demasiado influída pola escola histórica alemá, pero que se adapta moi ben ás necesidades da investigación histórica de Galicia. Segundo esta concepción, a Historia non é a ciencia que estuda os grandes homes, senón as agrupacións naturáis de homes: os pobos, as nacións. Estas agrupacións están inmersas nunha sentimentalidade común, que é a alma colectiva. A expresión desta alma colectiva é a cultura, e polo tanto, pobos que producen unha cultura diferenciada son pobos históricos.

Foi Vicente Risco quen millor expuxo estas ideas, que están resumidas nas páxinas derradeiras do seu libro *Elementos para la metodología de la historia,* das que selecciono os párrafos que máis fan ao caso que nos ocupa:

> "...en sentido lato, la historia representa una de las maneras de considerar y estudiar la naturaleza, el universo... en sentido estricto (historia humana) es la ciencia que estudia el devenir, el sino de los pueblos, *en cuanto creadores de cultura...* El sujeto de la historia es de un modo general, el hombre, individual y colectivamente considerado, en cuanto vive en sociedad; pero el sujeto propio y estricto son las agrupaciones naturales de hombres, esto es, los pueblos, las naciones.

---

[42] Coetáneo do Seminario é o "Centro de Estudios Históricos", e expresións da incidencia da cultura alemana en España son a Institución Libre de Enseñanza sobre todo a través da Junta para la Ampliación de Estudios, ou, particularizando nun caso individual, a obra de José Ortega y Gasset, que daquela exercía un maxisterio intelectual indubidábel en España.

[43] Cfr. *Dez cursos...* op. cit., páx. 19.

[44] Aínda que o proxecto de escreber o manual de historia de Galicia, encarregado a Vicente Risco, sexa do Seminario. Pero como o mesmo plan indica, tratábase dun plan de exposición sintética de coñecimentos máis do que dun traballo de investigación.

[45] Esta repentina dedicación á procura e estudo dos monumentos prehistóricos non escapóu á sensibilidade de Castelao que en duas "Cousas" fixo rexouba dela. Cfr. José Filgueira Valverde, "Castelao e os Estudos Galegos" in I.P.S. de Estudios Gallegos, *30 Exposición.* Santiago 1975, pp. 7-8.

Estas se componen de individuos que gozan de libre albedrío, pero que en su obrar están condicionados por el medio geográfico, por las tendencias étnicas y por la presión social, y cada uno de ellos participa más o menos en una mentalidad y una sentimentalidad comunes al grupo, no exterior, pero si superior a ellos y que es el *alma colectiva*...
"La cultura es la expresión del alma de un grupo natural de hombres (pueblo, nación...) ...No hay una sola cultura humana, sino muchas; cada pueblo o nación tiene la suya, y los valores creados por él no tienen valor más que para él, y no para los demás... varios pueblos pueden participar en la misma cultura, cada una de las cuales tiene un área de expansión determinada; *pero aún así, cada uno le imprime su modalidad nacional.* Fuera de estas circunstancias, los elementos culturales se transmiten solamente como formas muertas..." [46].

Esta cita un pouco longa de Risco amosa unha concepción da historia como disciplina investigadora da cultura dos pobos e, polo tanto, a historia deberá estudarse en conxunción co resto das ciencias que abeiran as diversas manifestacións da cultura. Por eso, na *Historia de Galiza*, publicada en Buenos Aires baixo a direción de Otero Pedrayo e que en certo modo é a plasmación do labor historiográfico do Seminario, se lle dá tanta importancia á xeografía, á etnografía, á pre-historia e, mesmo, á xeoloxía, porque todo forma un conxunto que é a cultura galega, representación, á súa vez, dunha alma colectiva.

Pero o Seminario tamén recolle os froitos da historiografía anterior, tratando de superala a través dunha focaxe estrutural do pasado galego. Para acadala non se refuga o aporte erudito de López Ferreiro nen fica desherdado da concepción murguiana da historia, en conexión coa etnia, lingua, costumbres e meio natural. Por esta razón, os homes do Seminario, ademáis de dedicarse fondamente á pre-historia, etnografía, lingüística ou ciencias naturáis, non esquecen os traballos de paleografía e diplomática, a publicación de fontes e a organización dos arquivos. A transcripción de Tumbos, realización de ficheiros e publicación de fontes como o Códice Calixtino ou a Crónica Galega de Iria mostra esta variante erudita do Seminario.

O labor desenrolado polo S.E.G., desde a súa fundación até 1936, é moi variada e frutífera. Pode ún decatarse desto ollando as súas memorias de traballos, a publicación dos "Arquivos" ou as súas obras de conxunto das que é sobranceira a *Terra de Melide*. De calquera xeito, a tendencia á recopilación apresurada de datos, a falta dunha verdadeira planificación dentro do Seminario e os métodos seguidos para a presentación de traballos, desmerecen un pouco a labor desta institución que, de non ser tronzada no 36 (aínda que logo se edulcoróu coa creación do Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos dependente do C.S.I.C.), rendería unhos froitos á historiografía galega e globalmente á súa cultura difícilmente precisábeis. Emporiso, cábelle ao Seminario a honra de ter prestixiado a historiografía galega e, consecuentemente, o labor do historiador en tanto que traballador dunha cultura que representaba as vi-

[46] O texto atópase nas pp. 237-238. Os sulliñados son meus.

vencias dun pobo e as súas verdadeiras dimensóns no mundo. En definitiva, a historiografía do S.E.G. é exemplar por algo que xa suliñamos nos historiadores anteriores: o estudo da historia é unha arma ideolóxica para resgatar a identidade dun pobo e, polo tanto, para apoiar todos os seus proxectos de liberación e autoorganización que políticamente, no tempo do Seminario, ficaron expresados nun documento histórico: o Estatuto de Autonomía de 1936.

* * *

Comezamos magoándonos da pobre tradición historiográfica galega, malia o que consideramos produción voluminosa. As explicacións apontadas a este feito contradictorio serven tamén de conclusións. Agora, para rematar, debo suliñar que a valoración máis asisada da historiografía galega non debe proceder soio da súa valía erudita ou metodolóxica. Hai que ter en conta a misión que, desde Murguía, cumpréu esta historiografía: a de explicar o presente a través do pasado, na procura de argumentos que axudasen a transformar ese presente.

A expresión máis nidia desta postura percébese no grupo de historiadores do S.E.G., sen esquecer o que de reivindicación de Galicia tivo a obra de López Ferreiro e a de inumerábeis "cronistas" locáis, xeralmente desbotados polas súas pobres conclusións sen reparar que o seu traballo historiográfico significaba, cando menos, un testemuño de que Galicia tiña unha historia propia, unhos antecedentes que amosaban a súa especificidade.

Pero por riba deste optimismo, quixera rematar cunha reflexión que atinxe aos historiadores actuáis. Por pobre que sexa a nosa historiografía, temos que nos decatar que os máis destacados historiadores galegos souberon darlle ao seu traballo unha dimensión social, respondendo, meiante o seu labor intelectual, á visión do mundo e aos proxectos de futuro que fraccións ou parcelas da sociedade galega tiñan de sí mesmos e do porvir. Por todo esto, unha gran tarefa é seguir profundando neste vieiro: concebir a historia como un labor que, se ha de ser científico, ten que estar conectado coa sociedade galega. Soio dese modo se pode axudar a comprender mellor o presente e contribuir á construción do futuro, que todos agardamos sexa máis venturoso que o noso pasado (e dito sexa con perdón de López Ferreiro).

RAMÓN VILLARES PAZ
Santiago

DIGLOSIA E HISTORIA

I

En todo traballo que toque o tema das "linguas en contacto" é xa típico e tópico o toparmos en primeiro lugar coa definición que de "diglosia" dera Fergusson no 1959 e de seguido as matizacións e ampliación que de tal concepto fixeron outros autores, en especial Gumperz e Fishman. Este último co fin de representar dun xeito simple as posibles relacións entre bilingüismo e diglosia construíu o seguinte cadro (ampliamente divulgado entre nos, en especial polos traballos do sociolingüista valenciano Ninyoles) [1]:

+ BILINGÜISMO	— DIGLOSIA
Diglosia con bilingüismo	Bilingüismo sin diglosia
Diglosia sin bilingüismo	Nin diglosia nin bilingüismo

O cadro resulta da contraposición dos dous términos, BILINGÜISMO e DIGLOSIA, según estén presentes ambos, un deles, ou ningún, nunha situación dada. Pero, cando menos en teoría, o cadro tería que ser construído así:

1. Diglosia con bilingüismo.
2. Diglosia sin bilingüismo.
3. Bilingüismo con diglosia.
4. Bilingüismo sin diglosia.

Salta á vista que a solución terceira é idéntica á primeira, polo que debe ser eliminada. No seu lugar Fishman introduce "Nin bilingüismo nin diglosia" que completaría a cuádruple relación que implica a contraposición entre os dous términos según as relacións de presencia e/ou ausencia de un ou de ambos términos. A nova situación estaría marcada pola ausencia de ambos. É decir, en términos positivos, sería a situación que coñecemos co nome de "monolingüismo".

Intentaremos agora explicitar algo máis cada unha das catro relacións posibles entre diglosia e bilingüismo seguindo a Fishman:

1. DIGLOSIA CON BILINGÜISMO. Prodúcese esta situación cando a comunidade lingüística na súa totalidade maniféstase como diglósica, mentras que dita diglosia refléxase a nivel particular como bi-

[1] Joshua A. Fishmann, *Bilingualism with and without Diglossia; Diglossia with and without Bilingualism*. J. S. I. XXIII n.º 2, 1967.

lingüismo (composto). No marco da Península Ibérica o exemplo máis claro é a situación lingüística de Galicia, onde o castelán cumple o papel de lingua alta "A" e o galego o de lingua baixa "B". Con todo, é preciso señalar e insistir que en Galicia non existen duas comunidades lingüísticas diferenciadas (A e B), sinón unha soia comunidade caracterizada xustamente por ser unha comunidade diglósica. Cicáis sexa esta característica o que diferencia o caso galego do caso catalán ou vasco.

2. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO. Esta situación prodúcese cando a distancia social entre as duas comunidades que entran en conflicto é moi grande, de tal xeito que os contactos son escasos e moitas veces as relacións entre elas son confiadas a traductores. Exemplo desta situación foron as "élites" europeas anteriores á primeira guerra mundial ou á sociedade rusa do século pasado. Ditas "élites" usaban entre si exclusivamente o francés (ou outra lingua alta de prestixio) mentras que o resto de poboación usaba o ruso ou a lingua vernácula de cada país.

Convén señalar que ao contrario que no caso anterior onde a diglosia afectaba a unha soia comunidade, aquí a relación diglósica prodúcese entre duas comunidades lingüísticas distintas.

3. BILINGÜISMO SIN DIGLOSIA. Ao parecer esta situación prodúcese cando os medios de produción atópanse nunha comunidade lingüística mentras que a man de obra é aportada por outra comunidade distinta. Para Fishman é o caso dos emigrantes hispano-parlantes ou italo-parlantes nos USA ou o dos países de África e Asia que sufriron un rápido proceso de industrialización según modelos occidentáis.

De novo atopamos, como no caso anterior, que a diglosia afecta a duas comunidades lingüísticas.

4. NIN DIGLOSIA NIN BILINGÜISMO. Esta situación prodúcese somentes en comunidades reducidas, xeográfica e históricamente aillada, nas que a diferenciación social (estratificación) é moi pequena, de tal xeito que a distribución de roles sociáis é escasa. Aínda así, certas actividades (relixiosas, máxicas, mediciñáis, etc.) requiren unha especialización léxica e con frecuencia secreta para o resto da comunidade, polo que o "monolingüismo en sensu estrictu" non é uniforme nin homoxéneo, escomenzando a actuar xa a diglosia.

II

Si excluimos este último caso e nos detemos nos tres primeiros veremos que:

a) Mentras o apartado *diglosia con bilingüismo* fai referencia a unha soia comunidade lingüística, os outros dous, refírense a duas ou máis comunidades distintas.

b) Non está clara a distinción feita entre *diglosia sin bilingüismo e bilingüismo sin diglosia* nin creemos que metodolóxicamente sexa productiva.

Nefeito, pra ilustrar os casos de *bilingüismo sin diglosia* Fishman cita os casos dos países do Oeste Africano ou dos emigrantes portorriqueños, italianos nos USA (aquelas situacións onde a man de obra procede dunha comunidade e os medios de produción mailo capital doutra). Pero é evidente que aquí as pautas de comportamento verbal propias dunha e doutra comunidade recubren distancias sociáis claras e que a variedade alta A, conleva uns nivéis de prestixio que non ten a variedade baixa B, que non é máis que un sociolecto dentro da comunidade A. O mesmo Fishman recoñece que "ao principio as duas comunidades lingüísticas poideran manter a súa propia diglosia cunha certa dosis de bilingüismo ou ao contrario unha diglosia xeneralizada sin bilingüismo[2] e máis adiante recoñece tamén que "o *bilingüismo sin diglosia* maniféstase sobre todo como un estado de transición tanto para os repertorios lingüísticos das comunidades como para as variedades lingüísticas implicadas"[3], e aínda máis "os inmigrantes desplazados nun país e os seus fillos para os que unha solución aparte é raramente posible, teñen unha inclinación particular a empregar a súa lingua materna e a outra para as súas comunicacións internas, e esto dun xeito aparentemente arbitrario"[4].

A vista destes argumentos dados polo propio Fishman creemos que a situación descrita como *bilingüismo sin diglosia* non é máis que un caso particular de *diglosia con bilingüismo*. En efecto, o que certo tipo de emigrantes (nos USA) tenda a usar a súa lingua materna e a outra dun xeito "aparentemente" arbitrario (sin unha distribución funcional) para as súas propias comunicacións internas, non quere decir que nos atopemos ante un caso de *bilingüismo sin diglosia*, sinón que os factores diglósicos operaron a unha velocidade tal que destruiron a distribución funcional que ambas variedades mantiñan en orixen. Recordemos que a aparentemente distribución arbitraria das variedades A e B, soio se produce para as comunicacións de carácter interno na comunidade B (inmigrados) e nunca fora dela, onde soio é posible utilizar a variedade A, que é a única que asegura a comunicación entre ambos grupos, polo que queda ben claro que as duas variedades marcan situacións sociáis diferenciadas. O que sucede dentro da comunidade B é que a súa cohesión interna nun principio marcada pola variedade B (italiano, castelán, etc.) está desmoronándose, de tal xeito que a dita variedade xa non é capaz de marcar dunha forma plausible as diferencias entre A e B. É decir, o grupo B intégrase progresivamente no grupo A e as súas características sociáis e lingüísticas deixan de funcionar en favor dos usos sociáis e lingüísticos da comunidade A.

Polo tanto o que aquí é relevante é o feito de que existan en orixe duas comunidades (A e B) coas súas variedades lingüísticas respectivas A e B. A progresiva desaparición do grupo B e da variedade B marcan un proceso de asimilación de B en A e como

---

[2], [3] e [4] Joshua A. Fishmann, páx. 100 e ss. en *Sociolinguistique*, Paris-Bruxelles, 1971.

remate de dito proceso a desaparición da variedade B, a aparentemente distribución arbitraria da variedade A e B para as comunicacións internas en B non é máis que o último estudio da asimilación de B en A, que pasa pola destrucción da cohesión interna de B e perda progresiva da "lealtade lingüística" que os membros de B mantiñan coa súa variedade. O que nun principio eran duas comunidades lingüísticas rematarán sendo unha soia despóis da absorción de B por A. Hai que decir, sin embargo, que a desaparición da variedade B é sempre posterior á desaparición do grupo B como entidade social.

Por outra banda, sería difícil, cando non imposible, explicar o feito de que, a partires dunha situación de *diglosia con bilingüismo* ou de *diglosia sin bilingüismo*, como Fishman suxire, se poida pasar a unha situación de *bilingüismo sin diglosia*. Nada hai no proceso enriba señalado que marque a desaparición da diglosia, xa que a única forma que a diglosia ten de ser superada non é máis que a "normalización" ou a "sustitución", nunca o bilingüismo como situación referida a unha comunidade.

O outro tipo de emigración, por exemplo, a dos galegos en Alemania ou Suiza, non sería difícil de encadrala no apartado *diglosia sin bilingüismo*, xa que as relacións entre as duas comunidades son escasísimas e a duración desta emigración é relativamente corta con repecto a outras, polo que non cabe pensar nunha integración do grupo B no grupo A, que é o que caracteriza unha situación de *diglosia sin bilingüismo*.

III

Si esta interpretación se dese como válida, as tres relacións positivas (de presencia de ambos ou cando menos dun dos factores, diglosia e bilingüismo) que Fishman propón quedarían reducidas a duas:

—*Diglosia sin bilingüismo*
—*Diglosia con bilingüismo*.

mentras que a que Fishman dá como terceira posibilidade *bilingüismo sin diglosia* quedaría reducida según os casos a unha déstas, dado que o relevante *non é a confrontación entre os términos, bilingüismo e diglosia, sinón saber si o conflicto lingüístico afecta a unha ou duas (ou máis) comunidades*. Cando a diglosia afecta a unha soia comunidade lingüística na que hai duas variedades enfrentadas atopámonos ante un caso de *diglosia con bilingüismo*. Si polo contrario o conflicto se establece entre duas (ou máis) comunidades coas súas respectivas variedades atoparémonos ante un caso de *diglosia sin bilingüismo*, situación que como veremos máis adiante tenderá a resolverse como *diglosia con bilingüismo*, podendo coexistir ambas situacións aínda que distribuidas socialmente.

Tanto en Fishman como en outros autores, as relacións entre bilingüismo e diglosia foron estudiadas "sincrónicamente", mentras que as relacións xenéticas (diacrónicas) que entre sí manteñen, quedaron relegadas a un segundo plano. Si estudiamos os conflictos

lingüísticos dentro dunha comunidade cunha perspectiva histórica amplia veremos que os diversos casos máis enriba descritos son estadios sucesivos que as linguas recorren ao longo do conflicto e que o resultado final do mesmo é sempre ou a NORMALIZACIÓN (a lingua B cobra carácter de lingua A e este perde o seu carácter en favor de B) ou a SUSTITUCIÓN (a lingua A dialectaliza progresivamente a lingua B hasta a súa desaparición). Podemos esquematizar o dito anteriormente así:



Esquema que ampliado quedaría:

I	II
MONOLINGÜISMO (nin diglosia nin bilingüismo)	IIa. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO ou IIb. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO E DIGLOSIA CON BILINGÜISMO

III	IV
DIGLOSIA CON BILINGÜISMO	NORMALIZACIÓN SUSTITUCIÓN

Estes serían, pois, os distintos estadios que un conflicto lingüístico recorrería (recorre) si dito conflicto é contemplado no seu total desenrolo. Hai que ter en conta que en realidade non son catro sinón tres, os estadios dos conflictos xa que o estadio IV é dialectalmente o I. A normalización ou a sustitución comportan en sí a desaparición da diglosia e do bilingüismo nos seus aspectos integradores. No caso da sustitución diglosia e bilingüismo desaparecen totalmente. No caso da normalización pode suceder que a antiga lingua A permaneza a nivel "instrumental" como vehículo que asegure a comunicación cunha comunidade máis amplia, diríamos entón que éste sería un caso de "bilingüismo sin diglosia", pero convén insistir en:

a) Dito bilingüismo sería coordinado e non composto xa que

b) a antigua lingua A perde o seu carácter integrador en favor da lingua B e entón o bilingüismo sería unha práctica exclusivamente individual xa que si

c) o bilingüismo afecta á meirande parte da comunidade ou á súa totalidade o conflicto non queda resolto, porque o peso cultural e o prestixio da lingua A amenazarán constantemente con subvertir a situación.

Noutro orde de cousas e volvendo ao esquema proposto inicialmente vemos que o segundo término aparece descrito da seguinte maneira:

IV

IIa. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO
II.b DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO E DIGLOSIA CON BILINGÜISMO

Podería parecer a primeira vista que o término II debería estar saturado soio polo esquema *Diglosia sin bilingüismo* (duas comunidades, duas variedades lingüísticas sin apenas contactos, cada variedade representaría un estatus social distinto), mentras que o esquema *diglosia con bilingüismo* sería o paso seguinte, o término III, que resultaría da redución das duas comunidades a unha soia (proceso de asimilación), permanecendo o enfrentamento entre as duas variedades lingüísticas. En efecto esta é unha das posibilidadas pero non a única, xa que poden darse simultáneamente os dous casos de *diglosia sin bilingüismo* e o de *diglosia con bilingüismo*. Polo contrario non creemos que poida darse en orixe o caso de *diglosia con bilingüismo*, xa que éste será sempre o resultado do caso anterior ou da simultaneidade de ambos.

Obxetaráse que históricamente ocurrirá sempre en primeiro lugar o caso de *diglosia sin bilingüismo* e logo o de *diglosia con bilingüismo*. Teóricamente esto é así, pero a inmediatez, e no caso dun parentesco próximo entre as linguas en conflicto será problemático falar de inmediatez, con que esto ocurre oblíganos a consideralos máis como simultáneos que como sucesivos (aínda que distribuidos socialmente). Así, o caso de *diglosia sin bilingüismo* marcaría a irrupción dunha comunidade noutra, e o caso de *diglosia con bilingüismo* marcaría o proceso de asimilación dunha comunidade (a B) noutra (a A). A redución das duas comunidades nunha soia estaría marcada pola xeneralización (extensión social) de *diglosia con bilingüismo*.

V

Para ilustrar o esquema exposto máis enriba, analizaremos brevemente as distintas etapas que o conflicto galego-castelán recorre en Galicia. Sin intentar sentar plaza en canto ás datas, podíamos establecer as seguintes etapas:

1. *Monolingüismo:* (nin diglosia nin bilingüismo): hasta o século XIV.

2. *Diglosia sin bilingüismo* e *diglosia con bilingüismo:* desde o século XIV hasta o XIX.

3. *Diglosia con bilingüismo:* séculos XIX e XX, extendéndose socialmente a diglosia dun xeito xeral coa caída do antigo réxime e a chegada da monarquía constitucional e o réxime liberal de 1833.

A primeira fase (nin diglosia nin bilingüismo) non significa en absoluto unha etapa de normalización, aínda que a normalización implique a ausencia da diglosia. Na E. M. non existe unha variedade supradialectal que se impoña á xeneralidade dos galegos como lingua "standard". O modo de produción feudal non necesita para nada unha lingua nacional que recubra as relacións de pro-

dución que por definición na época feudal son particularistas e non universalistas. A lingua galega na E. M. é a lingua normal dos galegos pero non unha lingua normalizada (sometida ás normas tanto lingüísticas como sociáis). Neste sentido podemos decir que non había unha lingua normalizada na Península Ibérica, xa que a normalización non é unha propiedade da lingua que en si mesma non coñece máis que dialectos. Os procesos normalizadores son moito máis recentes e haberá que facelos coincidir coa ascensión da burguesía.

A penetración do castelán en Galicia prodúcese como consecuencia da decadencia do antigo Reino de Galicia e a maior intervención nos asuntos da mesma de institucións e xentes extrañas a ela. Dita penetración pode decirse que se inaugura xa con Fernando II quen no seu afán centralizador crea en Galicia o cargo de "Adelantado Mayor". Neste momento Galicia vese privada das súas aspiracións nacionáis.

Queremos adevertir que a única pretensión é intentar demostrar que o esquema proposto "funciona". Os escasos datos e, en especial, os escasos datos de primeira man que de aquí en adiante manexaremos farán que nalgunhas ocasións (ou en moitas) as nosas opinións sexan discutibles.

Castela consolídase como reino hexemónico en tódolos ordes.

Deixando aparte feitos políticos e sociáis de sobra coñecidos compre citar aquí o feito de que é en tempos de Fernando III cando se fai a primeira tradución do "Forun Iudicum" ao castelán ao mesmo tempo que o castelán convírtese en lingua usual dos documentos xurídicos, mentras que o leonés e o galego fican relegados nun cultivo meramente particular sen institucións propias que os potencien. A fundación da Universidade de Salamanca terá un papel fundamental na cultura castelán (como a de Coimbra-Lisboa para a cultura portuguesa) e pouco despóis con Alfonso X alcanza o seu máximo esplendor a Escola de Traductores de Toledo. En Galicia a Literatura dos Cancioneiros chega ao seu apoxeo pra iniciarse ben pronto a súa decadencia e difícilmente podemos citar feitos culturáis galegos parangonables cos casteláns.

Por outra banda, os continuos conflictos entre os concellos das cidades e a nobleza atraen unha maior intervención da monarquía nos asuntos galegos. Así sucedéu ao fin da guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastámara. Coa subida ao poder deste último prodúcese en Galicia unha verdadeira invasión de "bispos, alcaldes maores, correxidores daiáns de cabildos e hasta cregos, coengos e abades. De por parte, chegan eiquí xentes de outros reinos, pra ser donos de terras e vasalos; os Estúñigas, en Monterrei; os Enríquez, en Monforte de Lemos; en Ribadavia, os Sarmientos, e en Allariz, os de Benavente. E arrastran tras si criados, recaudadores e escribanos" [5].

---

[5] X. Ferro Couselo, páx. 251 e ss. en *Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego*, en Homenaxe a Otero Pedrayo. Ed. Galaxia. Vigo, 1964.

Introdúcese, pois, cos Trastámara o primeiro gran continxente de xentes non galegas que construirán o primeiro foco diglósico. E xustamente é diglósico pero non bilingüe, ao menos nos comenzos. Pro ao mesmo tempo en que se produce en Galicia esta primeira "invasión" comenza o proceso de asimilación da nobleza autóctona de Galicia aos usos e comportamentos lingüísticos dos "invasores", constituíndose así o segundo foco diglósico que haberá que adxetivar comvo diglósico e como bilingüe, xa que a nobleza galega non esquencería o seu idioma dun xeito repentino.

Este proceso acentúase cando Enrique III otorga aos alcaldes maiores facultades xurídicas, pero reservando as tarefas de goberno central. Coa derrota dos Irmandiños e máis tarde coa dos partidarios da Beltraneja, que en Galicia foron numerosos, sucedéu o que Zurita deu en chamar "la doma y castración de Galicia" que significóu o sometimento dos señores feudáis en beneficio da monarquía. Así os RR.CC., crean a Santa Hermandad, e por unha cédula datada en Toledo no 1480, crean a Real Audiencia, encarregada da administración de xusticia en sustitución dos antigos Alcaldes Maiores. É preciso engadir, que na mesma data de 1480, e a petición dos procuradores das Cortes de Toledo, decrétase que non se conceda o título de escribano sin examen e licencia do Real Concejo, o que implica, en canto á lingua escrita se refire, que o idioma galego perderá terreo dunha forma irreversible. Afírmase que houbo un decreto prohibindo o uso do galego nos documentos oficiáis, decreto que non se atopa por ningures cicáis porque endexamáis foi promulgado, e non foi promulgado porque cicáis non fixo falla: as condicións adxetivas do proceso de asimilación eran tan fortes que o facían inútil.

O castelán penetra, pois, debido á asimetría entre administradores (posesores) e administrados. Os primeiros ou son de orixe extraño a Galicia ou no caso da nobleza autóctona abandonan o galego como lingua integradora na propia comunidade e somentes o usarán a nivel instrumental. Os segundos conservarán o carácter integrador da súa lingua, pero as condicións tan precarias dos continuos e necesarios contactos cos primeiros obrigarán paulatinamente a un uso cada vez maior do castelán co que as bases da propia asimilación estarán xa dadas. (Hai dous feitos que xeneralmente non se citan cando este problema da asimilación lingüística é tratado e que teñen importancia aínda que sexa negativa: a creación no 1504 da Universidade de Santiago e a chegada da imprenta a Galicia. Con decir que o primeiro libro impreso enteiramente en galego data de 1863 ("Cantares Gallegos") penso que fica todo explicado.

Despóis de todo o dito, creemos que hai base de abondo pra considerar que o conflicto galego-castelán seguíu nos seus comenzos o camiño que indicamos co esquema seguinte:

I		II
MONOLINGÜISMO	⟶	DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO e DIGLOSIA CON BILINGÜISMO

A situación reflexada polo subesquema DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO faría referencia ao foco diglósico de orixe non galego (1.ª comunidade lingüística) mentras que o subesquema DIGLOSIA CON BILINGÜISMO referiríase ao foco diglósico autóctono (2.ª comunidade lingüística). A asimilación producida antre ambas comunidades en beneficio da primeira reflexaríase no subesquema DIGLOSIA CON BILINGÜISMO como resultado da desaparición de DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO. En resumen:

I. MONOLINGÜISMO (nin diglosia nin bilingüismo)	⟶	IIa. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO Foco diglósico alóxeno e asimilador. Nobleza non galega. IIb. Foco diglósico autóctono e asimilado. Nobleza galega.

Duas citas son significativas para apoiar esta interpretación: en 1597 o Cabildo de Santiago redactóu o seguinte texto "...en este arzobispado como en el obispado de Orense ... se dieron los mejores beneficios de ellos a los reinos extraños, pero a los que penetibus ignoraban la lengua gallega" [6]. Juan de Valdés no 1535 escribe "como la lengua castellana se habla no solamente por toda Castilla, pero en el reino de Aragón, en el de Murcia y el de Galicia, Asturias y Navarra y este aún entre gente vulgar" [7]. Dous séculos máis tarde Sarmiento escribe cousas como as que siguen "el idioma gallego tan desconocido de todos y tan despreciado aun de los paisanos", ou esta outra cita onde pide que se faga algo "para que los gallegos depongan el odio que tienen contra su lengua" [8]. O prexuicio lingüístico que a autoxenreira implica estaba, si temos que creer a Sarmiento, extendido xa por Galicia, o que é un síntoma da velocidade con que actuaban os factores diglósicos. Aínda que a meirande parte da poboación é monolingüe (en galego) a valoración positiva da propia lingua escomenza a perderse.

A situación descrita máis enriba perdura, groso modo, hasta a caída do Antigo Réxime. Coa chegada da monarquía constitucional e o progresivo paso dunha sociedade estamentaria a unha sociedade de clases, co Liberalismo e o Romanticismo prodúcense en Europa

---

[6], [7] e [8] Citados por Alonso Montero en *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*. Ed. Akal. Madrid, 1973.

o que se deu en chamar os movimentos "rexionáis ou nacionáis". En España, a aparición do Noxo Réxime significa para as nacións que o Estado español contén unha nova ordenación xurídica e provincial, así como a creación (tardía) dun aparato escolar autónomo e dependente do poder central. Deste xeito a "monarquía constitucional" preséntase como moito máis centralizadora que o Antigo Réxime, quen a pesares do seu título de monarquía Absoluta non o era tanto xa que ao menos conserva a "Rexión" como unidade administrativa sustituindo ao antigo virrei por un capitán xeneral. O incipiente nacionalismo burgués ten por obxetvo o crear un mercado nacional que abranxa todo o territorio estatal e pra elo élle imprescindible outer un mínimo de información xurídica e económica que asegure a libre circulación das mercancías e tamén a propia forza de traballo como mercancía. A centralización é pois o resultado deste proceso uniformador que amenaza con destruir todas as particularidades rexionáis e/ou nacionáis. A este proceso refírese Murguía cando di "todavía la centralización no había dado sus frutos de muerte" e "no se habían formado esas nuevas aristocracias administrativas que lo mismo que las derrocadas, amenazan cada día más con apoderarse del Estado y contra las cuales no hay otro remedio que la descentralización de la vida provincial"[9]. O nacionalismo burgués do XIX preséntase como un movimento integrativo basado fundamentalmente na familia e na localidade, onde o urbán e o rexional aparecen enmarcados dentro dunha unidade superior: a supranacionalidade. O estado inicia así un proceso de dixestión das diversas nacionalidades que contén. Este proceso de reauntentificación preséntase en Francia como francesización de Bretaña, Occitania, etc., e en España como "españolización" de Galicia, Euskadi ou Cataluña. A unidade así conquerida (estatal e supraétnica), aparece como un principio racional onde se reconcilian tódalas particularidades. As "minorías nacionáis" e en especial as súas linguas aparecen como anomalías que é preciso suprimir en beneficio do novo Estado. As aristocracias administrativas, xogan o mesmo papel, salvando as distancias, que o que xogaron as aristocracias de sangue na Galicia do XVI en diante. Xunto a elas é preciso citar a creación dun aparato escolar obrigatorio e en castelán como instrumento decisivo pra conseguir a uniformación lingüística e con ela a extensión social da diglosia, aínda que tamén é preciso recoñecer que a instauración da escola estatal e obligatoria será un proceso longuísimo que non se fará afectivo dun xeito xeneral ben entrado o século XX.

Por todo o dito, o século XIX, é pra Galicia o tempo da xeneralización da diglosia e paralelamente o é como reacción, a aparición dun movimento de rehabilitación cultural, lingüístico e social: o Rexurdimento. O esquema proposto inicialmente ficaría finalmente así:

---

[9] Manuel Murguía, páxs. 28-29 en *Los Precursores*. Ed. La Voz de Galicia (edición facsímil). A Cruña, 1975.

I. MONOLINGÜISMO → IIa. DIGLOSIA SIN BILINGÜISMO
e
IIb. DIGLOSIA CON BILINGÜISMO →

→ III. DIGLOSIA CON BILINGÜISMO { NORMALIZACIÓN (Rexurdimento, etc). / SUSTITUCIÓN (Extensión social do castelán) }

RAFAEL CHACÓN CALVAR
Pontevedra



AS REVOLTAS PREINDUSTRIÁIS EN GALICIA: O LUDISMO

1. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

Dende hai uns anos, vense xeneralizando entre os historiadores do movemento obreiro a hipótese que considera ás revoltas ludistas como formas primitivas de resistencia dos traballadores da industria ás consecuencias sociáis do maquinismo. Sen dúbida, nesta formulación contribuíu tanto unha leitura feita apresa do pensamento de Marx [1] como os primeiros estudos que introduciron o tema en España [2]. Investigacións máis novas e detalladas [3] permitiron centrar o fenómeno ludista no periodo da crise da produción artesanal e doméstica coa aparición das primeiras formas de actividade industrial.

Mais corrémolo risco de interpretar o ludismo como unha forma de resistencia, propia dos asoballados, aos avances da industrialización, como violencia somentes de artesáns e labregos mixtos [4] desplazados pola máquina. Esta segunda hipótese, ben situada na alternativa histórica de duas formacións económicas e sociáis antagónicas, contradice, como logo veremos, co papel dirixente que levan nas revoltas ludistas certas forzas sociáis privilexiadas do Antigo réxime.

Ao meu parecer, as duas concepcións do ludismo —como forma primitiva de oposición obreira ou como resistencia exclusiva de artesáns e labregos mixtos ao avance industrializador— deixan ver

---

[1] Marx plantexouse o fenómeno da desfeita das máquinas nestes termos: "Houbo de pasar tempo e acumularse esperencia antes que o obreiro soupese distinguir a maquinaria do seu emprego capitalista, acostumándose polo tanto a desviar os seus ataques contra os medios materiáis de produción pra dirixilos contra a súa forma social de explotación" (*O Capital*, libro 1.º, sec. 4.ª, cap. XIII). O concepto polémico é eiquí o de *obreiro* que, ou corresponde a unha tradución inesacta —máis correcta sería a de *traballador*— ou utilízase no senso de suxeto que vende a súa forza de traballo ao marxen dun determinado modo de produción e non necesariamente no capitalista. No termo caberían tamén os traballadores preindustriáis (vencellados á organización gremial ou ao *domestic system*) e non somentes os traballadores industriáis. De tódolos modos, a confusión semántica queda aclarada polo propio Marx cando dí: "Si ás veces se loita contra a creación de manufeituras, os ataques non parten dos obreiros, parten dos mestres gremiáis e máis das cidades privilexiadas".

[2] As primeiras investigacións encol do ludismo peninsular, centradas na desfeita da fábrica "El Vapor" dos Bonaplata barceloneses, deixaban ver un fondo político; emporeso o fenómeno quedóu catalogado no capítulo adicado ás liortas polo mando entre partidos.

[3] A historiografía británica deunos un modelo interpretativo moito máis sólido e coherente a resultas da radicalización dos traballadores preindustriáis marxinados polas máquinas. Pódese ver neste senso (sigue no castelán).

[4] Os labregos mixtos alternan o traballo da terra coa práctica da pequena manufeitura doméstica.

unha explicación insuficiente da loita de clases, moito máis complexa do que aparentemente se manifesta. Nin os traballadores industriáis son os causantes da desfeita da maquinaria, da que por outra banda dependen pra subsistir como tales, nin os artesáns e labregos mixtos son os únecos que destrozan os teares mecánicos, pois comparten este protagonismo con outras clases interesadas en última instancia en propiciar o fracaso das esperencias industrializadoras que poideran poñer en perigo posicións de privilexio social. Para a súa completa comprensión, temos que situar, polo mesmo, o ludismo no derradeiro capítulo de transición ao capitalismo, na crise do Antigo réxime.

Podemos, pois, de un xeito provisorio sinalar as circunstancias que prepararon o seu nacemento histórico. Por unha banda, indicar que, como oposición aos avances da industrialización, implicóu unha resistencia organizada das forzas sociáis que estaban sendo desplazadas da vida económica. A aparición da industria e do comercio capitalistas afectaba na mesma medida aos privilexiados da organización gremial, de manufeitura doméstica e máis do comercio tradicional, xa que supoñían unha competencia forte co abaratamento dos costes de produción e dos precios de mercado; mais afectaba tamén aos traballadores da organización precapitalista, traballadores agremiados e labregos mixtos xunguidos ao *domestic system.*

Por outra banda, pódese tamén sinalar que esta oposición colle corpo cando se presentan condicións excepcionáis que agudizan a contradición entre o modo de produción feudal e o capitalista. Case sempre os motíns ludistas asoman en tempos de crises de produción agrícola puxando cara á revolta de fame ao campesiñado mixto, ou ben en tempo de contracción comercial donde resulta perdida a comercialización da pequena produción artesanal, cousa que fería os intereses do gremio e máis dos traballadores agremiados. Mercaderes, mestres gremiáis ou *verleger* levan a protesta labrega ou gremial cara a queima e a desfeita da maquinaria. A máquina queda, deste xeito, presentada como a culpable do derrumbe do antigo marco económico, o chivo que concentra todolos males que trae a nova sociedade e que, no seu ver, lexitiman a protesta.

Aínda que as primeiras revoltas ludistas que coñecemos se produciron no marco do *domestic system*[5], a súa aparición en España estivo condicionada tamén pola supervivencia anacrónica dos gremios e agudizada moitas veces por implicación de orden político que, no fondo, non eran máis que outra manifestación da contradición plantexada entre os partidarios de un ou de outro sistema económico.

Unha das máis prontas aparicións do ludismo en España, a dos labregos mixtos da bisbarra de Alcoi[6], podémola encadrar no período de crise da manufeitura doméstica orixinada pola reconver-

[5] Nos condados ingleses en que o sector do tecido está vencellado á producción doméstica. Pódese ver G. Rudé, *La multitud*, pp. 85-98.

[6] R. Aracil e M. García Bonafé, *Industrialització*, pp. 129-147.

sión industrial da Fábrica de Draps que deu como resultas o desplazamento de man de obra campesiña. No 1821, unha pequena tropa de labregos queimóu a nova maquinaria de cerdar e fiar a lá diante da inibición do responsable militar local[7].

Pro o fenómeno ludista non é somentes rural. Un exemplo coñecido de ludismo urbán en España é a queima da fábrica de Pedro Arnau, no 1854 —co antecedente dos anos trinta na destrución da fábrica "El Vapor" propiedade dos irmáns Bonaplata—, que reproduce perfeitamente a agonía da pequena manufeitura artesana de orixe gremial. A introdución da nova maquinaria pra tecer —as *selfactinas*— foi tamén nesa ocasión o elemento desencadeante da queima da factoría polos donos de pequenos obradoiros marxinados pola meirande produción capitalista[8]. Unha das interpretacións máis extendidas do conflicto destacóu a responsabilidade dos traballadores da industria do tecido, aludindo a que actuaban sin unha clara conciencia de clase[9]. Pro os obreiros malamente poderían destruir —e danse ben de conta eles[10]— a cadea que os xuncía á subsistencia, pois a ruina do capitalista era tamén a degradación das súas sempre precarias condicións de vida.

Pese a que, ate agora, tódolos estudos encol do ludismo céntranse no sector do tecido, o primeiro en desvencellarse históricamente da organización precapitalista do traballo, pode ser que, ao tempo que turren pra diante as investigacións neste campo, vaiamos coñecendo focos de resistencia ludista noutras ramas da actividade económica que tamén sofriron a incidencia da industrialización. Impónse así unha ampliación do conceito a todo xeito de revolta preindustrial cuio obxetivo principal fora a desfeita da maquinaria por parte das forzas sociáis marxinadas pola produción industrial[11].

---

[7] Non se exprica a desaparición de toda a documentación relativa ao asalto, que podería evidenciar aos verdadeiros responsables da actividade depredatoria. A ausencia de fontes detalladas nas revoltas ludistas en España é unha constante pra o noso período. Pódese ver neste senso a chamada 31 deste mesmo traballo.

[8] En xeral, estes pequenos obradoiros eran de fiatura. Nun escrito dirixido, tras os sucesos, ao capitán xeral, os fiadores teñen conciencia da súa marxinación, debida según eles á introducción das selfactinas (*Diario de Barcelona* do 29 de xullo de 1854, citado por D. Ruíz, *Luddismo*, pp. 189-190).

[9] M. Tuñón e máis outros autores recollen esta hipótese. Pódese ver *El movimiento obrero en la historia de España*, Madrid, Taurus, 1752, pp. 36-40 y 73-75.

[10] "El operario de Barcelona —din nun manifesto— quiere defender y defenderá a riesgo de su vida los establecimientos fabriles que esta ciudad encierra" (*Diario de Barcelona*, 8 de outono de 1854, cit. por D. Ruíz, *Luddismo*, p. 192).

[11] G. Rudé e máis E. P. Thompson coinciden, non embargantes, en sinalar o ludismo como fenómeno de desfeita de maquinaria industrial circunscrito na historia de Inglaterra ao período que vai entre 1811 e 1816 (pódese ver respectivamente *La multitud*, pp. 85-98 e *La formación histórica*, t. III, pp. 55-216). Como coidará o leitor, eiquí dinlle preferencia por razóns de método ao conceito no seu senso máis amplo e chámolle ludista a calquera das revoltas provocadas directamente polo rechazo á industrialización. Alégrame que o mesmo Rudé na súa *Revolución industrial*, escrita en colaboración co Hobsbawn, abandone o seu criterio tan restrinxido cando pasa a calificar ás revoltas *swing* de ludismo labrego.

Mais a aparición das máquinas, que todos facemos coincidir coa primeira Revolución industrial, non ten por qué ser exclusiva deste período. De feito, coñecemos no século XVII máquinas de tecer, no senso máis amplo da verba, que se movían coa forza do vento ou da auga, e a súa importancia quedóu empequenecida pois a súa aplicación á produción non desencadeóu as transformacións sociáis propias dos tempos do maquinismo. Mailo importante, dende este punto de vista, é que o emprego destas primeiras máquinas durante o Antigo réxime orixinóu fortes movementos de repulsa entre os tecedores, un precedente do ludismo que Marx ollóu lúcidamente xa pros séculos XVII e XVIII [12]. A loita contra a máquina foi unha constante no Antigo réxime —durante a transición ao capitalismo— que se agudiza conforme avanzaban as conquistas técnicas da primeira Revolución industrial. Temos que entender, pois, que o período de 1811 a 1816, sinalado pola historiografía británica como cénit do ludismo, é somentes un lindeiro variable, cos seus antecedentes no século XVII e sobre todo na segunda mitade do XVIII, e tamén con postrimeirías importantes en sectores económicos e máis países que chegaron tarde a se industrializare [13].

A resistencia á industrialización tivo tamén a súa patética manifestación no sector do agro: o ludismo labrego ou revolta *swing*, estudiado hai pouco en Inglaterra por E. J. Hobsbawn e G. Rudé, e que por certo obedece ao descontento do campesiñado diante da utilización capitalista da terra. Dende este punto de vista, o paralelo español da revolta *swing* inglesa podería ser o carlismo decimonónico, fillo da privatización dos comunáis que trouxo a desamortización civil e que privóu aos labregos do norde e nordés dos seus precarios medios de subsistencia. De tódolos modos, a súa transcendencia política fai do carlismo unha revolta que escapa do marco deste traballo.

2. O LUDISMO GALEGO

No caso que temos nas mans, imos aproveitar as duas observacións de inantes: a) as revoltas ludistas aparecen en sectores que non son do tecido, pro tamén afectados pola primeira onda industrializadora; b) os seus comenzos son de antes do período 1811-1816, datas éstas da meirande tensión e que casan tamén co cénit do conflicto en Inglaterra.

Os dous sectores económicos, os primeiros históricamente en recibir o impacto capitalista en Galicia foron o da pesca e o do salgado (que xa teño estudiados en xeral noutro traballo [14]). Interesa aquí

---

[12] Marx deunos algúns datos, que colle da historiografía do seu tempo, como a revolta dos galoneiros de Leyden, no 1629, que obriga aos Estados xeráis a restrinxir o uso da máquina de tecer cintas e galóns, os motíns dos tecedores de Colonia, no 1676, semellantes aos de Hamburgo e Londres polas mesmas datas (*O Capital*, lib. 1.º, sec. 4.ª, cap. XIII.

[13] Esta pode ser a orixe do conflicto plantexado nas rías galegas, aínda de dramática actualidade, entre os partidarios do marisqueo artesán e industrial.

[14] L. Alonso Alvarez, *Industrialización*..., Akal, Madrid, 1976.

suliñar algúns dos elementos materiáis que desencadearon certas transformacións na sociedade da Galicia costeira a finais do Antigo réxime. O feito de introducir un método de pesca relativamente industrializado —os *arrastres*—, de instalar factorías pra o salgado do peixe e de comercializar máis racionalmente a produción, integrando un mercado novo —o do Mediterráneo catalán e valencián—, de demanda asegurada, que trae unha certa estabilidade pra os precios do peixe fresco e salgado son somentes algúns destes elementos cos que a nova burguesía industrial —os *fomentadores*, casi todos eles de procedencia catalana— cambeóu profundamente a estructura da sociedade galega dende os derradeiros anos do século XVIII. O cambio non afectóu soio aos productores de excedente pesqueiro —*matriculados* e *terrestres* [15]—: afectóu tamén aos seus beneficiarios a través da percepción de direitos señoriáis ou por simple transacción (nobres, cregos e mercaderes). Entón, o caso galego amosa en maior medida que nos outros a implantación que no movemento ludista tiveron as crases privilexiadas do Antigo réxime e non somentes, como ate agora supoñíamos, os artesáns e labregos mixtos. Éstes, dende logo, quedan marxinados da produción pois non poden competir cos arrastres, condanados a practicar unha pesca de subsistencia debido á baratura do precio do peixe, sen outra posibilidade que emigrar a reinos veciños ou, no millor caso, a vender o seu traballo aos fomentadores [16]. Pro ás clases privilexiadas da Galicia costeira prantéxaselles unha cuestión máis complicada: van desaparecer coma tales clases privilexiadas. Na percepción de direitos señoriáis pola pesca, obsérvase unha baixa das rentas de nobres e cregos, pois coa marxinación progresiva dos productores de excedente —que se non emigran, traballarán ao xornal cos fomentadores, e nese caso non queren saber nada dos seus antigos señores [17]— desaparece lóxicamente a percepción de aqueles direitos. Polo que toca aos mercaderes e mestres do gremio de mareantes, grupos heteroxéneos constituidos na maior parte por unha nobreza de segunda fila ben encastelada no poder local —xueces ordinários, escribanos, rexidores, etc.—, ao non poder xa enriquecerse coas fluctuacións dos precios e perder a primacía no control do novo mercado, quedan desbordados e obrigados a se renovar ou desaparecer.

---

[15] Os primeiros eran pescadores e mariñeiros agremiados, mentras que os outros alternaban a pesca coa laboura da terra, labregos mixtos, pois.

[16] No 1757, mentras os motíns de Corcubión e Cee, os matriculados manifestaron que, se os fomentadores "insistieran en hacer la pesquería, abandonarían sus casas y desertarían de aquel país" (Arquivo Xeral de Simancas, *Segredaría de Marina*, leg. 261. Pola outra banda, a proletarización dos pescadores é un fenómeno visible en tódalas fontes durante o derradeiro tercio do século XVIII.

[17] Na Illa de Arousa e noutros lugares, os pescadores asalariados néganse a pagar o antigo dezmo do mar, suliñando que "a tiempo que tenían aparejos suyos propios dedicados a la pesca pagaron [...], pero después, por decaimiento de facultades, se dedicaron al jornal [...] y mientras permanecieran en ese ejercicio no consideraban estar sujetos a dicha paga" (Arquivo Rexional de Galicia, *Sección Pillado*, leg. 13132/41.).

Deste xeito poderíamos expricar ben as razóns que levaron ás clases privilexiadas, dunha maneira máis visible que noutros países, a participar nos motíns ou encanar pra os seus intereses o malestar dos asoballados, botándollos contra o que eles coidaban a orixen do cambio que se estaba operando: as redes de arrastre, as fábricas de salgado ou as propiedades de fomentadores impopulares.

Arrinca o ludismo galego de datas moi anteriores ao período 1811-1816. Nas vilas de Corcubión e Cee, a poucos anos de chegar as primeiras formas de actividades industrial, no 1757, estalóu un dos motíns ludistas máis vellos da Galicia mariñeira. A fonte documental [18] describe a revolta deste xeito:

"Se amotinaron las mujeres de esta villa de Corcubión y las de Cee, tocando las campanas para convocarse [...], armadas de palos, piedras y horquetas, insistiendo en que no habían de pescar los catalanes en los términos y tratos de que se hayan posesionado los vecinos".

Asegún a testemuña que deu o comendador Juan Escardó, oriundo de Cataluña, que se atopaba faenando cos seus pescadores (asalariados), despóis de celebrar a asamblea "unas mujeres en gran número [...] se lo impidieron a pedradas [...], tratándoles de catalanes rebeldes". Prosigue a testemuña que "siguiendo su alboroto [...] se fueron a la villa y puerto de Cee", onde "tomaron y quitaron unas redes de Pablo Fábregas que estaban a secar". Outro teste presente declararía que en Cee "se juntaron unas sesenta mujeres y bajando a la ribera embarazaron el desembarco de la pesca, tirándole muchas piedras, maltratándole de palabra y aun de obra a uno de sus marineros que vino a tierra y que con gran trabajo consiguió escaparse". Seguidamente, as mulleres correron cara á fábrica de salgado, onde atoparon aos obreiros descargando o sal. Éstes, na súa declaración, queixaríanse de que "unas mujeres de matriculados [...] se lo fueron a impedir, arrojándoles en el suelo, tratándoles de palabras injuriosas, amenazándoles con palos en las manos".

¿Qué forzas sociáis están realmente tras os ludistas de Cee e Corcubión? Varias fontes coinciden en apuntar cara aos poderes locáis: abade, xuez, escribano e rexidores. Asegún os fomentadores implicados, a xusticia debería "proceder no sólo contra los súbditos de la jurisdicción de marina [os matriculados] sino también contra los demás y especialmente contra el alcalde ordinario que presume ser promovedor de los citados sucesos". Máis adiante revelan que ás mulleres "se las avisó por sus casas de orden del juez ordinario don Antonio de Lema para que agavilladas concurrieran a la suya" [19]. Poucos anos dispóis, nun memorial que dirixiron ao segreda-

[18] A.X.S., *Marina*, leg. 261. A razón da participación femenina nestes motíns débese a que, mentras os homes dependían da xurisdicción da Armada, como dí a matrícula de Ensenada, as súas mulleres somentes quedaban afectadas pola xurisdición ordinaria, menos severa.

[19] A.X.S., *Marina*, leg. 261.

rio da Armada sinalan que na vila de Corcubión "los marineros y sus mujeres se levantaron contra los catalanes y demás personas que hacían la pesca con la jábega [rede de arrastre], rompiéndolas y apedreándolas, apadrinando según parece este hecho el juez y el cura párroco'[20].

Cando e ocupóu a xurisdicción ordinaria das dilixencias sumariáis, o xuez procedéu a requisar as redes de arrastre, mentras aseguraba na cadea a dous fomentadores. Os ludistas acolleron ben a sentencia "aclamando al citado juez con viva el Rey, al capitán general que es nuestro amparo y remedio" e en algures ouviuse parolar: "Buena había sido la determinación de don Antonio de Lema, que ahora sí que irían los catalanes con doscientos mil demonios"[21].

Meses dispóis, cando intervéu a xurisdicción da Armada, o auditor sinalaba que "los naturales y vecinos de la villa [...] se ocultaban para no declarar, y los que podían ser habidos se hacían ignorantes de las circunstancias esenciales de los lances para la averiguación de la verdad". E remataba, falando do motín, que "ha costado mucha sangre y funestas consecuencias el reprimirlo"[22].

Ao cabo de seis anos, no 1763, rexurdiu a protesta na xurisdicción de Redondela, onde a mariñeiría se erguéu contra os fomentadores de Vigo. Os autores do devandito memorial describen cómo os mariñeiros "tapiaron de piedras, para impedirles la pesca y que se rompieran sus aparejos, los secaderos, postas de Arealonga y la calzada de dicha ría, privando no sólo la pesca sino el fondeadero de los navíos"[23].

No 1765 temos outra vez xermolos de protesta ludista: "los matriculados de la villa de Cangas, en la ría de Vigo, *acostumbrados a vender el pescado y sardina* que pescaban con sus redes de cerco *a los precios que querían,* experimentando que no podían conseguirlos iguales a causa de la abundancia de pescado que cogían los catalanes con las jábegas, hicieron otros atentados mayores, que fue tapar de piedras las postas y secaderos de Samil y Con de dicha ría, robaron remos, rizones, cuerdas y plomos de varias lanchas y artes"[24]. A análise é tan clara que non compre comentala.

Ate 1782 non puiden atopar outras fontes pra estudar o ludismo galego. Este ano os feitos van acontecer na cidade da Cruña, onde se tiña establecido unha compañía de pesca e máis salgado desvencellada dos organismos gremiáis e dirixida por capitalistas galegos. O gremio de mareantes, que no decir dos seus representantes "tenía establecido el mejor método de pesca", tiña denunciado repetidas veces diante as autoridades a ilegalidade da compañía "para que como los demás individuos de él [gremio] sufrieran sus cargas, pues no contribuían a ellas", mais pola contra, "con las máximas

[20] A.X.S., *Marina,* leg. 298.
[21] A.X.S., *Marina,* leg. 261.
[22] A.X.S., *Ibidem.*
[23] A.X.S., *Marina,* leg. 298.
[24] *Ibidem.*

más perniciosas conspiraban a la total ruina del gremio"[25]. Como as autoridades calaron, o gremio "maginó modo de interrumpirla [a compañía] causando alborotos y quimeras que llegaron a escandalizar la ciudad", no decir do intendente da Armada. A documentación descríbenos aos enlouquecidos ludistas botando da factoría aos obreiros que, dí o seu testemuño diante o tribunal da Armada, "se vieron acometidos con un tropel de mujeres y muchachos de las familias de los citados acusados, que, amotinados, principiaron a despedir piedras sobre ellos que les obligaron a refugiarse en los cuerpos de guardia y casas de sus vecinos de aquella ciudad, rompiendo con las piedras vidrieras, ventanas e hicieron mucho estrago en los techos de las mencionadas casas"[26]. Velahí unha proba ben clara do carácter reaccionario da protesta ludista ao destacar o gremio coma un dos seus inspiradores inmediatos.

Nos trinta anos que siguen ao conflicto da Cruña desaparece a documentación de primeira man e somentes atopamos referencias confusas nas publicación da época. Chegamos así a 1812, data na que abondan as fontes.

A protesta de 1812, localizada na ría de Muros e Noia, ten a meirande significación, pois por primeira vez o ludismo galego non limita a súa actitude depredatoria cara elementos relacionados coa pesca capitalista: o seu norde vai ser a queima das fábricas de salgado da ría[27]. Pasma, tamén, o grado de organización dos ludistas, que dispoñían dunha pequena tropa armada e máis artilleiría.

Aínda que dun xeito incompleto, coñécese ben a cronoloxía do sucedo. A mariñeiría pensóu, de primeiras, desfacer as postas e arrastres, tarefa ben difícil pois estaban defendidos dende terra polos obreiros dos fomentadores[28]. A pesares do tiroteo que sofría, a tropa ludista puido crebar as postas e redes de Esteiro, Salto, Laxeiras, Coira e Portosiño. Neste porto, na fábrica de Alexandre Gaioso, concentrárase o groso da defensa, que tiña pra se escudar sesenta fusiles e catro cañóns. Cecáis por primeira vez na súa vida, sacaron proveito os ludistas do longo tempo de instrución nos vaxeles da Armada: destacaron algúns homes nunha chalaniña convertida en improvisada cañoneira pra cobrir as operacións do grupo e puideron verter varias toneladas de pedras enriba das aborrecidas redes que se perderon no mar. Pro a continua provocación dos defensores alporizóu aos mariñeiros que atrapalladamente amarraron diante da fábrica, saqueárona e queimárona, correndo e disparando tras os traballadores. Cando éstes poideron rexuntarse, aguilloaron aos bébedos ludistas, que reaccionaron arrecunchándoos nas outras

[25] A.X.S., *Marina*, leg. 274.
[26] *Ibidem*.
[27] No miolo da protesta atópanse tamén elementos de revolta de fame provocada por unha crise de subsistencia na que aconteceron varios casos de acaparamentos de gran por parte dos fomentadores.
[28] Un anónimo e acalorado testemuño presencial chámalles "paisanaje que armado por los catalanes disfrutaba de un sueldo corrompedor" (*Carta muradana*, 1813, panfleto pro-ludista do que conservamos un anaco no R. Artaza, *Historia de la muy noble, muy leal y muy humanitaria villa de Muros*, Compostela, 1908, pp. 36-48).

fábricas da ría. Dese xeito, outras cinco factorías quedaron desfeitas polo lume, unha delas a do Salvador Martorell en Esteiro, ademáis de un galeón, seis chalanas e un número sin determinar de redes de arrastre que estaban a secar na ribeiramar[29]. Un cálculo prudencial, baseado no peritaxe feito da fábrica de Gaioso, sube o total das perdas a pouco máis dos 500.000 reás de vellón.

Entre os papéis do sumario que instruíu a xurisdicción ordinaria —denantes que a Armada se ocupara do caso— consérvase unha petición do Gaioso esixindo "se aplique a esta gente forajida las penas establecidas contra los incendiarios y tumultuantes del pueblo con menosprecio de la autoridad del gobierno", querendo complicar aos ludistas nun ámeto político que nunca tiveron. Non embargantes , a causa foise deixando ate 1816, data na que chega á Audiencia "sin que se hubiese hallado ni halle reo alguno arrestado[30]. Anos despóis desaparece unha parte da instrucción sumarial[31] e o tribunal da Armada leva preso ao escribano de Muros, "que con toda precipitación fue sacado de esta villa y remitido al departamento [do Ferrol] en cuyo poder se hallaba la causa"[32].

¿Cómo se desenrolóu posteriormente o ludismo galego? Hai rastros de que estas formas de protesta preindustrial seguiron producíndose de forma periódica, aínda que a investigación non é moi satisfatoria neste punto. Aparte de algunha referencia bibliográfica sen fonte contrastable[33], o derradeiro tento ludista do Antigo réxime hai que situalo tamén no Portosiño, en 1830, e vencellado na memoria daqueles homes á tradición de 1812.

Moreas de mariñeiros, algúns armados, abordaron un galeón ancorado no porto porque esperaban atopar nel unha rede arrastreira. Seu dono laiábase de que "a la viva fuerza se la arrancaron de la mano de mis criados y marineros". Posteriormente, os amotinados asaltaron unha das fábricas de salgado do peixe e requisaron outra rede semellante "dejando un recibo", todo un símbolo da xusticia no nome da que crían actuar. De seguida quixeron recuncar noutra das fábricas, mais rexeitárono diante da forza dos seus defensores. No xuicio que siguéu, o fomentador perxudicado enumeraba así as resultas do motín: "treinta hombres a quienes tengo que pagar el estipendio diario, según ajuste mensual; la pesca que

---

[29] A.R.G., *Causas,* leg. 119/10.

[30] *Ibidem.*

[31] Das 58 follas que tivera o sumario primitivo, desapareceron as 30 primeiras, sen dúbida as máis clarexadoras. Estas desaparicións de autos son cousa que se repite en tódalas revoltas ludistas e cecáis obedeza ao deliberado interés de seus protagonistas, temerosos da represión. Neste senso é sintomática a detención do escribano de Muros, un dos líderes de 1812, responsable da fuga sumarial.

[32] A.R.G., *Causas,* leg. 119/10.

[33] J. Carrera Pujal, *Historia de la economía española,* Barcelona, 1945, t. IV, p. 305, relata que con motivo da epidemia de cólera de 1821 "se atribuyó aquella calamidad a las fábricas de salazón y se pegó fuego a más de una". Tamén J. Díaz de Rábago, *La industria de la pesca en Galicia,* t. V das súas *Obras completas,* pp. 23-24, comenta pra estas mesmas datas un feito semellante e que sitúa na illa de Arousa. Ningún deles comunica referencias documentáis.

los demás artes cogieron y los míos podrían coger si no fuese ese acontecimiento; el atraso en la elaboración de la sardina; las fábricas paralizadas y sin trabajar como se debe y los aparejos recogidos desde el galeón". Aquello lle "recordaba en el momento el triste cuadro de la quema de los almacenes de Portosiño, ejecutada en otros tiempos por los naturales y tal vez por alguno de los tumultuarios de esta ocasión" [34].

A importancia deste segundo motín no Portosiño radica en que aparecen algunhas características que completan o cadro do ludismo galego, ao terse constancia por primeira vez da identidade de dous dos seus improvisados líderes, un fomentador endebedado e desclasado —o Ventura Pérez— e o escribano de Muros —o Manoel Caamaño— e revelarse por outra banda un grado de organización e solidaridade solprendentes, como amosa o feito de que os ludistas fixesen un recibo das redes incautadas pra escudir represalias nos asalariados [35].

E xa pra rematar, o autor quixera indicar que é consciente das limitacións deste simple exercicio de investigación. Propono, emporeso, como caso significativo que pode introducir algunha matización no estudo da transición ao capitalismo, ao tempo que vale de indicador da protesta preindustrial en Galicia, capítulo que non por pouco coñecido temos que considerar inexistente.

LUIS ALONSO ÁLVAREZ
Santiago

[34] A.R.G., *Pillado*, leg. 11678/16.
[35] E. P. Thompson, *La formación histórica*, destaca feitos semellantes cando estudia o movemento ludista inglés de 1811-1816.

NOVOS POEMAS GALEGOS

A MIÑA NAI

A miña nai é moi vella;
vive nunha rúa moi rica
perto do Museo Británico.

Ela non fala coma eu,
non fala o inglés de Londres:
fala coma irlandesa.

A súa linguaxe está poboada
con meigas, fantasmas,
anxos, xenios,
e unha hierarquía sobornatural.
O seu banco está nas cadeiras
no recanto da cociña:
alí pon as poucas moedas que ten,
e soña na súa aldeia de Irlanda,
pensando regresar un destes días
co seu diñeiro aforrado,
e alí estar deitada
dormindo o sono dos santos
que morreron nos brazos
da Santa Igrexa Católica.

Vivéu case toda a súa vida no centro
de Londres;
é un país estranxeiro sen o amor
e costumes da súa terra.

Hai sesenta anos
cando chegóu a Londres
fecháronse todas as portas contra ela.
A única espranza era a igrexa

onde acorreron as masas famentas,
vítimas dun sistema crudel e vicioso.

Cada domingo compra o semanario irlandés;
así pode ler os nomes de irlandeses
da súa aldea,
regresados de América cunha fortuna.,
Pro en xeral non hai nada máis que
unha lista de difuntos,
e noticias de enterros.

E pouco a pouco
a miña nai síntese isolada
nunha terra forasteira,
e os montes e ríos de Irlanda
retíranse da súa imaxinación,
e en lugar prepárase pra entrar
naquela terra onde poida discorrer
con Deus,
e coa boa xente da súa infancia.

MAR GALEGO

Outono
dos naufraxios
mar de cumes brancos
até o infinito
e pola beira
un cemiterio
dunha profundeza infinda
de esquezo
mar
mundo valdeiro
fora do tempo.

VILLALBA

Castelo arrodeado
de rúas e casas,
onde a xente
olla ao forasteiro
con solpresa;
e as nenas saúdanno
cun "Good-bye",
e van correndo
ás súas nais
cun pouco de vergoña.

Ao final de cada rúa
hai espacio
cheo de ventos;
espacio que dá a volta
aos ceos.

Villalba
de segredos e susurros;
Villalba,
isolada das terras verdes,
elévase aos ceos,
onde se perde
antre as brétemas
e nubes radiantes.

FERROL

Dende Fene
sartegos branqueados
de Caranza

chubascos
choiva
xente chorando
de pensamentos
anguriados

unha fonte cristaíña
de gaitas
aloumiña
ista xente labrega.

PROBE CRUÑA

Probe Cruña,
teño medo das túas autopistas,
dos teus arrañaceos e bancos,
das túas masas proletárias,
das túas fábricas e pontes,
da túa vida sen alma.

Onte este apartamento,
envolto nun gas tóxico,
era un campo verde
con froles marelas e brancas.
Era un paraíso.

Este home cunha pistola
era un neno cariñoso,
intelixente e traballador.

Ouh Cruña!
Teño medo da sombra que envolve
o teu centro comercial.
Teño medo dos teus ventos fríos de finanza,
dos teus gridos triunfantes,
do teu progreso,
da túa fartura,
da túa prosperidade...
...da túa probeza.

A túa cidade é unha illa forasteira,
un país de cegos e xordos.
Ouh Cruña!
Teño medo da túa correría hastra o abismo,
dos teus cines e quiosques,
da túa libertinaxe.

Ouh Cruña!
Cómo és probe,
e teño medo de ti!

LA ROSITA

A brisa do sul
leva o tango da túa voz,
enchendo esta rúa coa túa presenza:
as arbres tremantes,
separadas
dos seus campos amados,
suspiran...
e a rosa rubia
sufocando
no calor da cidade,
grita con angustia
como as ondas de nostalxia
enchen a súa vida interior
co desexo dunha vista
da súa terra nadal.

Pro estamos xordos aos seus gritos
porque somentes naquel arrecendo delicado
podemos comprender a rosa,
escoitar o seu lamento,
e darlle un pouco espazo
nos nosos fríos corazóns.

Este tango,
nacido naquelas terras calurosas
alén do mar,
é o prefume da rosa,
interpretándoa,
dándolle forma musical,
de sorte que,
os que aman a rosa
poden aprender os seus camiños segredos,
como cando nos vence co seu prefume
un pouco antes dunha tormenta.

LUGO NOS MEUS SOÑOS

Vexo as arbres suspendidas no ár;
a choiva gotexa polas follas marelas.
Os paseios mollados reflexan o silenzo da cidade,
bañada nunha luz marela.
Os cafés e tendas son illas de soedade
cheos de formas acotoveladas.

Vexo unha fuga de gansos do Oriente;
suben dun lago de cristal.
Pingas de choiva nas ramas
capturan a luz do sol
que xa aparece dunha nube de prata.

Unha múseca estraña enche os camiños e paseios,
quentándoos aínda.
Na lonxanía María, Mae de Deus,
con unha guirlanda de espiñeiros,
enche coa súa presenza as alamedas e rúas douradas.
Ten na man unha escápula,
e perto da muralla hai moita xente.

De súpeto
unha nube cobre a cidade,
e non hai nada,
somentes
o prefume
dun paraíso
perdido.

RECORDO DE BÓS AIRES

Rúas molladas:
alamedas e prazas con froles;
cidade de sépia,

eco do tango nos hotéis
—Plaza, Claridge, Crillon, Richmond, Oriente—
todos envoltos nunha brétema de recordos.
Francisco Canaro e a súa orquestra típica,
Carlos Gardel,
homes e mulleres,
vestidos de loito;
rosas,
taxis con xente misteriosa,
taxis con destinos segredos.

Parque Lezama,
nenas fermosas con froles,
arbres e vieiros escuros,
xardíns, roseiras e coreto.

Múseca domingueira;
galegos, italianos, escoceses e sirios;
xente sen humor.
Ingleses que non saben falar inglés,
outros de Hurlingham, Belgrano e Quilmes
tomando té ás cinco,
xogando ao tenis,
e cada un imitando a monarquía inglesa,
falando inglés como un "milord",
non sabendo nada do mundo da realidade.

Cidade de noite baixo a choiva
cos seus bares e cafés con xente infeliz,
vagamundos e mariñeiros bébedos;
tangos e cantigas tristeiros.

Bós Aires,
dór espiritual
dunha alma perdida.

A POZA

Na poza
vexo
o ceu
esplendente
en
toda a súa gloria.

Sen
poza
sen
choiva
nada.

PAREDES

Nas cidades de Galicia
as paredes e muros
son libros;
de súpeto
(despois de cuarenta anos de silencio)
brotan verbas, gridos de guerra,
declaracións, ensaios,
deseños e pinturas.

E no hospital
o probe obreiro
coa perna esquerda quebrada
confésalle á súa muller
que o derrubou un coche
na Rúa do Pintor Fulano de Tal
cando estaba lendo
unha parede.

As paredes son a parte
da educación do neno,
e do obreiro.

ABANDONÉI O MEU FOGAR

Abandonéi o meu fogar glacial
en Inglaterra.
Era a Noiteboa,
e levaba o meu corazón
como unha pedra.

Cheguéi a Galicia.
Ouh, cómo eran fermosas
as estrelas naquela noite fría!
E cómo eran lindos
os outeiros lonxanos!

Cheguéi á túa casa
co meu corazón de pedra.

De súpeto unha lufada de luz cortaba
a noite estrelada
coa súa múseca.

Choréi un pouco;
xa estaba eu
morto ao pasado e ao futuro.

Somentes quixera me transformar
na túa atmósfera;
invadir os outeiros verdes
como o orballo da mañá;
sobir aos ceos
como aqueles balóns do Carnaval.

Cheguéi á túa casa
onde achéi o amor
da tua Galicia.

LONDRES

Estóu en Londres,
e naide quere saber
o que penso
o que amo
o que sofro.

Estóu en Londres
e naide quere saber nada de min.

COLLÍN UN SEIXO

Collín
un seixo
do río Eume
en Pontes.

Collín
ouro ascondido,
o cantar do río,
unha relíquia desta Galicia
de soños.

Collín
embora
un mundo
e téñoo
no meu peto.

GERALD DENLEY
Londres

BORIS VIAN, NO VINTE CABODANO DA SÚA MORTE

Boris Vian, de orixe armenio, nacéu en Versailles (París) no ano de gracia de 1920. O mes era o de marzo. O día 10. Foi o terceiro de catro irmáns. Dous irmáns, maiores ca el, e unha irmá. Era veciño e amigo do que despóis sería un gran músico, Yehudi Ménuhin. A súa adolescencia estivo marcada polo Major, extraño persoaxe que lle inculcóu o gusto pola música e máis o teatro. Estudióu inxeneiría e nela licenciouse. Fixo algúns inventos nesta materia, pero cedo deixouna pola música.

Vian, dentro da música, foi de todo: compositor e intérprete (estaba considerado un gran trompetista de "jazz" e tocóu con figuras coma Charlie Parker, Erroll Garner ou Duke Ellington); cantante e director dunha casa de discos (fundóu e dirixíu a firma "Fontana" da casa Philips).

Pero non foi tan soio músico. Vian foi actor de teatro e de cine (aparece en films coma "Devoir de Vacances", de Paul Paviot; "Ulysse ou les mauvais recontres", de Alexandre Astruc; "Les Liaison dangereuses", de Roger Vadim; etc.); tolo do volante (deses que se adican a chocar uns autos con outros); conferenciante, pedagogo, crítico musical (de "jazz" sobre todo, inda que tamén tivera as súas ideas sobre a canción francesa); cronista (escribéu en "Les temps modernes" —a revista de Sartre— unhas crónicas chamadas do "Parlamenteur", que poderíase traducir coma "parlamentiroso", que ten o mesmo sonido ao se pronunciar que "Parlamentaire", parlamentario); home de mundo, autor de teatro, de guións de cinema, de libretos de Balet, de ópera, traductor (do xeneral Bradley e de Strinberg); narrador e novelista, autor de novelas da serie negra co nome de Vernon Sullivan, e toda unha outra serie de etcéteras (as súas actividades no teatro patafísico, etc.), que non encherían todo o que foi Boris Vian.

Mais Boris Vian foi coñecido antes que nada por unha novela que despóis odiaría —*J'irai cracher sur vos tombes*—. A historia da novela é a seguinte. Un editor amigo pídelle que lle traduza "de l'americain" unha novela que seña un bet-seller. Vian preséntalle días despóis *J'irai cracher sur vos tombes*. A novela vai pasando sin pena nin gloria, vendéndose medianamente cando un tal Parker, arquitecto, un deses homes que se coidan a conciencia do mundo, denuncia a novela por incitar aos adolescentes ao crimen. Días despóis un home mata á súa muller, enriba do seu cadáver deixa un exemplar da novela. O escándalo estrala e a novela véndese en cantidades. No xuicio por escándalo público pídenlle a versión inglesa da novela. Vian, coa axuda dun amigo, tradúcea ao idioma de Shakespeare, pero no xuicio declárase autor da novela, da maldita novela xa. Maldita porque Vian odiaráa pra sempre. Hai quen dí que foi a causa da súa morte. Vexamos por qué. A novela é levada ao cine, Vian desautoriza a versión, pero non pode facer nada debido ao contrato. Na proiección privada da película, antes do estreno,

Boris morre dun ataque cardíaco; era un 23 de xunio de 1959; tiña 39 anos.

Pero ese non foi o único disgusto coas forzas vivas que tivo Vian. En 1954 compuxo unha bela canción: "O desertor". Pouco despóis, un concellal do Axuntamento de París pide a súa prohibición, xa que aquéla é un aldraxe pra os ex-combatientes. Vian sae ao paso. El, na "Carta aberta ao señor Fabre, concellal", dí que a súa canción é precisamente un canto aos ex-combatientes, xa que éstes están cansos da guerra: "Créame... 'ex-combatiente' é unha palabra peligrosa; ninguén debería fincharse de ter feito unha guerra, debería lamentalo —un ex-combatiente está millor situado que ninguén pra odiar a guerra. Porque todos os verdadeiros desertores son 'ex-combatientes' que non teñen a forza de ir hastra o final do combate (...). Hastra nova orden eu considero ao ex-combatiente como un civil ditoso de selo"; pero Vian non se detén eiquí na súa réplica. Máis adiante sigue decindo que os soldados franceses "mal armados, mal guiados, mal informados, non tendo a miudo pra se defender máis que un fúsil no que decote non entraban os cartuchos que lles daban, os soldados de 1940 deron ao mundo unha lección de intelixencia rexeitando o combate" (explicación máis que doada da desfeita francesa diante dos nazis). Este foi outro dos disgustos de Vian, pero sin consecuencias.

O terceiro disgusto de Vian foi o éxito acadado polas súas novelas policíacas —que se vendían a milleiros—, mentras que as súas grandes e belas novelas quedaban pra deleite duns cantos centos, poucos, de franceses, casi todos amigos. Mentras *J'irai cracher sur vos tombes* levaba vendido centos de milleiros de exemplares, *Vercoquin et le Plancton* editada o mesmo ano non se vendía nada. Sóio despóis da súa morte, cando *L'ecume des Jours,* o maior canto de amor dos nosos tempos (Raymond Queneau), foi editada en libro de peto; a súa obra foi coñecida por mozos de novas xeneracións e a súa verdadeira obra topóu milleiros, centos de milleiros de lectores... Vian estaría ledo.

Tal vez o lector galego, politizado hastra a médula, bote de menos unha actitude política definida en Vian; coidamos que os seus textos (parte dos traducidos por nós), falan por sí mesmos, inda que habería que matizar que "a vida de Vian permanece xenéricamente desvencellada dun compromiso político, cada un dos seus actos, cada unha das súas obras, revela un compromiso específico co home e o seu destino" (Miguel Bilbatua).

Da grande producción de Boris Vian, cinco novelas, tres libros de narracións, catro de poemas, cinco obras teatráis, tres libros de ensaios, dúas óperas, varias ducias de guións pra filmes, libretos pra balets, centenares de reseñas sobre "jazz" e música, e catro novelas da serie negra, co seudónimo de Vernon Sullivan, en castelán (xa que en galego non), están traducidos —que coñezamos nós— os seguintes:

NOVELAS

— *La espuma de los días,* Editorial Bruguera e Editorial Pomaire.
— *El arrancacorazones,* Editorial La Flor.
— *Vercoquin y el Plancton,* Editorial La Flor e Editorial Felmar.
— *Otoño en Pekín,* Editorial La Flor.

RELATOS

— *Los perros, el deseo y la muerte,* Editorial Tusquets.

TEATRO

— *Los forjadores del imperio,* Editorial "Cuadernos para el diálogo".

Sobre Vian existe o libro de J. Clouzet, *Boris Vian,* publicado pola Editorial Júcar (neste nibro hai traduccións de varios dos seus poemas e das súas cancións). Júcar tamén dou ao prelo a *Escupiré sobre vuestras tumbas,* a sonada novela policíaca.

Non temos noticia de que se estrenara ningunha obra de Vian no territorio do Estado español. Hai uns cantos anos estrenouse a versión cinematográfica de *L'Ecume des Jours,* dirixida por Charles Belmont que houbera causado a segunda morte de Boris Vian.

Hastra eiquí, Vian. Quixera adicar estas traduccións e estas páxinas a Ricardo Muñoz Suay. Nono coñezo, pero un día de 1969, lendo a revista "Fotogramas" lín por primeira vez un texto de Vian. Eran uns anacos de "O político" (traducido íntegramente por nós), e traducía estes anacos porque "me ha recordado aquel nexo de Vian con la realidade de todos". Era 1969, fai dez anos. O nexo sigue vivo inda que a realidade de todos varióu un pouco.

O DESERTOR

Señor Presidente
Escríbovos unha carta
Que vostede cecáis lea
Si ten tempo

Remato de recibir
Os meus papeles militares
Pra ir á guerra
Antes do miércoles polo serán

Señor Presidente
Eu non quero facelo
Non estóu na terra
Pra matar pobres xentes

Non é pra enoxalo
Compre que lle diga
Tomei a decisión
Vou desertar

Despóis de nacer
Vin morrer ao meu pai
Vin marchar aos meus irmáns
E chorar aos meus fillos

A miña nai sofrer tanto
Que xa está na súa tumba
E moquéase das bombas
E moquéase dos vermes

Cando estaba na cadea
Roubáronme a miña muller
Roubáronme a miña alma
E todo o meu querido pasado

Mañán moi cediño
Pecharéi a miña porta
No naríz dos anos mortos
E iréime polos camiños

Mendigaréi pra vivir
Polos vieiros de Francia
De Bretaña a Provenza
E direille ás xentes

Non obedezades
Nona fagades
Non vaiades á guerra
Negádevos a ir

Si compre dar o sangue
Vaia dar o seu
Vostede é un bó apóstol
Señor Presidente

Si me fai perseguir
Dígalle aos seus xendarmes
Que non iréi armado
E que poden tirar

O POLÍTICO

Petaron na miña porta
Erguínme do leito
Entraron na miña habitación
E mandáronme vestir

O sol pola fiestra
Reflexábase no chan
Dixéronme ponte os teus zapatos
Alguén cantaba na chaira

Baixéi a escaleira
Entre os seus dous uniformes
Apoiado nalgunha esquina
Despreguizábase un vagamundo

Daranme a febre
A luz nos ollos
Partiranme as pernas
A patadas rabiosas

Non vos diréi nada
Pois non teño nada que decir
Eu creo no que amo
E ben o sabedes

Leváronme aló abaixo
Na gran sala roxa
Deixáronme nun curruncho
Coma un moble... coma un can

Preguntáronme a edade
Respostéi vintasete
Escribiron mentiras
En pesados rexistros

Querían que repetira
Todo o que cantara
Había unha mosca
Na manga do escribano

Quen vós dóu o dereito
De xuzgar ao voso próximo
O voso traxe de roupa negra
Ou os vosos rostros de loito

Non vos diréi nada
Pois non teño nada que decir
Eu creo no que amo
E ben o sabedes

Metéronme na gaiola
Veñen a verme todos os días
Queren que eu fale
E eu moquéome dos seus discursos

Moquéome das amenazas
Moquéome dos vosos golpes
O sol chega ás sete
A despertarme na miña celda

Un día ao mencer
Alguén virá a me buscar
Racharán a miña camisa
E ataranme os puños

Si queredes que viva
Deixádeme en libertade
Si queredes que morra
Pra qué me torturades

Pois non diréi nada
Non teño nada que decir
Creo no que amo
E vós ben o sabedes

MORREREI...

Morreréi dun cáncer na columna vertebral
Sucederá nunha noite arrepiante
Clara, quente, perfumada, sensual
Morreréi por envenenamento
De certas células pouco coñecidas
Morreréi a causa dunha perna arrincada

Por unha rata xigante saída dun burato xigante
Morreréi de cen golpes
O ceo cairá sobre de mín
E quebrarase coma un vidro pesado
Morreréi a causa dun berro
Que estoupará os meus tímpanos
Morreréi de feridas xordas
Feitas ás dúas da madrugada
Por matóns indecisos e calvos
Morreréi sin me decatar
Enterrado sobre as ruinas secas
De mil metros de algodón caído
Morreréi afogado en aceite sucio
Pisoteado por bestas indiferentes
E, pouco despóis, por bestas diferentes
Morreréi desnudo, ou vestido de tela roxa
Ou metido nun saco cheo de follas de afeitar
Morreréi cecáis sin me poñer
Barniz nas uñas dos dedos dos pés
E de bágoas cheas as mans
Morreréi cando me despeguen
As pálpebras baixo un sol rabioso
Cando lentamente se me digan
Maldades á orella
Morreréi de ver torturar nenos
E homes abraiados e pálidos
Morreréi rillado vivo
Por vermes, morreréi coas
Mans atadas baixo unha cascada
Morreréi queimado nun incendio triste
Morreréi un pouco, moito,
Sin paixón, pero con interés
E logo, canto todo teña rematado
Eu morreréi

SIN TÍTULO

A forza de ollalas
Hai palabras que vos poñen enfermos
Palabras coñecidas pero peligrosas para manexar
Agás si se as arrodea de música,
Ponse zucre abondo arredor de almendras agres.
Palabras como area, herba,
Como sol, como extensión de punta a punta,
Como pel dourada, como cabelos loiros,
Como dentes brillantes e beizos salados
E logo outras palabras, inda máis peligrosas
"Ninguén pode ir ao horizonte"
E as máis peligrosas de todas:
"Inda é millor á quinta vez"
Felizmente, cheas de vellos anacos de zinc
Fabrican dende a fenomenoloxía hastra o tiraliñas
E balancéanvos bombas atómicas a traverso da gorxa
Excúsome... o alento da inspiración...
Non todos os días a musa nos visita

SI CHOVERAN BÁGOAS

Si choveran bágoas
Cando morre un amor
Si choveran bágoas
Cando os corazóns son duros

Sobre a terra enteira
Durante coarenta días
As bágoas amargas
Asolagarían as torres

Si choveran bágoas
Cando morre un neno
Si choveran bágoas
No riso dos malvados

Sobre a terra enteira
En ondas grises e xeadas
Follas amargas
Arrolaran o pasado

Si choveran bágoas
Cando se matan os corazóns puros
Si choveran bágoas
Cando se mata baixo os muros

Sobre a terra enteira
Habería o diluvio
Das bágoas amargas
Dos xueces e os culpables

Si choveran bágoas
Cada vez que a morte
Blandindo as súas armas
Fai saltar os decorados

Sobre a terra enteira
Non habería nada máis
Que bágoas amargas
Dos loitos e do destino

BORIS VIAN
Trad. XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
Barcelona

UN CONTO DE MISTERIO

1

Os rapaces deron en decir que a señora Petra —morta uns días antes— non estaba no nicho de pedra no que a meteran.

—Pero, ¿quén di eso?

—Dinno.

A señora Petra vivía soia. Tiña unha cabra blanca, cos cornos moi longos e retortos, que sempre levaba con ela, dun lado pra o outro, atada cunha corda de serdas de cabalo. Algúns, con razón ou sin razón, decían que era máis cabra a muller que a propia cabra. Non tiña sona de boa. Decían que era media bruxa. E así lle chamaban: Petra, a bruxa...

Sobre ela contábanse moitas cousas. Os mozos decían que a tiñan atopado nos camiños, ás altas horas da noite, calada, como unha estadea, envolta nun mantelo negro. Tras dela, a cabra blanca. Máis tarde, un gato negro. ¿De ónde viña? ¿Pra ónde iba? Ninguén o sabía.

2

De que non estaba no nicho corrérase pola escola un día, mentras os rapaces estaban no recreo. E, anque lles custaba creer tal cousa, tampouco —tratándose da señora Petra, de Petra, a bruxa— o deixaban de creer.

—Eso non pode ser —decían uns—. Se a meteron no nicho, no nicho ten que estar.

—Ou non.

—¿Quén foi velo?

Sí, era verdade. ¿Quén fora velo pra estar seguro de semellante cousa? Os rapaces calaban. Calaban e pensaban, pois non podían deixar de darlle voltas á cousa. Iban ao cemiterio e trataban de mirar polas regandixas das lousas que cubrían o nicho. Pero non vían nada.

—¿E se levantásemos as pedras?

—Deixádevos de parvadas —respondían algúns—. A señora Petra ten que estar ahí, posto que ahí a meteron. Todos vimos como o facían o día do enterro.

—Eso é certo. Pero, logo, ¿por qué din que non está?

—Non sei... Din que se levantóu e que se foi.

—Pero, ¿quén o di?

—Dinno... Parece que a viron coa cabra nas Gándaras do Toxal, días despóis de que fose enterrada.

—Boh... Troulas da xente.

—Os mozos tamén din que a viron unha destas últimas noites, xa perto da madrugada, cando viñan das mozas de Armariz, alá na cima da Cagallosa. Iba envolta no mantelo, calada como unha estadea, seguida pola cabra e polo gato.

3

Os rapaces calaban. Miraban as lousas que cubrían o nicho. Pero estaban intrigados. A cousa dáballes algo de grima, pero esa mesma grima —aquel misterio— atraíaos. Facíalles pensar na cousa. En Petra, na cabra, no gato... E seguían falando:

—Se non está no nicho, se se foi del, é que non morréu. Pois se morrera...

—Quen o sabe.

—Temos que averigualo.

—¿E cómo?

—Levantando as lousas do nicho.

—Eso non será suficiente. Teremos que abrir tamén a tapa da caixa.

—Abrirémola.

Pero aquelo era moito pra os rapaces. ¿Quén era o "neno bonito" que se atrevía a erguer as lousas e abrir a tapa da caixa pra mirar se a señora Petra estaba ou non estaba alí?

—Botarémolo a sortes.

—Ben... Anque millor será que o fagamos todos a unha. Un soio non pode erguer as pedras. Pesan moito.

—Pois farémolo todos. ¿Estades de acordo?

—Estamos.

4

Buscaron uns paus que fixeran de palancas e rousaron as pedras que cubrían o nicho. Viron a caixa pola parte da cabeza. Estaba pechada.

—É un conto —dixo un—. Ahí a tedes.

—Ahí o que temos é a caixa, pero non sabemos se a señora Petra está ou non está dentro dela.

—Se non estivera na caixa, a tapa estaría aberta, forzada. E non está. Fixádevos.

Non. A tapa da caixa estaba pechada e non parecía ter sido forzada por ninguén.

—Temos que abrila pra saber se é verdade. Agora que empezamos...

Retiraron as outras lousas —eran tres— hastra que a caixa quedóu toda ao aire.

—¿E quén a abre?

—¿Cómo?

—¿Que quén abre a tapa da caixa?

—Todos. ¿Non quedamos neso?

5

Coas mesmas palancas con que rousaran as pedras do nicho forzaron a tapa da caixa hastra que ésta se abríu. Os rapaces quedaron pasmados, asustados.

Dentro da caixa non estaba a señora Petra. Soio —mortos, podres— unha cabra blanca e un gato negro...

XOSÉ FERNANDEZ FERREIRO
A Coruña

RESPONSO PRA CELSO EMILIO FERREIRO

Pono, señor á túa man dereita,
pois era un neno triste e non xugaba,
nin tiña outra ledicia que o balbordo
dunhas campás ó alborexar o día.
C. E. F.

Salaióu a noticia
a fonda noite preta:
¡Fóisenos o poeta
pra sempre de Galicia!

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

No "soño sulagado"
percurache a verdade
da cimeira saudade.
¡E a morte no valado!

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

"Longa noite de pedra"
foi de Galicia a sorte.
De pedra longa morte,
a túa sombra inda medra.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

Indo xa de "viaxe
ao país dos enanos"
indilgache os lonxanos
pazos doutra paisaxe.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

¿Non hai "Antipoemas"
na luz da antimateria?
Xa non quero máis leria,
berros nin anatemas.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

Ti sabes que "Onde o mundo
chámase Celanova"
foise abrindo unha cova
pra ti, meu vagamundo.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

Nin cova nin sartego
poderán emporiso
celar teu paradiso
de poeta labrego.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

Rube de Deus ao colo,
neno sempre tristeiro
que andiveche o vieiro
de Santiago moi solo.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¿ónde vas, Celso Emilio
Ferreiro?

E olla sempre a Galicia
nun mencer feiticeiro,
Celso Emilio Ferreiro
na fragua da ledicia.

Ai, intre derradeiro
dun largacío exilio,
¡acouga, Celso Emilio
Ferreiro!

LOIS VÁZQUEZ
Madrid

SANTORO, APELIDO

Na presentación e leitura deste traballo ao Congreso Internacional de ONOMÁSTICA de Berna, decía o autor das liñas que siguen:

"Esta denominación parece entrañar la santificación o canonización del toro, cosa evidentemente absurda e irreal. ¿Cómo resolver, pues, el enigma?

Menéndez Pidal, *Manual,* p. 207, hablando de los restos del genitivo latino, aduce dos ejemplos que pueden proyectar luz sobre nuestro problema: *Villatoro* (Burgos) y *Toro* (Zamora). He aquí sus palabras: 1) Villa Gotthoru, ant. Villa *Otoro,* modern. Villa*toro* (barrio de Burgos); 2) Campi Gotthoru, ant. *Campotoro,* mod. *Toro,* en Tierra de Campos, con aféresis por etimología popular buscada en el animal 'toro'. A la verdad, en este último caso, la abundancia de verracos y toros 'ibéricos' en la región (Ávila, Valladolid, Zamora, Salamanca) podría brindarnos una alternativa de solución.

Comencemos por colocar ante nuestra vista la realidad estadística de la distribución actual del apellido *Santoro* y de sus variantes:

1. SANTORUM

Santorum (Carballiño, Orense)	1	
Santorum (Nogueira de Ramuín, Orense)	17	
Santorum (Pereiro de Aguiar, Orense)	8	
Santorum (Río, Orense)	2	
Santorum (San Amaro, Orense)	1	
Total, provincia de Orense		29
Santorum (Caldas de Reyes, Pontevedra)	1	
Santorum (Cambados, Pontevedra)	17	
Santorum (Marín, Pontevedra)	4	
Santorum (Vigo, Pontevedra)	1	
Santorum (Villagarcía, Pontevedra)	9	
Santorum (Lalín, Pontevedra)	6	
Total, provincia de Pontevedra		38

2. SANTORUN

Santorun (Puebla del Caramiñal, La Coruña)	1	
Santorun (S. Cristóbal de Cea, Orense)	3	
Santorun (Toén, Orense)	3	
Santorun (Estrada, Pontevedra)	2	
Santorun (Villanueva de Arosa, Pontevedra)	48	
Total de *Santorun*		57

3. SANTORÚM

Santorúm (Fornelas de Montes, La Coruña)	1	1
Total formas latinas		125

4. SANTORO

Santoro (Ribeira, La Coruña)	1	
Santoro (Orense, Orense)	1	
Santoro (Ribadavia, Orense)	2	
Santoro (Cangas, Pontevedra)	1	
Santoro (Mondariz, Pontevedra)	1	
Santoro (Pazos de Borbén, Pontevedra)	33	
Santoro (Porriño, Pontevedra)	1	
Santoro (Puente Caldelas, Pontevedra)	57	
Santoro (Redondela, Pontevedra)	1	
Santoro (Sotomayor, Pontevedra)	1	
Santoro (Vigo, Pontevedra)	34	
Total de SANTORO		113

La etimología de *Santoro* se deduce claramente de la siguiente progresión de formulaciones del genitivo plural *Sanctorum*:

1. Formulaciones totalmente latinas: *Santorum*: 67.

2. Formulaciones *casi* latinas: 57 (*-n* pro *-m*).

3. Formulaciones que añaden un acento gráfico, extraño al latín: *Santorún*.

4. Formulaciones ya plenamente romances y populares: *Santoro* (El grupo trilítero, *nct* pierde normalmente su *c* intermedia; *-m* desaparece; la vocal posterior *-u* da *-o* regularmente). La etimología, pues, es normal; la *interpretación*, que es el florón de toda etimología, hoy por hoy la ignoro".

Xa na miña casa, de volta do Congreso, empecéi a buscar a verba *Santoro* nos 'Índices por palabras' dos meus libros de Onomástica, Lingüística e Lexicografía. Soio nun a encontréi: en Díez Melcón: *Apellidos Castellano-Leoneses* (ss. IX-XI). Éste autor no n.º 96 recolle: "Sanctus Aurus: Domingo *Santoro*, 1264). Melcón, á súa volta, remite a López Santos: *Cartulario de Otero de las Dueñas* (obra inédita). Este *Santoro* de Otero de las Dueñas, como pode verse, pertece a un tipo especial de nomes coma os seguintes: *Auro-vida, Or-vida, Oro-vida; Auro-Sol, Or-Sol; Auro-Dulce, Oro-Dulz; Mi-Oro, Mioro-Dulce*. Deles dice con razón Piel: "É difícil imaxinar nomes máis poé-

ticos e impregnados de tanta ternura". Este *Santoro* de Otero de las Dueñas procede de AURUM e os seus derivados, non de SANCTORUM, 'de Tódolos Santos".

Observemos que estamos na presencia de un xenitivo, rexido por un sustantivo rexente, pero elíptico e que hai que *concretar*. Servatis servandis, o caso é o mesmo dunha peripecia que a min me ocurríu hai anos. Estábamos en Alicante, dispoñíame a pronunciar o discurso de apertura que aquela vez me fora encargado a min, a comitiva estaba a punto de iniciar a marcha... cando dous periodistas encargados de informar do acto dirixíronse a min preguntando: "¿Cómo debe decirse, *el* onomástico o la onomástica? Las dos formas son perfectamente correctas: el (día) onomástico dará *el* onomástico, como la (fiesta) onomástica dará *la* onomástica". O mesmo ocurre no noso caso de SANCTORUM 'de Tódolos Santos': hai que concretar o rexente. A primeira resposta que se me acordóu foi: *festa* de Tódolos Santos ou *día* de Tódolos Santos. Pero estaba moi lonxe de dar coa diana; o verdadeiro rexente resultaba pra min impensado e impensable.

Por fin, seguindo unha cita de Corominas s. u SANTO encontréi en R.L. II, p. 252, un traballiño de un portugués titulado "Notas sobre a linguagem vulgar de Aldeia de Santa Margarida (Beira-Baixa)", traballo que define a nosa palabra *Santoro*: "Brinde (regalo, obsequio) que os padrinhos devem dar aos seus afilhados em dia de *todos os Santos*". E insistindo neste significado, Hortensia Corominas en MLN (*Modern Language Notes*), 1947, pp. 122-4, nota 1, apoia 1) 'pan bendito', 2) 'presente dado por el padrino a su ahijado el día de Todos los Santos'. Cronolóxicamente, estamos á altura dos ss. XVI e XVII, ou poucos anos antes. Agora explícase e xustifícase a miña sorpresa ante o feito de que nas miñas fichas non figure ningún apelido SANTORO.

FROILÁN LÓPEZ
Madrid

ROSALÍA NO ANO INTERNACIONAL DO NENO

Na horta da Casa da Matanza, en Padrón, o 15 de xullo último, 94.º aniversario da morte de Rosalía, en acto conmemorativo convocado e adicado aos nenos galegos polo Patronato Rosalía de Castro, pronunciióuse o discurso que seguidamente reproducimos como interesante aportación aos estudios rosalianos neste Ano Internacional do Neno.

Tal día coma o de hoxe —tamén cadrara en domingo— do ano 1885, ás doce da mañá e baixo un sol de xusticia, agora fai noventa e catro anos, e cando contaba coarenta e oito de edade, nesta mesma casa —estremece recordalo— Rosalía pechóu de vez os seus ollos á vida terrenal. Uns ollos escuros e profundos, luminosos, que sempre estiveran abertos, e ben abertos, para apreixar o seu entorno sensible.

Mais cando Rosalía, nese mesmo intre en que definitiva e irremediablemente pechaba os seus ollos asombrosos, Galicia, que levaba catro séculos cos seus cegados, empezóunos a entreabrir para se ver a sí mesma. ¿Qué tiña acontecido? Simplemente, que Rosalía pola vía da revelación artística, polo vieiro da intuición poética, batera cunha realidade, cunha tristeira realidade da que ela mesmo formaba parte, a realidade galega, que os demáis tiveran, e tiñan dediante de sí, e non foran quenes de reparar na súa existencia. Pero, milagrosamente, Rosalía soupo expresala para facérnola ver.

Unha Galicia abafada, ignorándose a sí mesma, sen noción da propia identidade, cunha cultura propia agredida e esmagada, cun idioma despreciado. Unha Galicia empobrecida, famenta, cos fillos ciscados polo mundo, sen conciencia de sí mesma, esquecida dos seus orixes, a piques dunha morte colectiva, precisaba que dentro do seu propio corpo social xurdira a voz estremecida que, primeiro, denunciara os seus propios males e, despois, que encirrase a ese pobo para que, bloqueado na súa normal evolución, reemprendera a súa andadura consciente e reflexiva polo camiño da historia.

E, esa voz, foi a voz de Rosalía. Unha voz que, ás veces, foi salaio; outras, berro; e brado, as máis delas. Salaio pola perda da terra, dos afectos, das lembranzas, dos amigos ("Todos sospiran, todos, / por algun ben perdido".); berro desesperanzado pola soedade do seu país ("Galicia, ti non tes patria, / ti vives no mundo soia..."); brado colérico pola incomprensión e o trato inxusto recibido dos alleos ("Castellanos, castellanos, / tendes coraçón de ferro!").

Mais a esa voz auroral, sempre estremecida, viñéronse sumar as voces doutros poetas —algúns deles, grandes poetas— para formar entre todos eles o grande canto coral de Galicia. E Galicia soupo escoitalo e entendelo. Especialmente a parte de Galicia máis ousada, máis dinámica e máis emprendedora: a Galicia emigrada.

Porque da emigración viñéronlle á Galicia territorial, amáis da primeira institución cultural verdadeiramente nosa —a Real Academia Galega (1905)—, os símbolos representativos da nosa patria. O *escudo,* que durmía esquecido grabado en vellos libros, ou labrado en pedra que esmorecía nas fachadas de vedraños edificios; o *himno,* que dende o ano de 1908 vennos chamando á loita para a nosa redención como pobo; e máila *bandeira* branca e azul, que nos seus pregues envolveu o corpo inerte de Curros, na Habana —na emigración—, o día 7 de marzo do 1908.

E velahí tendes, meus amigos, os primeiros froitos da sementeira feita por Rosalía, e polos que inmediatamente atrás dela viñeron, no corazón morno dos galegos.

Ben. Estamos no Ano Internacional do Neno. No ano adicado polas Nacións Unidas aos meniños do mundo enteiro. No ano adicado a todos vós, rapazolos que me escoitades. E esta oportunidade conmemorativa lévanos a facer esta pregunta: ¿cal era a actitude de Rosalía cara aos nenos, aos galeguiños que tiña perto de sí?

Sorprende que os biógrafos de Rosalía non repararan debidamente na importante presencia do seu grande amor polos nenos. Porque Rosalía non tivo que agardar polas Nacións Unidas para lles rendir aos nenos o dondo homenaxe, respetuosísimo, tenro e amoroso, do que son merecentes.

Un biógrafo rosaliano (Victoriano García Martí), logo de transcribir uns versos de Rosalía, conclúe afirmando que, da evocación poética que neles fai dos "rosales que coidaba" e da "fontiña onde bebía", despréndese o seu grande amor polas froles e máis polas fontes de augas cristaíñas. Mais dese mesmo poema despréndese que Rosalía tamén era unha nena revirandeira que brincaba "cas miniñas que quería", as súas amiguiñas, no "enxidiño onde folgaba".

Outro biógrafo rosaliano (González Besada), logo de dárnolo retrato literario de Rosalía, remata decíndonos do seu "amor á música, aos paxaros e máis ás froles". Mais aos nenos, nada; nin palabra. ¿Por qué?

Se ela mesma falaba —asegún Griswold Morley— na lingoaxe dun neno sensible; se ela mesma era unha nena sensitiva; se ela mesma sentíase emotivamente avencellada aos débiles e máis aos desvalidos; se mesmo ela fora nai amantísima de seis filliños; ¿cómo non habería trascender á súa obra poética esta sensibilidade, esta emotividade, ese amor e esa tenrura cara aos nenos? Necesariamente tiña que trascender. E trascendéu. Escoitade, senón, á propia Rosalía falando cos nenos:

¡Ay!, ¡qué miniña!
¡Qué nena preciosa!
Dempois de lavada
parece unha rosa.

¡Ay!, ¡qué tan cuco!
¡Ay!, ¡qué santiño!
Ven ós meus brazos,
daréiche un biquiño.

Y este miniño
que teño no colo,
dempois de lavado
parece un repolo.

¡Olliños de groria!
¡Cariña de meiga!
¡Apértame ben,
coraçón de manteiga.

Vede, logo, como con frases e pautas populares infantís —que, ao decir doutro rosaliano (Bouza Brey), encherían páxinas e páxi-

nas dunha monografía folklórica—, Rosalía, con gracia, con donaire, con encanto e con ternura, expresa a súa simpatía comunicativa e o seu amor enxel aos nenos. Aos seus amiguiños ben amados.

Mais Rosalía non se contentaba con ter aos nenos no colo para agarimalos, para piropealos, para mimalos, para aloumiñalos ou para lles facer carantoñas. Non. Rosalía era tamén unha educadora responsable. Sentíase chamada ao insino dos picariños. E non só á formación dos seus fillos, senón tamén á dos pequenos amigos dos seus fillos. Especialmente cando residía en Padrón e nesta casa da Matanza.

Remexendo confianzudamente no arquivo personal doutro destacadísimo rosaliano, e pacientísimo amigo (Xohan Naya Pérez), puiden bater coa transcripción dunha interesantísima conversa que mantivo con dona Gala, filla terceira de Rosalía. Dona Gala —que tiña trece anos no intre de morrer a súa nai, apenas iniciada a súa adolescencia e aínda recente a súa nenez—, dona Gala, repito, no limiar da súa vellice recordaba con toda claridade e precisión as tréculas pedagóxicas da súa nai. Unha delas consistía en ilustrar o que explicaba con fábulas, parábolas, sucesos verídicos, ou con historias fantásticas, moitas delas nadas da súa propia imaxinación. Os nenos ficaban pasmados e, cando Rosalía calaba, pedíanlle que seguira, que non parara, que continuara a súa fabulación. E Rosalía, sempre comprensiva, atendíaos porque sabía do interés dos nenos polo máxico e máis polo fantástico.

Recordaba tamén dona Gala as clases de dibuxo que Rosalía impartía a Ovidio e ao resto dos seus irmáns e amiguiños padroneses que con eles brincaban nesta horta. O dibuxo libre —decíalles Rosalía—, amáis de ser un xeito importante de expresión, preparaba para a escritura xa que a man acadaba axilidade e xeito para a execución dos trazos que forman as letras.

Rosalía —no recordar da súa filla—, sirvíndolle como aula esta horta e xardín da casa da Matanza onde vivían, procuraba a comunicación directa dos nenos coa natureza para que chegaran a un mellor coñecemento do cultivo das plantas e máis das froles, e mesmo tamén familiarizarse no trato cos animáis domésticos. Falaríalles, entón, Rosalía aos nenos da *pita,* abusona e destemida:

¡Ay!, que galiña
saltóu no valado!
¡Sei que quer vir
a comer de prestado!

ou da *pomba,* maternal e previsora:

Pica, pica,
suriña, pica,
lévalle un gran
ó teu fillo na bica.

ou do *can,* ousado e gusmeador:

Marcha can
a ladrar ó palleiro
¡sei que che agrada
o demoro do cheiro!

ou do *gato,* larpeiro e comellón:

¡Gachi!, ¡gachi!
¡Que dencho de gato!
¡Como se farta
no prebe do prato!

Mais o verdadeiramente notable era ún dos métodos de lectura que Rosalía empregaba para lles adeprender a lér aos nenos. Sintíndose aínda unha nena, dona Gala recordábao emocionada. Consistía no seguinte. Os nenos reuníanse ao redor dunha mesa. Enriba dela colocaban os xoguetes de que dispuñan na súa casa. O nome de cada xoguete escribíao Rosalía nun papeliño, que despois doblaba e metía nunha caixa. Logo, cada ún dos nenos, seguindo o seu turno, tiraba da caixa ún dos papeliños doblados. E, si sabía lér ben e correctamente o nome escrito nel, tiña dereito a xogar co brinquedo que correspondía ao nome escrito no papeliño. E os neniños non se fartaban de sacar papeliños da caixa. Para eles era un xogo máis. Unha lotería lúdica, un bingo inocente e divertido.

Con tan notable método de lectura, Rosalía anunciaba, anticipándose xenialmente en máis de trinta anos, o sistema educativo que, no comén deste século, ideóu a pedagoga italiana María Monterrosi, baseado cáseque exclusivamente na educación do aparello sensorio por medio de xoguetes. E é, meus amigos, que esta maravillosa, entrañable, nobilísima e xenial criatura humana que foi Rosalía sabía que o neno é un portentoso xogador, capaz de todos os entusiasmos, de todas as xenerosidades e de todos os esforzos para lle dar aos seus xogos un valor esencial.

Mais a docencia de Rosalía chegóunos a todos os galegos. Fíxonos saber das desventuras e das inxusticias que padecíamos e que aínda padecemos; fíxonos coñecedores da nosa personalidade como pobo; fíxonos presentes no mundo superior da cultura; e fíxonos donos dun idioma que, despreciado e tirado na lama dos nosos camiños, recolléu para lle dar rango universal. Eis a docencia que os galegos nunca lle daremos pagado a Rosalía.

Agora, o resto, será cousa nosa. Porque grande parte do labor aínda está por facer. Si Galicia non era venturosa no tempo de Rosalía, tampouco hoxe é plenamente feliz. "Dona Galicia" —como no simbólico conto infantil de Kristina Berg—, aínda está soa, velliña e probe. Pero non triste, porque ten a seguridade de que un día han vir nenos —que seredes vós, e os que atrás vosa veñan— para axulada a botar da casa a don Felipe Riquichado. Quérese decir, ao centralismo do Estado español que, descoñecéndoa as máis das veces, empobrecéuna espiritual e materialmente. E aínda que agora pareza entrar na hora das rectificacións históricas, con todo —meus amigos— preparémonos para despedir da nosa casa a don Felipe Riquichado.

MARINO DÓNEGA
A Coruña

TEORÍA DA LINGUA GALEGA EN XAN VICENTE VIQUEIRA

Xan Vicente Viqueira, catedrático de Filosofía, foi profesionalmente un pensador, que se sentíu fondamente preocupado polos problemas da sociedade á que pertencía.

Escrebéu en galego unha serie de artigos ou conferencias, recollidas no libro *Ensaios e poesías*[1], tratándose, uns, de exposicións doutrináis sobre os problemas colectivos de Galicia; outros, sobre a mesma lingua galega, aspecto no que nos centraremos para este traballo, xa sexa a propia lingua galega en sí, o aspecto ortográfico ou o ensino galego.

Todas as citas textuáis pertencen ao libro xa citado *Ensaios e poesías.*

A lingua en sí

Ao longo da súa obra en prosa escrita en galego, Xan Vicente Viqueira fálanos en varias ocasións da lingua galega.

Para el, Galicia foi sempre un pobo de cantores e, ao falar do lirismo, xulga que o mesmo que en Portugal, na Galicia é un elemento predominante; recorda que durante a Idade Media fomos os únicos líricos da Península, e até os poetas casteláns para escreber a súa lírica tiñan que empregar o noso idioma.

Nunha exaltación que fai da alma galega, Viqueira afirma que debaixo da organización hispánica hai unha persoalidade galaica que está hoxe a despertar, expresándose na lingua, nos costumes e na arte; mais ante a opresión da que ésta é vítima, pede claramente: "Galegos, amade a vosa língua, porque ela é un rico tesouro oculto! Amádea, faládea, cultivádea; desenterrade o tesouro que garda o gigante alarbio da tiranía" (páx. 91); pero tamén pede que a amen os entusiastas da grandeza nacional de Galicia, xa que non é unha lingua falsa, senón todo o contrario: unha lingua real, "a língua real dos que amamos o heroísmo calado de todol-os días" (páx. 92); pede asimesmo que os galegos amen e cultiven a súa propia lingua, porque somente deste xeito serán libres, pois, como el mesmo afirma, o home sen raza é unha abstración.

Referente á creación do galego moderno, do galego do noso século, ten que ser "un galego integralmente, no seu léxico, na súa gramática, na súa pronuncia. Esta pronuncia ou dicción nosa ten de ser o selo d'os galegos escolleitos" (páx. 178).

Sostén que hoxe está a xurdir unha lingua galega cultural e científicamente distinta do galego vulgar, xa que para el "unha língua ten de ser ante todo un instrumento cultural, e pol-o tanto, n'un certo momento do seu desarrolo, tenderá a tomar unha forma sabia e gêral, e deixará aquela variedade, multiplicidade e incertitude que ten nos labios do povo" (páx. 144).

---

[1] VIQUEIRA, Xan V.: *Ensaios e poesías,* Ed. Galaxia, Vigo, 1974.

Viqueira é tamén consciente do problema lingüístico que ten o galego: ve que para unha salvación do idioma, debemos esixir ante todo que éste (que ten unha extraordinaria importancia para a España inteira, para a confederación ibérica que Viqueira considera necesaria) atope o seu debido lugar no ensino. Decátase perfeitamente do noso problema lingüístico e da súa importancia, até o ponto de levalo, como el mesmo di, á "obsesión" polo galego; para el o primeiro motivo "é que a língua é un anaco da nosa alma coleitiva, do que ningunha lei humana poderá obrigar a desprendernos" (páx. 165); outro motivo é que a división lingüística trae sempre consigo unha división cultural que é perigosa para o pobo galego. Continúa a dicer Viqueira que cinco sextas partes dos galegos falan galego e só unha sexta parte fala castelán, creándose entre éstes, dúas poboacións lingüísticas; e ésta é unha división que é preciso desfacer. Pero "isto non pode abranguerse prácticamente máis que falando o galego, aprendendo e usando habitualmente o galego, a sesta parte da poboación que é a que represente a cultura superior ou, ao menos, pretende e pode representala" (páx. 165). Para el a lingua galega ten aínda de converterse nun exquisito e refinado meio de cultura e para isto "é preciso que todos os galegos falen e escriban o galego como saiban e como poidan. Mas isto non abonda; é preciso despóis qu'o falen e o escriban â perfeición" (páx. 167).

Finalmente, partindo de que o que escrebe en galego, escrebe para meio mundo, e de que os países de lingua castelá non teñen dificultades para nos comprender, Viqueira propón que no porvir, até a nosa correspondencia sexa en galego; pero para que sexa posíbel "primeiramente fai falla afirmar o noso linguaxe literario... debemos estudar os clásicos galegos y os cuasi nosos clásicos portugueses así como a nova literatura portuguesa" (páxs. 182-3).

En resume, para el o galego é a nosa alma: "língua que fuches creada na nosa historia, modo divino de expresión saído das entranas do pobo galego" (páx. 91).

Galego e portugués

Para Xan Vicente Viqueira, o occidente ibérico ten unha forte unidade que non admite discusión algunha. Galego e portugués non son en ningún xeito dúas linguas distintas, senón que "o portugués é un fillo do galego e entre os dous non hai máis capitalmente que diferenzas fonéticas que non son tan grandes quizáis como as que existen entre o andalús e o castelán" (páx. 175). O único problema con que nos atopamos é a ortografía, xa que se nós empregamos a ortografía histórica galego-portuguesa, teremos superada a dificuldade que separa galego e portugués, dándolle un carácter máis universal ao galego, ao facelo máis accesíbel a un número maior de homes (Portugal, Brasil, África...). Porque ao empregar esta ortografía escrebemos case como en portugués, xa que "o galego, non sendo unha língua irmá do portugués, senón unha forma do portugués (como o andaluz do castelao), ten-se que escreber pois como portugués. Vivir no seu seo é vivir no mundo; é vivir sendo nós mesmos" (páx. 180).

Viquiera propón unha inmediata depuración da lingua, sendo preciso traballar pola exquisitez, e para isto "temos un grande auxilio no portugués, tan semellante en todo â nosa fala" (páx. 167); para

levar esta depuración adiante, é mester recomendar aos galegos que lean a literatura portuguesa e mesmo que escreban o portugués. Aconsella, por exemplo, en canto á depuración léxica, que en caso de problemas ou dúbidas, as referencias á forma correcta se busquen no portugués, pois non debemos aternos á realidade lingüística de hoxe, principalmente a impura das vilas; no caso referente á morfoloxía, por exemplo, propón a formación dos pluráis das palabras rematadas en -L que se fagan en *-aes* e non en *-as* porque "é a forma máis prósima ó portugués e ajuda a mais ser comprendida a nosa língua" (páx. 178); por último, falando da fonética afirma "liberémonos da fonética castelá e depuremos a nosa" (páx. 178).

Considera que foi un mal da literatura galega illarse mediante a súa ortografía, porque escrita con ortografía portuguesa sería máis coñecida polo mundo, cousa que influiría moitísimo na vitalidade do noso idioma e do noso pobo; propón tamén que ao non termos clásicos galegos "fagamos nosos os clásicos portugueses. Sobre todo Camoens pode ser o noso mestre!" (páx. 179).

Fala en varias ocasións dunha conveniente confederación ibérica, na que Galicia sería a ideal peza de relación con Portugal, debido á súa historia e á súa lingua. Fala de relacionarse cos outros países, e para que isto ocorra habería que "aprender ademáis do francés, o inglés nos nósos Institutos e que en todos eles se insiñe galego e portugués, o que valería máis pr'as amistades ibéricas que os retóricos saudos diplomáticos" (páx. 208).

Ortografía

Ao longo desta obra, Viqueira móstrase continuamente preocupado e fai grande insistencia na necesidade de que "temos forzosamente que reformar a ortografía" (páx. 168). É en varias ocasións onde fala deste mesmo problema, sostendo que existen tres ortografías no galego, "unha delas é fonética; ésta ten o inconveñente de que en Galicia hay moitas fonéticas, algunhas aínda descoñecidas, e que nos ailla do resto do mundo, sobre todo do portugués" (páx. 168). Outra razón fundamental contra a ortografía é que "admitindo-a apartariamo-nos do mundo lingüístico inteiro. ¡E isolarse é morrer! Ningunha língua escríbese fonéticamente" (páx. 180). As outras ortografías ás que alude son a "vulgar" (usada por Rosalía e Carvajal) e a "académica" ou "etimolóxica". Destas tres ortografías a que é preciso admitir é a etimolóxica se cobizamos a máxima eficacia do noso idioma porque "a) é etimológica; b) foi a nosa sempre e con ela están escritas cousas tan belas com'as cantigas do Rey Alfonso; c) é a mesma que a portuguesa e pol-o tanto posibilita as relacións lingüísticas entre os dous pobos; d) coincide co-as das restantes línguas neolatinas (francés, italiano)" (páx. 169). Pero é consciente de que o problema da reforma ortográfica é de grande trascendencia, e aínda que di ser cuestión de quince días ou un mes de traballo, recoñece que "non podemos de un golpe introducir unha ortografía â que non estamos habituados. Temos que ir eiquí, como sempre, co cuidado debido para que a nosa obra xurda. Pol-o momento debemos aceptar a ortografía erudita, etimológica, o que será un gran paso" (páx. 175). Mais, unha vez conseguido isto, precisamos continuar a nosa obra e camiñar para a total unificación das ortografías galego-portuguesas; por iso, primeiro, faráse nas publicacións eruditas, científicas, despóis nas populares.

Pensa Viqueira que "a millor maneira de adeprendela (a ortografía etimolóxica) é non querer escreber con outra" (páx. 169).

"Insisto moito —afirma Viqueira— n'isto da ortografía, porque ela terá unida â purificación da língua unha virtude mágica: fará da nosa fala campesiña, aillada e pobre, unha língua universal, de valore internacional e instrumento de cultura. Ademáis capacitará a todos os galegos para lêren o portugués" (páx. 170).

En canto ao momento de emprender a reforma ortográfica, o actual é apropiadísimo, xa que "canto máis tempo pasa máis difícil será facelo, pois a ortografía iráse arraigando co-a gran riqueza de producción literaria galega" (páx. 176), e o mellor meio de traballar pola reforma ortográfica é escreber coa nosa ortografía galega, a que foi a vella da nosa Idade de Ouro, mais recoñece que esta ortografía "é difícil, ja que o galego non se ensina na escola" (páx. 180).

Dá algunhas opinións encol dos pontos en que se debería facer a unificación ortográfica galego-portuguesa, e di que o único problema difícil da nosa ortografía está no X, G, e J, e en caso de dúbida recomenda a consulta dun bon diccionario portugués.

Finalmente, Viqueira non perde a esperanza de que un día "tarde ou cedo (millor cedo que tarde), chegaremos a un acordo ortográfico co'os portugueses pr'a a nosa maior eficacia no mundo, pois temos de cobizar unha cultura non aldeá, senón mundial. Facendo isto non imitaremos, senón somente volveremos á nosa propia antiga ortografía co'as modificacións que impón o presente" (páx. 193).

Escola e galego

A necesidade e urxencia dunha escola galega é evidente para Viqueira, xa que un meio poderosísimo para espertar a raza é a escola, que non ten que limitarse á actual misión de escreber, ler e contar; mais "¿cómo pensar unha escola galega sen a língua galega? A língua é esencial â raza" (páx. 148), e así "os esforzos de uns e outros, se entretecendo, chegarán a criar ben agiña unha escola galega" (páx. 126).

Viqueira ve, sobre todo, que é absurdo e perxudicial para os rapaces que nas escolas ruráis e nas vilas os mestres falen aos nenos en castelán, cando non o coñecen, ou se o coñecen, como unha lingua extranxeira; os efeitos son os mesmos que se ensinasen na Castela en portugués ou catalán.

"A língua galega, c'o esprito galego, debe penetrar na escola e levalo aló envolveito no seu seio. Non queremos sômente que se ensine no noso linguage por ser o noso" (páx. 138), hai tamén outros motivos: volver polo galego é aumentar o horizonte da actividade.

Tamén quere que a escola sexa o "centro cultural" dos campos e pequenas vilas e que o mestre sexa o conselleiro en todas as cuestións dos galegos como cidadáns.

En canto á necesidade da introdución do galego na escola e ao xeito de levala a cabo pensa que a solución non está en suplantar o castelán, senón que o único a intentar é "que a nosa língua non fique totalmente relegada" (páx. 141), e o primeiro paso para que o galego apareza na escola é que "o mestre non prohiba ôs rapaces ou rapazas a expresión do pensamento espontáneo; é decir, na pro-

pia enxebre fala..., suprimir a formulación do pensar n'unha língua extraña é suprimir un dos impedimentos máis grandes para o pensar" (páx. 141). Pero isto aínda non é dabondo para o galego, xa que hai que levar tamén á escola a poesía, a literatura popular e a "cantiga" popular; propón que se faga "antología literaria e musical galega para a nosa escola que permitira realizar o proyeito que expoño. Estéticamente nada pode producir un efeuto máis grande que o arte nado da y-alma do pobo; lingüísticamente un galego puro e belo, depuraría a fala actual" (páx. 141-2); e despóis, facer escreber aos rapaces as poesías lidas, deste xeito afacelos a empregar como lingua escrita a súa propria.

Pero unha condición indispensábel para a introdución da nosa lingua na escola é que o mestre en Galicia saiba o galego, e isto "non abrangueráse verdadeiramente sinón exigíndollo nas oposicións como unha materia do cuestionario e creando cadeiras de língua e literatura galega nas Escolas Normaes. Non se trata de ningunha grande asignatura; o que cobizo é sômente que a mestra ou mestre escreban ou falen correctamente a língua do povo e coñezan o máis importante da sua literatura" (páx. 142). O mesmo que na Faculdade de Filosofía ten de crearse a cátedra de lingua e literatura galego-portuguesa, considera conveniente que para obter o grau de Doutor, as teses se escreban en lingua galega.

Como xa dixemos, o importante é que o galego non fique abandonado e que se estime no seu verdadeiro valor, é dicer "que se ensine e sirva para ensinar" (páx. 149). Considera a introdución do galego, tamén, como unha esixencia pedagóxica, xa que "é preciso falar en galego para chegar â y'alma do neno galego, e aumento da potencialidade do discípulo, porque un galego bilingüe ten abertos ante sí os países de língua española e portuguesa e pol-o tanto é moito máis útil para España" (páx. 142); por outra parte considera isto importantísimo porque o porvir económico e cultural da Galicia depende da súa estrutura bilingüe.

Finalmente, Viqueira, fai un chamamento aos galegos porque "Nós, galegos futuristas, temos de expresarnos indiferentemente en hespañol, galego, portugués e inglés. Estas catro línguas han-se d'ensinar na escola primaria" (páx. 179).

Conclusión

Xan Vicente Viqueira López ve que a única salvación do galego está na oficialización do idioma e na implantación déste na escola.

Para el a lingua literaria, que é máis lóxica e máis regular que a vulgar, non debe copiar a fala actual, senón que debe restaurar a súa pureza baseándose nos textos antigos e clásicos. É partidario da creación da cátedra de Lingua e Literatura Galego-portuguesa na Faculdade de Filosofía.

Espera con ansia o día en que se realice a unión ortográfica galego-portuguesa (feito trascendental para o cultivo e salvación do galego). Propón unha ortografía etimolóxica ou histórica que faga máis doada a comprensión do galego en todo o dominio lingüístico galego-luso-brasileiro. Declárase abertamente en contra da ortografía fonética porque "é a morte da nosa língua; a ortografía etimológica é a súa vida cada vez máis grande" (páx. 181).

Á súa vez, finalmente, fai unha xustificación da ortografía que

emprega no seu traballo, porque "a) é a antiga ortografía galega; b) somella moitismo â portuguesa e facilita pois o aumento de leitores; c) coincide c'as das outras línguas latinas; d) é etimológica; e) foi defendida e empregada nas súas publicacións por Antonio de la Iglesia no século XIX; f) pode ser base para a reforma da fonética galega hoje tan castelanizada" (páx. 140).

CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ
Santiago

ASPECTOS ECONÓMICOS DO GALEGUISMO NA SEGUNDA REPÚBLICA

Pra Enrique Harguindey, bó amigo.

Deica agora a nosa precaria historiografía non conta cun traballo de conxuntos sobor do Partido Galeguista, que chamaremos histórico pra diferencialo do seu homónimo recén nado.

Os estudos que máis se lle achegan, que son os de Vilas Nogueira [1], e Alfonso Bozzo [2], non o tratan máis que tanxencialmente.

Esta falta de vitalidade dos nosos estudos históricos unido á ausencia case absoluta de memorias ou testemuños escritos por parte dos galeguistas que sobreviviron á hecatombe da insurreción militar, coas cáseque senlleiras excepcións de Álvarez Gallego e Castelao, deu pábulo a multitude de apreciacións subxetivas sobor do carácter do P.G. e máis concretamente sobor da natureza do seu proxecto político.

Desde xeito adóitase escoitar sin demasiado fundamento que o P.G. era pequeno burgués, centrista, agrarista, de dereitas, ruralista, populista, culturalista, etc.

Neste artigo, por razón de espacio non podo determe en todas estas apreciacións polo que me limitaréi tan soio á exposición dunha das facianas que presenta a mencionada organización —a que se refire á súa alternativa económica— deixando pra máis adiante a publicación da análise completa, en trance de realización hoxe. Agora ben, non por esto renuncio a apuntar algunhas das notas que o caracterizan en síntesis.

Á luz do actual estado da miña investigación coido que o P.G. pode ser adxetivado de INTEGRACIONISTA (Ollo!, integracionista, non integrista). Este integracionismo veu dado polo seu propósito de integrar os máis amplios sectores sociáis, agachando e minimizando tódolos factores de discordia que poidan existir, fundamentalmente o relixioso e mesmo tamén o político, pra tentar de unir a tódolos galegos polo mero feito de seren tales, ao marxen das súas crencias e doutrinas, mediante a cultura galega como aglutinante nacional, pra acadar o autogoberno e maila prosperidade económica.

Esta primeira concepción elitista dun partido que quer ubicarse nun limbo suprapolítico no cal unha cativa minoría de iluminados, autoproclamada vangarda lúcida dos "bos e xenerosos", tería de despertar a simpatía e adhesión da masa do pobo galego, perde vixencia a partir das elecións lexislativas do mes de santos de 1933 das que sairía trunfante a coalición radical-lerrouxista e derrotada a esquerda e os nacionalistas.

---

[1] X. Vilas Nogueira, "O Estatuto Galego", A Cruña 1975.

[2] A. Bozzo, "Los partidos políticos y la autonomía de Galicia", Madrid 1976.

Dende esa data obsérvase un notorio esforzo organizativo dos galeguistas que captan a necesidade de se convertiren nun partido de masas fortemente implantado.

Paralelamente vanse decantando cara a esquerda, en vista do recalcitrante centralismo da dereita no poder que paraliza os procesos autonómicos. Polo demáis, a progresiva polarización política entre a esquerda e a dereita visible en todo o Estado español lévaos a se aliaren cos partidos republicanos e obreiros. Deste xeito, ao propio tempo que vai callando o Frente Popular, medra o malestar entre os elementos máis conservadores do P.G. que rematan escindíndose pra formaren a Dereita Galeguista.

Con eso quedóu comprometida a virtualidade integradora do P.G. que ganara en coerencia a costa de renunciar ao seu anceio proteico.

Son as clases medias as que suministran o maior continxente de militantes do P.G., o que non obsta pra que tente ser policlasista, a pesares de que sexa no medio rural onde pretende implantarse preferentemente.

Agora ben, esto non debe desnortarnos verbo do modelo de sociedade propugnada polo galeguismo republicano. Eles danse conta de que non é posible unha arcadia feliz de pequenos propietarios labregos convivindo na armonía perfecta da aldea rural. Tampouco aceptan sen máis o capitalismo industrial e comercial vido en boa parte de fora, moitas veces depredador e situado ás costas das necesidades económicas de Galicia, e en tódolos casos veiculador de pautas culturáis alleas e dun estilo de vida desdeñoso pra co da Galicia tradicional que os galeguistas alcuman de señoritismo vilego.

O seu ideal sería unha Galicia agraria e mariñeira cooperativa, xunto cun desenrolo industrial que tería de ser promovido por forzas sociáis autóctonas, arraigañadas en Galicia e coñecedoras da súa problemática; é decir, pola burguesía galega.

En conclusión, o P.G. tencionaba formalizar un bloque histórico pluriclasista de ámbito nacional galego que acadara unha fórmula de soberanía política tal (de ser posible, a federalista) que impedise a nociva e discriminatoria actuación do Estado central en Galicia e asimesmo a impune penetración das mercancías e empresas foráneas que competían coas galegas frenando a súa expansión. Desta maneira agardaban que medrase punxente unha burguesía autóctona que modernizaría acaidamente a estructura económica de Galicia.

Tras deste apresurado repaso entremos xa no cerne do tema que nos ocupa.

OPCIÓNS ECONÓMICAS: COOPERATIVISMO E CAPITALISMO AUTÓCTONO

O seu anceio cooperativista quedaba perfectamente expresado na fórmula: "Galicia comunidade cooperativa —A Terra pra o Traballo; o Traballo pra a Terra" [3].

No apartado económico do seu programa de 1932 reclamaban os galeguistas a aprobación dunha lexislación favorable á creación de cooperativas.

---

[3] "Declaración de principios do PG", ANT, 1-I-1932.

Eran varias as razóns que inducían ao P.G. a pronunciarse polo sistema cooperativo. Non soio era a superior rentabilidade económica deste sistema senón que tamén se agregaban factores de tipo ideolóxico: o cooperativismo permitía establecer hábitos de colaboración entre os galegos o que redundaría en favor da súa unión, obxetivo este indispensable pra todo proxecto nacionalista. Polo demáis o propio carácter ambiguo do cooperativismo (que non era nin capitalismo, nin socialismo, nin se sabía moi ben o que era) favorecía a confluencia das distintas concepcións socio-económicas existentes entre os galeguistas. O cooperativismo era cáseque unha fórmula máxica de compromiso que permitía compatibilizar posturas heteroxéneas nunha ideoloxía común, que necesitaba ser integradora. Cando menos así o expresa o propio P.G.:

"O P.G. estima que o cooperativismo, en todal-as suas manifestacións, é eixo de coincidencia práctico entre as máis alonxadas concepcións sociolóxicas e coida que ao traballar afervoadamente por el, estreita os nós do pobo galego cara unha meirande solidaridade e prepara á nosa Terra pra se incorporar, no seu día, ás novas correntes da economía universal" [4].

E continúa máis adiante exortando á:

"Difusión das iniciativas sociaes que avencellan á nosa xente labrega e mariñeira, dotándoa de un senso cooperativo, que, superando os lindeiros da parroquia e do gremio, ampríe a solidaridade da Galicia que traballa" [5].

Nefeito, gracias ao cooperativismo desaparecería o individualismo, criticado non dende o punto de vista social, como o denuncia o marxismo por ser un dos pilares da mentalidade burguesa, senón como elemento disolvente que dificulta a laboura de condensación nacional, imprescindible pra reconstruir a "Patria desfeita". O seguinte párrafo penso que ilustra moi ben a súa mentalidade social:

"É preciso dotar ás nosas xentes de un vivo esprito comunal que destruindo os vezos do noso actual individualismo recollendo os ensiños da nosa tradición gremial e colectivista, respetando a propiedade labrega —estímulo de traballo e apego ao chan nativo— renoven a nosa economía rural pra dotar á nosa Terra de unha estabilidade social basada na xusticia e no traballo" [6].

Polo tanto a máis da súa virtualidade de posibilitar o estreitamento dos lazos entre os galegos, o cooperativismo debía erixirse en instrumento de impulso económico, e estabilidade social, todo esto sobor da base do estricto respeito á propiedade privada, considerada como requisito 'sine qua non' pra que exista un estímulo ao traballo e pra que non se perda o apego ao chan nativo.

O cooperativismo propugnado polo P.G. era un sistema pechado sobor de sí mesmo, estático, pois non se contemplaba como unha fórmula de transición cara un sistema de producción máis avanzado. Xa que logo estaba destinado a esgotarse en sí mesmo, por máis que se perfeccionara. Pra eles o cooperativismo era un sistema con entidade propia, orixinal, distinto tanto do capitalismo como do socialismo, e que ademáis non tiña por qué desembocar en ningún deles.

---

[4] "Programa de acción pra os Grupos Galeguistas...", ANT, 1-I-1932.
[5] Ibidem.
[6] Ibidem.

Convencidos das súas ventaxas propugnaban o fomento dunha floración de cooperativas, fundamentalmente de venda e produción, por máis que estas últimas se atoparan con dificultades e foran:

"máis difíciles de constituir pol-o que respeita aos labregos, non así os gandeiros" [7].

Marino Dónega, daquela dirixente da Mocedade Cruñesa, expresaba claramente o que decíamos antes arredor da peculiaridade do sistema cooperativista:

"É necesario manter viva a fé, nai da espranza, en que virán tempos máis venturosos que ollarán a substitución do sistema capitalista, pol-o sistema cooperativo, abrindo así longo regueiro a unha civilización nova na que a Terra toda constituia unha soia patria, multiplemente vaciada, e a humanidade diversa sexa, porén, unha soia". A renglón seguido dase presa en precisar: "(...) as ventaxens do cooperativismo (...) na Galiza (...) prescindindo de toda tendencia marxista" [8].

Insistindo nesta idea, cecáis seña comenente traer aquí a colación as verbas de Plácido R. Castro, quen nun extenso artigo comenta a situación do cooperativismo en Inglaterra, verbo do cal dí que, en xeral, os membros das Sociedades Cooperativas inglesas están aderidos aos Sindicatos que constituien a base da forza do laborismo. Agora ben, na súa opinión o feito de a maior parte delas estaren afiliadas ao partido laborista e compartiren os mesmos obxetivos ("un réxime coleitivista de xustiza social" [9]) non quer decir que tiveran a mesma concepción do socialismo:

"Mais a concepción do Socialismo constructivo non é a mesma nestes dous sectores do socialismo inglés. Os cooperativistas, animados pol-o mesmo esprito e aspiracións que moven ao partido laborista, non coinciden con él en aceitar como única e millor solución a incautación pol-o Estado de todal-as fontes de riqueza económica. Defenden a nacionalización dos monopolios e de moitos servicios e industrias, mais opóñense a que seña eliminada a cooperación libre e certo marxe de iniciativa privada que é indispensabel para que a cooperación poida eisistir. Frente ao Socialismo de Estado sosteñen (...) a extensión i-evolución do coleitivismo cooperativo que xurde dun pobo educado, antes que da imposición do estado". Todo o cal "é algo que para os galeguistas ten unha excepcional importancia. Porque nos mostra que propugnando o ideal de "Galicia, comunidade cooperativa", ao mesmo tempo que nos identificamos compretamente coas realidades da nosa Terra, estamos en armonía ideolóxica con grandes correntes de opinión das nacións máis importantes do mundo; e que lonxe de defender un programa de xeito "pequeno burgués" e de posibilidades limitadas de evolución temos un ideario capaz da máisima extensión cara aos que nos acusan dun exceso de moderación ou de estar arredados da opinión mundial (...)" [10].

A preocupación por que o P. G. postulara fórmulas económicas que tiveran un paralelo no resto de Europa non é atribuible somentes a un prurito de modernidade e de preocupación por estar

---

[7] Lois Rivaya Riaño, "Da revoluzón que ha vir", ANT, 11-I-1934.

[8] Marino Dónega, "Encol da cooperación", ANT, 1-IX-1934.

[9] Plácido R. Castro, "Socialismo e Cooperativismo en Inglaterra", ANT, 1-VI-1936.

[10] Ibidem.

"a la page", senón primordialmente por que existira unha adecuación nos sistemas económicos das nacións europeas que facilitara esa Europa das etnias que coordinara sen necesidade de uniformizar ás pequenas patrias baixo un artellamento federal.

E ademáis de todo esto, insistindo no que xa antes dixemos, o cooperativismo tiña que tér unha función primordial, desenrolar a economía:

"(...) a nosa Terra será unha comunidade cooperativista. Os labregos poseerán unha cultura técnica e agraria capaz de incrementar os rendimentos actuales da terra e do gando. Os montes estarán inzados de albres pra fabricar pasta de papel. ¡Tantas cousas se poden facer o día que Galiza sexa autónoma!" [11].

Como se ve o cooperativismo asi como o desenrolo e máis o avance económico están condicionados pola conquista da autonomía que restrinxa ou anule a negativa incidencia económica do Estado central en Galicia.

Efectivamente tiñan clara conciencia de que si Galicia cos seus recursos económicos e humanos non se atopaba nunha situación cooperativista como a de Dinamarca —modélica pra eles— debíase á acefalia política de Galicia, que se vía así imposibilitada de defender os seus intereses económicos, namentras que Dinamarca, ao ser un país libre, sí podía rexir a súa economía sen inxerencias exteriores.

"(...) Galicia é unha colonia de almas rendidas, de escravos voluntarios con catro séculos de opresión enriba do corpo e da alma" [12].

Como resulta evidente os propios galegos non aparecen, baixo a perspectiva do P.G., exentos de culpa por toleraren coa súa resignada pasividade e autocolonización introxectada, a opresión política e o atraso económico.

De tódolos xeitos pensan que a anexión política de Galicia ao Estado Español é o motivo principal do subdesenrolo:

"Un pobo non será rico namentras non sexa ceibe. Galiza —como Irlanda— será mísera namentras sexa tributaria d'outras terras" [13].

Por outra banda o P.G. quería levar á conciencia dos consumidores galegos a importancia de preferir os productos galegos aos de fora, pois de non ser así difícilmente medrarían os empresarios galegos, foran do tipo que fosen:

"O nacionalismo galego (...quere) construir unha patria. E unha patria pra esistir necesita contar cunha economía. ¿Tena Galicia? Tena ainda que moitos galegos non o seipan. E ainda que economías alleas lle fagan a guerra coa complicidade dos propios galegos. Quen en Galicia toma aperitivos alleos, auga pintada con nomes pomposos en ves do noso insuperable Ribeiro, é un enemigo da Patria. Quen, na mesa, bebe detestables viños extraños (e o comerciante que os ofrece denantes cos do país) en ves dos nosos Ribeiros, Valdeorras ou Espadeiro, ademáis de non ter bon gusto, forxa a esclavitude de Galicia. Os que aceptan como "entremeses e tapas" xamón andaluz, chourizo extremeño, pimentos de Calahorra

---

[11] Ibidem.
[12] 10-II-1934.
[13] ANT, 25-VII-1934.

ou queixo de fora, en ves dos nosos mariscos, das nosas anchoas, dos nosos queixos, quítanlle un anaco de pan aos nosos irmáns mariñeiros, aos nosos campesiños, e aos nosos obreiros e obreiras das fábricas de conserva, e favorecen aos que, despois de enriquecerse á nosa conta, despréciannos e combátennos. Veleiquí o que debe ter en conta un verdadeiro nazonalista de hoxe, con sólida posición patriótica e doutrinal" [14].

Os atrancos de diversa índole que atopaban os productos galegos pra o seu consumo no propio marco galego, permitindo a introdución de productos foráneos, alporizaba aos galeguistas:

"Insoportable inxuria a Galicia. Nos trés que corren por Galicia non hai viño galego, nin conservas galegas, nin queixo galego, nin froitas galegas, nin ningún produto do noso país. O viaxeiro que pida algo de eso esponse a unha mala contestación.

As empresas ferroviarias enemigas xuradas de Galicia e da súa economía, que nos eisplotan canallescamente, que maltratan aos nosos traballadores, obligan aos viaxeiros galegos que os enriquecen a consumir productos alleos, máis malos e máis caros que os nosos, saboteando eisí a nosa economía e o noso traballo" [15].

A proclama reivindicativa da economía galega chega a acadar os tintes do máis exaltado nacionalismo económico:

"Galegos: fagamos desta Data propósito de redimir á nosa Terra da súa ruina económica" [16].

Varios dos anuncios insertos nas páxinas do voceiro do P.G., ANT, rezaban a comenencia de antepoñer os productos galegos aos de fora:

"Gran fábrica de Cervezas A Barxa (...) fabricada en Galicia, preferila ás demáis é labourar pol-o engrandecimento da Nosa Terra" [17].

Alexandre Bóveda decía que:

"O centralismo e os seus axentes de todalas castes, en complicidade cos representantes galegos, acaban de completar a súa obra de aplastamento da economía de Galicia" [18].

Para o P.G. a causa do atraso industrial de Galicia, e asemade a necesidade dos seus fillos de emigrar, debíase:

"(...) á razón simpre de trabazón que ao desenrolo das nosas actividades industriales e comerciales, se lle pon dende Madrí" [19].

"(...) cos cartos que temos que enviar a Madrí ano tras ano (...) tería hoxe a nosa terra unha industria e comercio florecente, que non ten aitualmente a pesares de pagar por elo" [20].

Expresa a continuación unha noción clara da necesidade do desenvolvemento industrial como motor do progreso:

"o benestar e engrandecemento d-un pobo está, percisamente, basado nesas aitividades" [21].

Tocantes aos medios de transporte, considerados de vital importancia para a economía, os galeguistas queixábanse da discrimina-

---

[14] ANT, 3-II-1934.
[15] ANT, 24-II-1934.
[16] ANT, 25-VII-1934.
[17] ANT, 25-VIII-1934.
[18] ANT, 8-V-1935.
[19] L. R. "Ao pasar", ANT, 28-IX-1935.
[20] Ibidem.
[21] Ibidem.

ción á que se vía sometida Galicia polo Estado español pois según as estimacións de Bóveda namentras a media de España era, na altura de 1935, de un kilómetro de ferrocarril pra cada 1.300 habitantes, en Galiza contabilizábase un kilómetro por cada tres mil e pico habitantes.

Agora ben, a problemática do ferrocarril en Galicia non se limitaba ao raquitismo das liñas. O feito que provocóu máis protestas foi a aprobación, sen consignación, da liña Zamora Ourense a Coruña xa que os ministros económicos do goberno eran contrarios a levala a cabo. Pra presionar constituiuse o "Comité pro ferrocarril de Ourense" que contando co apoio decidido dos diputados do P.G. consigue que as obras se poñan en marcha, pero non poderá impedir que se paralizaran en varias ocasións.

Polo demáis o servicio ferroviario era insatisfactorio por tódolos conceptos, o que non obstaba pra que subiran as tarifas perxudicando non soio aos viaxeiros senón tamén, e moi especialmente, ás exportacións galegas de gando e de peixe, dado que as encarecían. Eran frecuentes os retrasos considerables que unidos á lentitude impedían que o peixe fresco poidera chegar ao mercado en boas condicións de conservación.

A gandería vacuna galega atopóu notables dificultades na política de importación de carne uruguaia do goberno de Lerroux que competía con clara ventaxa coa galega no mercado español. Esto contrastaba co proteccionismo de que gozaba o trigo castelán, polo que arreciaron as protestas dos galeguistas na prensa, nos mitins e nas Cortes.

Dentro do capítulo industrial as conservas é o que máis atención lles merece, non dudando en apelar ao chauvinismo económico:

"as conservas galegas de peixe son as mellores do mundo" [22].

O P.G. solicitaba do goberno que favorecese a exportación das conservas galegas, criticando a súa pasividade. Así Ricardo P. Vázquez quéixase de que as conservas galegas:

"sendo boas e baratas, esteñan nos almacéns sin que o goberno lles busque saída, en tanto que Alemania lle fixo a Portugal un pedido enorme" [23].

M. Beiras García publica un artigo adicado á industria conserveira no que chega incluso a propoñer medidas concretas pra o incremento do seu consumo, pois non nos esquezamos que a II República atravesa momentos económicos críticos polas secuelas da crisis de superproducción declarada en 1929:

"A industria conserveira é hoxe unha industria nazonal galega que non conta ainda coa merescida atención do noso pobo. É preciso ver que todos e cada un dos galegos teñen alí incorporado un anaco da súa persoalidade. Non ten esta industria a proteición patriótica que todos lle debemos (...) se ten de popularizar máis o consumo das conservas de peixe, porque están preparadas en Galicia, porque traballa nela unha importante población proletaria de terra e de mar; porque os cartos invertidos no consumo da conserva de peixe son cartos que non saen pra fora de Galicia.

É preciso que o P.G., orgaice o Día da Conserva do peixe como primeiro ensaio chegando co tempo a orgaizar a semán, pra que o

---

[22] ANT, 25-VIII-1939.
[23] ANT, 25-VII-1935.

seu consumo en Galiza se popularice antre as xentes acomodadas e modestas" [24].

Polo que fai á política arancelaria o P.G. preconiza o librecambismo pero con algunhas correccións protecionistas pra a gandería e pra certas industrias como a madeireira:

"Un senso auténtico de libertade económica daría indefectiblemente un ar de vida plena ao noso país. Galicia sin carbón, sin ferro, sin petróleo, sin aventuras de gran industria, non pode contar máis que co seu gando, coas súas terras de cultivo e coa súa posición no mar, favorabel á irradiación dos seus produitos. Galicia con un sistema de librecambeo, e facéndose forte nos lazos da cooperación e da entreaxuda mutualista (...) labraría (...) unha economía futura próspera e feliz" [25].

Nesa liña solicitaba no punto 7.º do apartado do seu Programa de 1932, a libre importación de millo, polo menos:

"namentras o consumo da poboación e o cambio hacia unha alimentación máis racional do gando así o esixan".

Os primeiros puntos do seu programa económico reclaman a creación de centros de investigación e divulgación agrícola, forestal e pecuaria con miras á súa seleción e mellora.

Aparecía como indispensable a fundación dunha escola de veterinaria así como de estacións adicadas á seleción e alimentación animal.

Estimaban necesaria a repoboación forestal forzosa dos montes comunáis con especies de crecimento rápido, por parte do goberno autónomo, compatible co fomento das áreas de pastoreo. Pra favorecer este proceso de repoboación apoiaban a sindicación forzosa dos montes de propiedade privada. Como remate un seguro forestal debería prevenir posibles infortunios.

Daquela non existía conciencia do empobrecimento e desecación que pra o chan supuñan as follas coriáceas e outras particularidades dos pinos e alcolitos. Coidaban que as prioridades tiñan que orientarse ao afortalamento e expansión da industria madereira, alleos por completo ao problema da contaminación que un tipo de industrias que utilizan como materia prima a madeira —as celulosas— provocan [26].

Merece ser destacado o interés que tiñan en conxugar armónicamente o progreso técnico coa salvagarda do mundo tradicional galego.

A este efecto solicitaban a creación de:

"Escolas rurales de formación campesiña que soergan a comunidade aldeán fomentando o esprito comunal, inculcando o apego ó chan nativo e sentando unha ampria base de cultura técnica e agraria" [27].

---

[24] ANT, 1-IX-1934.

[25] Fernández del Riego, "Nacionalismo e Democracia", ANT, 25-VII-1935.

[26] A inexistencia desta problemática, e conseguintemente a falla de conciencia sobor da mesma, permitíu que unhas frases de Castelao tomadas de "Sempre en Galiza", nas que aquél se refería encomiásticamente ás celulosas, fosen manipuladas inda non fai moito tempo por franquistas encastelados na cosa, pra confundiren á opinión pública e favoreceren así unha maniobra demagóxica en respaldo dos seus particulares intereses, consistentes en implantar en Galicia un tipo de industrias altamente contaminantes e ruinosas pra os mariscadores, que non eran doadamente aceptadas en parte ningunha.

[27] Punto 8.º, apartado IV do Programa de 1931, ANT, 1-I-1932.

Consideraban que pra que esta modernización fose posible había que intensificar a electrificación rural.

Polo que fai á súa actitude ante a propiedade agraria, a fórmula "A Terra pra o Traballo; o Traballo pra a Terra", parece ser que debida a Filgueira Valverde, agacha o propósito de eludir mediante esa expresión ambigua as connotacións esquerdistas e a dureza reivindicativa da frase sinónima: "a terra pra quen a traballa".

A directriz fundamental neste orden de cousas consiste en liberar de gravames aos labregos que traballan directamente a terra, eliminando ao propio tempo as fórmulas contractuáis que, como o foro, significan a pervivencia serodia do sistema señorial. O concepto burgués da propiedade como libre, absoluta e indivisible, estaba reñido coa tenencia para-feudal da mesma.

O P.G. estaba interesado na creación dunha masa de campesiños propietarios, mediante a extinción dos foros e a limitación dos arrendamentos estimulando a súa liberación (foros que se redimían en grande medida cos cartos aportados pola emigración) mediante unha serie de medidas reformistas, co que se garantizaba un sistema social estable, no cal o cooperativismo, insistamos unha vez máis, cumpliría unha misión —a máis de específicamente produtiva— potenciadora dos lazos de solidaridade grupal entre os galegos, incrementando en suma a conciencia de NÓS, posto que esa necesaria coesión social veríase parcialmente mermada polo afianzamento do campesiño propietario, e como tal individualista.

Consideraban tamén como necesaria a concentración parcelaria pra racionalizar as explotación agrícolas, impedindo ao propio tempo a excesiva fragmentación do chan nas transmisións da propiedade.

Pedían que se declarase a terra como instrumento de traballo pra os pequenos propietarios, e os edificios ruráis como accesorios da explotación, abolindo a contribución rústica nun caso, urbana no outro, en favor daquéles; todo elo sempre e cando non tiveran máis ingresos que os devengados en concepto de retribución do traballo manual. Solicitaban a inembargabilidade dos predios cando concurriran as anteditas circunstancias.

Polo demáis estimaban necesaria a creación dun Banco agrícola cooperativo, tendente a capitalizar o campo e invertir nel, así como o fomento do creto e a implantación do sistema Torrens de movilización, rexistro e seguro da propiedade inmoble.

Hai que supoñer, inda que non temos datos que o demostren, que o afiliado Cruz Gallastegui Unamuno, director da Misión Biolóxica de Galicia —que tan importante laboura desenrolóu por aqueles anos— tería unha participación importante na inspiración do programa agrícola do Partido Galeguista.

No apartado V, referido á pesca, atopámonos o parámetro característico alusivo á compatibilización do réxime tradicional —neste caso pesqueiro— co avance técnico, e nos restantes puntos a tónica é parecida: queren que sexan fomentadas as piscifactorías pra repoboar os ríos galegos e asimesmo as rías —con especies sedentarias nestas últimas—, industrializando o seu aproveitamento. Reclaman tamén a creación de novas industrias adicadas á "grande pesca" (supoñemos que se referirá á pesca de altura), sin esquencerse da desgravación arancelaria das materias primas das industrias pesqueira e conserveira.

Por derradeiro antóxaselles que pra viabilizar todo esto era necesario crear grandes portos pesqueiros modernos, e pequenos de refuxio, así como fundar escolas de pesca, laboratorios costeiros, estacións meteorolóxicas e radiotelegráficas.

En conxunto temos un cadro de propostas pensadas á medida, por e pra os armadores e industriáis conserveiros, posto que, por máis que ao escomenzo se pronuncien polo:

" "Retorno ós principios colectivistas tradicionaes (...) por vía da cooperativa específicamente peixeira con ourentación técnica e social".

A verdade é que a pesca tradicional galega, os pescadores de baixura que faenan en barcos de pequeno calado, quedan en boa parte ao marxen deste conxunto de medidas que non lles afectan senón tanxencialmente.

Por de pronto é xa ben significativo que nin siquera sexan mencionados.

Existe unha diferencia cualitativa no trato que reciben, con relación aos pequenos campesiños, que son máis agarimados polo P.G.

Cecáis unha explicación parcial deste dato atoparíamola no feito de que no mar o P.G. alcóntrase cun sector social —o empresariado capitalista— que non existe no campo, o cal, unido a que a grande masa de poboación estaba no campo, polo demáis máis receptivo ao galeguismo que o reticente anarquista mariñeiro, faríao máis propenso a redactar un programa máis sensible ás necesidades do campesiño probe, que ás do mariñeiro de igual condición.

Resaltemos que a minería —de importancia decisiva pra un programa de industrialización— está ausente nos apartados económicos do Programa do P.G.

Esto é en parte explicable pola reducida importancia desta actividade productiva naquel intre, pro dado o seu carácter esencial pra un proceso de transformación industrial autóctono, solprende que non aluda cando menos a un programa de investigacións, daquela escasísimamente realizadas, que revelase os posibles xacimentos cos que se poidese contar. Por outra banda non atopamos tampouco referencias ás fontes enerxéticas igualmente primordiáis. Pasen por seren éstas insuficiencias ou contradicións no seu proxecto de desenvolvemento industrial.

O apartado VI estaba adicado á Política Fiscal. Nel pedíase o deslinde entre o réximen fiscal do Estado e o autónomo dos municipios; a supresión de tódalas consignacións dos presupostos municipáis que sostiveran servicios alleos aos concellos e tamén a abolición do imposto de cédulas personáis que sería sustituído por un carnet de identidade. Por último consideran necesario crear un imposto progresivo sobor da renda.

Esbozan pois unha política fiscal progresista pro esquemática, polo demáis centrada na autonomía fiscal dos distintos nivéis institucionáis, no principio espacial da inversión dos recursos aló onde se recaudan, e no imposto directo.

Deberáse a Alexandre Bóveda o desenrolo deste breve enunciado de medidas. Empeza Bóveda criticando o sistema fiscal vixente por estar baseado nos impostos indirectos, dado que ademáis estaba repartida a recaudación entre os Concellos, Estado e Diputacións, o cal multiplica por tres os gastos e maila burocracia de xeito que se: "perturban as transaccións e o normal desenrolo da nosa pobre

industria, impedindo en moitos casos novos intentos industriaes" [28], por ende fomentaba o caciquismo, dado que a facultade impositiva, ao menos parcialmente, así como a función recaudatoria, dependían en boa medida do arbitrio caciquil. A esto engadíase que o arrendo practicado daquela dos servicios recaudatorios a compañías particulares, era fonte de rendimentos privados que deberan revertir na colectividade.

As bases da reforma fiscal que el propón aséntanse no imposto único; xestión única, dado que a adeministración do imposto dependería exclusivamente da Xunta de Galicia, nos servicios que se lle transferiran ao goberno autónomo; xusticia social respondendo á idea de progresionalidade, gravando os capitáis ou as rendas, según os casos, considerando que as escalas progresivas de capitáis improductivos serían máis fortes que as de rendas de capitáis ou de traballo.

Polo demáis nas rendas de traballo tenderíase a declarar exceptuada para cada contribuinte a cantidade precisa para a subsistencia da familia; modernización da adeministración galega, axilizándose os trámites seguindo un módulo de tipo bancario; supresión por fin dos arrendos das contribucións.

Tamén propuña Bóveda a creación dun Banco Galego, avalado e dirixido pola Xunta de Galicia, que tería de ser a peza clave da organización fiscal e financieira de Galicia.

Esto polo que toca á reforma fiscal, pro non se trataba soio deso. Nefeito, pouco se podería facer namentras o Estado central seguira drenando o capital de Galicia ao traveso das cargas impositivas que non tiñan a correspondente contrapartida nos gastos realizados en Galicia. Así, no discurso que pronunciou Castelao nas Cortes Constituintes en maio de 1933 decía:

"Galicia satisfizo al Estado el año 1930 por toda clase de impuestos, contribuciones y monopolios, 135 millones, y el Estado gastó ese año en Galicia, por toda clase de atenciones, incluso las de Obras Públicas, 126 millones, 200.000 pesetas, quedando un remanente a favor de Galicia de 8 millones 300.000 pesetas, que práctica y normalmente es muchísimo mayor" [29].

CONCLUSIÓNS

A suma destes apartados sobor do programa económico do P.G. revela ás claras o seu propósito de modernizar a base económica de Galicia por medio do cooperativismo, incrementando a produción en tódolos sectores produtivos, reformando a estructura económica, despoxándoa de incrustacións atávicas e dotándoa de fontes propias de financiación, fomentando a investigación e divulgación de novas técnicas, introducindo no noso chan o esprito de racionalización que fixera esmorecer as usanzas económicas ancestráis, —eso sí, sin rupturas coa tradición— dun xeito gradual e progresivo, pro inexorable, de maneira que se afincaran acaidamente no chan galego as relacións de produción capitalistas.

XAVIER CASTRO
Vigo

[28] A. Bóveda, "Proleito de transformación do sistema fiscal galego"; ANT, 15-VI-1935.
[29] "Os nosos diputados e os de hoxe", ANT, 29-VI-1935.

A GAIOLA DOS PAXAROS LÍRICOS DE XAVIER SEOANE

— I —

Paxaros engaiolados antre as reixas das palabras desconsideradamente fermosas de Xavier Seoane. Fermosas e cada día máis necesariamente lúdicas. Hai que lle restituir á lingua o que ten de exceso, de plasticidade, de placer. Pensade en Pondal, en Manuel Antonio, en Bouza Brey, nos chamados neotrovadores, nos vellos trovadores, en Arcadio López Casanova, en moito de Bernardino Graña e de Méndez Ferrín, e nesta gaiola engaiolante dos paxaros domesticados ou salvaxizados por Xavier Seoane [1]. Non falo de influencias nen préstamos, nen xiquera de cleptomanías inevitabeis. Falo dun mesmo espíritu de xogo que necesita hoxe a nosa literatura, dabondo xunguida ao carro dos moitísimos anos de poesía necesaria como o pan de cada día. Hoxe hai que beber poesía necesaria como o viño. Viño da terra, o recurrente viño do país que resposta sempre ao mesmo alcume e que nunca é o mesmo. Como non é igual a ningunha outra a poesía de Xavier Seoane, poeta mozo, nado na Cruña, autor dun libro de Poesía Experimental e de moitos inéditos.

Poeta da ledicia, que reune neste libro a colección máis exhaustiva de actitudes de paxaro, de palabras poboadas de cantos de paxaro, de voces que rebulen por contradecir a norma dos etimoloxistas nun bosco onde reina o desorde e rixe a armonía das formas chamadas externas, conxunción da que xurde o significado profundo dun poema: amenedo, améndoa, amenta, amañecer. A clave está na amenta, cor do amañecer.

Velehí os exóticos brincos dos paxaros de Xaxier, asubío de Xavier chamando a tódalas aves do mundo, que falan de amor. Paxaros que petan na sombra sulagada de Celso Emilio, paxaros nos que reencarnamos pra irmos de mortos a San Andrés de Teixido (dí o poeta: "o paxaro resume no seu bico a evidencia / da nosa romaxe e obrigado silencio / esta longa espera: este óbolo misterioso de tempo"), paxaros que non queren esquencer o tempo da nostalxia, paxaros lonxanos que aportan a necesidade de beber con lecer "o viño de vagar", paxaros qe saben de cantigas vellas e únicas coma a de Mendiño, paxaros sometidos pola forza do vento, paxaros da anguria, da ledicia vana do nadal, paxaros que son arbres, que son mencer ou solpor, paxaros que gozan de nomes que os singularizan pra poderen facer o primeiro plano dunha escena lírica de Rousseau O Aduaneiro: melros, gorriós, ouriols.

Pero, por riba dos números da Gran Paxarería, "o máis difícil todavía" é o que nos amosa ao propio domador de palabras poéticas amando a un "paxaro lene que aniña no mencer / habita nos regatos e nas vougas fontelas / e non ostenta ropaxe de raiña ou de nubeiro". Paxaro que voa atravesando materias heteroxéneas, como todo paxaro heterodoxo, pra conquerir a ledicia de verse convertido en peixe, en coello, en man de muller. Vede, pra gozar destas reviravoltas, o derradeiro poema da serie I do libro, a titulada A CALUGA DO PAXARO OU AO ESTE DO EDÉN.

[1] Xavier Seoane, A caluga do paxaro, A Cruña 1979.

— II —

Na segunda gaiola (OS SONETOS DA ESPERANZA PRESENTE) nove criaturas engaioladas, nove sonetos "feitos ao exótico modo" do poema sen cadea (nen paxaro nen terceto encadeado), cantan a lembranza nostálxica dos amigos. Liberados pola forza do canto de Xavier, a nós, que éramos "os escuros amigos das rúas desdentadas" e que buscábamos protección contra da soidade ao axuntármonos en "gaiolas doentes como cravos", otórgasenos neste circo máxico o tributo da esperanza. Eisí podemos cantar as gueivotas de Urbano Lugrís, percurar un casal campesiño onde escoitar mil anos o canto do roisiñol, erguer cantigas incendiarias, xemer coma melros, escoitar o arrecendo da chuvia de flor e paxaro, namentras navegamos cara á Nau da Esperanza.

Os oito primeiros sonetos-randieiras da Gaiola dos Amigos abanéanse co ritmo dunha nostalxia maina: a dinámica do canto, do soño, da palabra, da contemplación, do amor, da premonición (Correa canta unha "illa sospeitada"), da memoria (Raúl Reguera é incitado a lembrar "a escura volvoreta dos anos"), do compás monótono da chuvia. A chuvia que escoitan tódolos persoaxes encadeados polo misterio das vidas ou pola forza da historia ("pingas de chuvia azul" ou "chuvia dos corenta anos malsanos") é o motivo musical que xungue os distintos ritmos. Cecáis a mesma chuvia que escoita a Galicia-Penélope do poema de Díaz Castro: "pro ti envólveste en sabas de mil anos / i en soños volves a escoitar a chuvia".

O último soneto, en troques, non ten movimento de randieira nen canto de paxaro, pois que é zarandeado pola treboada da anguria: o canto é un xemido implacable. Os amigos atópanse xuntos no círculo central da gaiola: no Medo, no Abandono, no Silencio. O fondo musical desta escena é o tremor dun violento "tambor de chuvia". ¿Será que o prestidixitador quer facer neste número a confesión pública dos seus trucos, das súas "trampas e cartóns", confesar que nen xiquera os amigos habitan a Esperanza Presente? Sexa como sexa estóu certo de que Xavier firmaría cos ollos pechados aquelas palabras de Pessoa: "O poeta é un fingidor, / Finge tão completamente / que chega a fingir que é dor / a dor que deveras sente".

— III —

Os paxaros e os amigos embarcan na Nau. Xavier-Noé lévanos a partir da III xornada (FINIS TERRAE E OUTROS POEMAS) máis alá das illas, cara á Esperanza Futura, que se nutre de fraternidade e de arte, ou de fraternidade no arte.

O lugar do embarque é Fisterra. Alá o canto medra e xungue ás distintas especies de paxaros e de homes. O piloto fala de sí mesmo namentras leva a bo porto a embarcación do seu canto: "eu / incurabel / solitario, / pulidor de palabras, / soñador, / non teño outro deus / que o sol / e as migallas de felicidade / que o abrente e o serán me dan de balde".

A arca de Xavier fuxe da crecida das augas do desamparo, busca refuxio nas praias íntimas da nenez relembrada, parte co seu cargamento de paxaros máxicos á percura da Rexión do Tempo Recobrado (nas costas o cheiro da tarta de mazá avisa ao navegante que está a chegar o día, o mesmo día aquil que nunca se abandonóu de todo, que está perto a terra prometida onde os homes rodean "a mesa posta e acarón / todos sinxelamente / xunguidos") e, por fin, dono dun cansancio desesperado, decide agardar "a baixada docísima das augas".

— IV —

O epílogo da caluga é un descanso saudoso .A parte IV do libro non quer título. É a consecuencia dun viaxe esperanzado que pretendía liberar aos paxaros exóticos, aos amigos da terra, ao propio demiurgo desta loita contra das mesnadas dun tempo destructor, viaxe aos infernos da propia conciencia, que remata outra vez como empeza: agardando.

Agardando outra nova subida das augas, outro lume de cantos sinfónicos por riba das augas que crecen cara aos abismos de máis alá dos fisterres do mundo.

Coido que se quixéramos xogar (cántas veces a crítica literaria non é máis ca un xogo inútil) a burócratas da cultura, agora axudados pola fácil e benvinda maquiniña calculadora de bolsillo, nesta Gaiola de Xavier Seoane o primeiro lugar do porcentaxe de palabras recurrentes ocuparíao a voz AGARDAR. Non importa o porcentaxe. Pero sí a constatación dos motivos obsesivos. Agardar é a actitude dos desesperados de boa fe. Ou dos que teñen fe na desesperanza. Eu non sabería decir se neste libro de Gaiolas e de Viaxes (ou de circos viaxeiros) domina o sentimento da ledicia ou o da anguria. Hai ledicia na voz, no canto; cecáis a anguria sexa o resultado dunha lectura crítica. Proporía eu humildemente esquencer por hoxe a lectura crítica. Prefiro, como o autor deste libro, consolarme escribindo palabras: "quizáis so se console / o incurabel nostálxico / que escrevéu estas palabras".

Baixada das augas. Chegada ao *locus amoenus* onde o amor é unha "caluga amada / onde escondo os meus dedos / latexantes como se naceran". A arca de Xavier arribóu ao edén da tristura ledizosa, Xardín das Delicias, espacio surreal no que se dan cita as presencias fantasmáis que van configurando a nosa vida como xogo que espanta a sombra da morte innomeable: o cheiro dos pexegos, a mecedora do abó, o pai metamorfoseado en Pablo Neruda, o naufraxio da Nau dos Paxaros, Bach, Mähler, Modigliani, Soutine, Leonard Cohen...

E Xavier Seoane testigo, na vaguada das pantasmas, participa como actor. Decide ser el mesmo o seu propio poema, ser acto e non palabra. De todos xeitos tamén el sabe que a palabra *é* o acto, ten o mesmo valor que o acto, é decir: ningún valor. E repito, teimo, tamén el sabe que é certo aquelo de Pessoa: "o poeta é un fingidor..."

A palabra é como o paxaro engaiolado, como o amigo feliz, como o viaxe mitolóxico, como as vaguadas reconfortantes: unha mentira imprescindible.

Porque pra nada serve (e pra remate afío o fouciño da crítica) a proposta de Xavier Seoane, inscrita nun dos últimos versos da CALUGA DO PAXARO: "deixarme dunha vez de frases feitas / e consolos de voces prestixiadas / e ollar a morte á faciana".

XOSÉ M.ª ÁLVAREZ CÁCCAMO

TORRES, PAZOS Y LINAJES DE LA PROVINCIA DE LA CORUÑA, por Carlos Martínez-Barbeito [1]

Sabido é que, no noso país, o pazo pode considerárese como unha institución de transcendencia nun tempo determinado. Nas súas horas de esplendor, o pazo foi eixo indiscutible da vida da comarca na que estaba ubicado.

No fermoso e denso volume, profusa e belamente ilustrado, que, co título de *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, publicóu Carlos Martínez-Barbeito, reincídese nesta afirmación. Pazo é testemuño de Galicia, dí o autor do libro. Pero non soio dunha Galicia territorial, sinón da Galicia histórica, social, cultural, política, estética, e mesmo relixiosa.

Dun xeito claro, ordeado e sintetizador, Martínez-Barbeito ofrécenos un estudo ilustrativo, intelixentemente documentado, da vida e da arquitectura dos pazos en terras coruñesas. Amparándose en abondosos datos, o autor describe e analiza a realidade dunha época galega fondamente significativa. Traza unha valedeira interpretación da vida pacega; examina o tema na súa estrutura, na súa vitalidade e nos seus problemas.

As páxinas do interesante volume que reseñamos, preséntannos un corpus das casas solarengas —torres e pazos— que poboan a paisaxe coruñesa. Trátase dun catálogo e inventario de catrocentas cincuenta desas torres e pazos. Pero non soio dun catálogo e inventario espidos, sinón tamén dunha interpretación aguda do papel que aquelas entidades socio-histórico-culturáis desempeñaron. Por eso non se refuga aquí a crítica, pois o que se tenciona é presentar tanto a cara como a cruz dos pazos en canto institución.

[1] Publicaciones de la Diputación Provincial de La Coruña, 1978.

No lúcido ensaio limiar que antecede á parte descritiva do libro, Martínez-Barbeito introduce ao leitor na problemática do tema. Informa de primeiras sobre a orixe da palabra pazo. Fala despóis do significado que éste tivo no arte e máis na literatura, así como do tránsito da fortaleza ao pazo. Conta tamén cómo os señores dos pazos souperon crear beleza arredor deles. Verbo desto pode decírese que, ate certo punto, os pazos —xunto coas eirexas e mosteiros— asumen a representación arquitectónica da paisaxe e convírtense en expresión súa. Xa que logo, sin que tal feito supoña menosprecio, nin moito menos, do valor da arquitectura popular.

Por outra banda, o escritor distingue os pazos da montaña dos da beiramar. Refírese, asimesmo, aos seus constructores, que serían, quezáis, maestros de obras, canteiros innominados. Mais a significación do pazo se non reduce, naturalmente, ao seu feitío arquitectónico. Representa tamén, como deixamos dito, un importante xogo socio-cultural. A vida pacega latexaba con ritmo lento e apagado, igual a sí mesma, seguindo ordenadamente os ciclos campesinos.

Pero, ¿durante cánto tempo se mantivo o protagonismo unitario daquela vida complexa? Martínez-Barbeito danos a comprida resposta: Uns catrocentos anos dura o pazo como conxunto indivisible de arquitectura, cultura, economía e imaxe gloriosa dun sangue e da sociedade dos elexidos. Nos momentos do seu esplendor histórico, os señores dos pazos constitúen unha fidalguía ilustrada. A composición das bibliotecas que nas súas mansións se organizaron, orientan sobre a cultura formativa de aquéles.

Hai aínda outros puntos que ocupan a atención do autor do volume: O que atinxe ao nacemento da nobreza no campo galego, decíndonos de segundas en qué consistía esta nobreza. Dibuxa a seguido un mapa nobiliario das terras coruñesas, ocúpase das xuridicións señoriáis e sinala a base económica da que dispuñan.

Parte do século XVII e desde logo o XVIII marcan unha nova situación. Chega un momento no que moitos señores comezan a se cansar do tedio e da rutina da vida campestre, e emigran á cidade. Máis tarde, o capitalismo despoboa os pazos, e os seus señores fanse polticos e burócratas.

O contido fundamental do volume desenvólvese, xa que logo, a traveso do achegamento ás torres, aos pazos e aos liñaxes que o autor realiza con grande acopio informativo. Historia e describe puntualmente, por orde cronolóxico, cada un deles: Agüeiros, Allo, Altamira, Brexo, Buitureira, Cabana, Calo, Coirós, Chancela, Drozo, Esperante, Ferreiros, Fruzo, Lema, Montrove, Moruxo, Narahío, Oleiros, Orto, Ouces, Pallas, Paradela, Perbes, Queirós, Rañal, Reboredo, San Xiao de Cela, Santa Cruz de Mondoy, Serra de Outes, Torre do Monte, Trasouteiro, Vales, Vilacoba, Vimianzo, Xaz, Ximonde, Xora..., e todos os máis.

Os datos son fidedignos, os pazos que aínda permanecen están ahí, pra que todos os vexamos; os outros son xa pura lembranza. Os informes históricos empregados proceden de documentos ou libros fehacientes. Pero hai, ademáis, a aportación personal de Martínez-Barbeito, e ésto é como si nos abriran unha fiestra sobre unha paisaxe moi bela e lumiosa.

Nas páxinas do volume desenrólase algo que, ás veces, aseméllase moito a un espectáculo. Todo emprincipia nunha pincelada. Ollamos unha man que co seu pincel deixa no lenzo unha mancha. Máxicamente, un mundo enteiro mana da pincelada. E ésto é así, porque o autor posee a maestría de escribir. Sin se perder no xogo erudito, ofrécenos a información realista mesturada cunha innegable amenidade.

A obra complétase cunha comprida Bibliografía, abondosas láminas e índices toponímico e onomástico. No seu conxunto, o leitor pode atopar unha visión clara do tema que o autor trata. Pero, ademáis, no ensaio limiar Martínez-Barbeito pon a proba as súas dote de expositor, capacidade de síntesis e elegancia do escritor nato.

S. L.

VÍSPERA DO DÍA, por Xulio L. Valcárcel[1]

O lingüista Emilio Alarcos Lloradh ten dito, estudando a Ángel González, que para analizar unha obra poética deben combinarse duas motivacións: a relevancia obxetiva da obra e o entusiasmo personal pola mesma. Agora ben, a estas duas motivacións pode engadirse unha terceira: a derivada do coñecimento íntimo e amistoso do poeta, que nos permitirá detectar a súa omnipresencia na obra. Asimesmo, a frecuente referencia a realidades convividas, pode implicar sentimentalmente e de xeito moi directo ao comentarista no material considerado. Pois ben: penso que neste caso danse xuntas as tres motivacións, polo que si a crítica é sempre unha leitura personal dentro das múltiples interpretacións posíbeis —a diferencia da ciencia ou da teoría literaria—, vai estar necesariamente conmocionada aquí pola amistade e por certas convivencias máis ou menos remotas dentro dunha común mocedade.

Nefeito, *Víspera do día* de Xulio L. Valcárcel é, como resalta no limiar Domingo García-Sabell, un poemario do que se tiran axiña duas consecuencias: a autenticidade e a xuventude do poeta, e nós diríamos que máis a primeira que a segunda. Pero non imos insistir aquí no xa considerado polo prologuista.

A autenticidade maniféstase fundamentalmente a nivel sentimental, froito dunha comprensión desgarradoramente existencial da vida e do home. Pese a un título claramente espranzado, o eixo temático e anímico da obra é totalmente desesperado, non tanto existencial como abertamente existencialista na liña dos primeiros Sartre e Camus. Non é estrano pois que estemos á beira do nihilismo en todo momento, xa desde as demoledoras citas iniciáis de Montaigne e Quevedo, escollidos aquí máis como nihilistas que como pensadores escépticos, liña na que tamén se inscribe a cita de Xesús Manuel Valcárcel, irmán do poeta. Pese a certos atisbos optimistas, o pesimismo nihilista predomina dun xeito absorbente e coa máxima intensidade en todo o libro: "ó fin todo está perdido" (p. X), "e nada tiveche nada tés nada / non hai nada que facer nada te salva" (p. XXI), etc.

A visión existencialista é pois a dominante en toda a obra e a ela se subordinará todo o material poético. De ahí o tono intimista e individual desta poesía, aínda que trate problemas sociáis: a súa perspectiva é sempre personal, nunca colectiva. Así, toda problemática social está sempre subordinada á visión existencial, como mostran claramente poemas como "Matrimonio burgués" ou "Verbas a un fusilado anónimo", onde o rutinario valeiro da vida burguesa e o fusilamento dun home anónimo son aproveitados para tratar do valeiro existencial na vida e na morte, pero sen referirse á dialéctica da sociedade a través das clases ou da historia a través da determinación e concreción cronolóxica e política dos feitos. No fondo, estamos ante un poeta que aínda tratando cuestións sociáis é ante todo ahistórico e asocial, somente interesado no home en sí, ao marxe dos condicionamentos e das circunstancias.

Este radicalismo existencialista pode inscribirse na palabra no tempo que definíu Antonio Machado e no existencialismo eticista do compromiso sartreano na liña Vallejo-Celaya-Otero-González, poetas todos cos que garda notorio parentesco a máis dun nivel. Angel González é cecáis a voz máis próxima a Valcárcel que podemos encontrar: abonda con lembrar a manifesta proclama de facer "poemas do home pró home", explícita tamén no poeta asturiano e coas mesmas verbas. Mais pouco importa que o autor se vencelle á liña de Vallejo e aos seus epígonos hispanos desde Panero a Blas de Otero ou que sexan patentes na súa obra os inevitábeis ecos de Neruda (Vallejo e Neruda son os principáis mestres de todos os existencialistas hispánicos). Nada desto resta valor persoal aos seus versos, portadores dunha poesía que cecáis non se deba —nen se poida— facer de ningún outro xeito. Valcárcel súmase a un feixe de voces auténticas por unha necesidade sincera e pura de sentimento e de expresión, non por snobismo nen teima mimetizadora, intencións éstas

[1] Follas Novas, Santiago de Compostela, 1979.

que o houberan levado a imitar a Gimferrer e demáis novísimos actualmente no cume do snobísimo mercado literario.

Precisamente por esta integración asimiladora do legado poético, non repelen as deliberadas ou casuáis coincidencias con outros autores. Tal é o caso do mesmo título —que irremediábelmente nos lembra a "Víspera do gozo" de Salinas, poeta polo demáis leido e gostado polo autor— ou da imaxe das "Sábanas hondas" de Bousoño, trocadas aquí nunhas "sábanas ondas" cunha aínda meirande forza expresiva e poética. Igualmente, a fórmula lorquiana "X e máis X e máis X sen Z" —marcadamente presente no pranto por Ignacio Sánchez Mejías— que aparece en "noites e máis noites / e máis noites sen senso" (p. XIX), non fai máis que poñer de manifesto a asimilación dunha fórmula sintáctica que consciente ou inconscientemente pode, debe e de feito é utilizada por todos.

Tamén cabe constatar a práctica ausencia de tradición poética nacional galega, feito absolutamente coerente co intimismo existencial do autor, máis próximo das voces individualizábeis nun home concreto —Vallejo, Neruda, Otero, González— que das tradicións seculares dos pobos. (A fugaz aparición de mitos galaicos como Roi, Lupa e Breogán non permite entroncar esta poesía con ningunha suposta estética nacional).

Dadas as características xeráis de *Víspera do día*, non é de estranar que acade a súa máxima intensidade na evocación de feitos concretos e vividos existencialmente, en poemas cheos de alusións directas e de nomes: o tenro e irónico "Desolación do abó", o damasiano "A mai", o proustiano "Lembranza de Lugo" e, sobre todo, "Insomnio", onde culmina a súa poesía de naufraxio ou máis ben de "zozobra", por utilizar unha das verbas clave do poeta.

Baixo estes supostos —existencialismo e libertade formal sen rachamentos vangardistas— *Víspera do día* é un libro madurecido e exemplar, froito dun longo proceso de elaboración. Como Angel González, por citar de novo esta voz irmán, Valcárcel non improvisa: construie a súa poesía sopesadamente, limando, pulindo e trocando elementos con arreglo á súa evolución técnica e mesmo ideolóxica hastra a versión final.

A desesperación da agonía e da "zozobra" é sen dúbida o eixo temático de *Víspera do día*, libro no que como diría Quevedo non hai un verso onde pousar os ollos que non sexa lembranza da morte, pero tamén do home.

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER.

ESTUDOS GALEGO-PORTUGUESES, por Rodrigues Lapa [1]

Esperamos que a Colección Noroeste, iniciada co interesante volume do Profesor Rodrigues Lapa *Estudos Galego-Portugueses*, contribua a clarificar os problemas que ten plantexados o idioma e a cultura galega, en canto que propondo-se, segundo parece, aquela colección, ser veículo de comunicación entre as terras de aquén e de alén Miño, deberia arrequentar a conciéncia histórica do noso pobo, reanudando os lazos que nas orixes uniron a cultura galega e a cultura portuguesa, inflexións ambas, ainda que mui diferentemente afortunadas, dunha mesma unidade galego-portuguesa, esmorecida, mais non borrada, por vários séculos de diverxente destino político-social.

A tradición do galeguismo é unanimemente favorábel na teoria a un intercámbio cultural con Portugal. A aproximación idiomática semellou sempre desexábel, e ben coñecida é, por exemplo, a postura de Castelao a este respeito. Na prática, endebén, pesaron sobre os galegos, mesmo os intelectuais, lousas de rutina centralista difíceis de remover, e, como quer que sexa, asombra a ignoráncia que, en xeral, dominou entre nós en canto afecta à língua, à literatura e às formas de vida portuguesas. Que ao intentar a planificación,

[1] Colecção Noroeste, Sá da Costa Editora, Lisboa, 1979.

codificación e ordenación da nosa língua, poñamos por caso, se deran situacións de total ou parcial esquecimento da existéncia dunha norma portuguesa que muito nos poderia axudar nos nosos empeños, é fenómeno que so se explica pola asoballante forza da secular influéncia do poder central, que isolou os galegos na orde cultural das manifestacións do espírito que, decendo na Idade Média do berce orixinário, atinxiu no novo Estado portugués logros que acadaron a universalidade en ámbitos diversos.

O Profesor Rodrigues Lapa ten gañado executória nos estudos galego-portugueses, entre outras cousas, pola mestria dos seus coñecidos traballos sobre a nosa lírica primitiva. Mais non é menor a preocupación que desde sempre sintiu polas cuestións modernamente plantexadas à cultura galega, e os traballos reunidos nestes volume son testemuño do muito amor e da muita aplicación con que gosta de encarar todo o que a Galiza se refire.

Todos os artigos agora coleccionados —entre os que se contan alguns até o momento inéditos— conspiran ao mesmo fin: subliñar as afindades luso-galaicas e pór de relevo que antinatural e, por tanto, que antieconómico seria construir a nosa cultura e criar a nosa língua literária, dando as costas à cultura e à língua portuguesa, como se nada tivesen que ver as unhas coas outras; e, a maior abondamento, canto hai de aberración mental en calquer forma de hostilidade ou isolamento que se poda detectar como componente da conducta nas mútuas relacións entre as duas entidades políticas en que hoxe se atopa distribuído o antigo mundo espiritual galego-portugués.

Certamente, o problema do futuro do idioma galego e da sua proxección literária pode ser enfocado desde ángulos distintos. Ainda que o autor se coida de acentuar o seu respeito à vontade libremente expresada dos galegos en matéria de ordenación do seu idioma, non faltan entre eles os que, coincidindo nos princípios doutrinais co Profesor Lapa, estiman que un plantexamento máis pragmático, que teña en conta as forzas empíricas en xogo, é o que corresponde aportar aos mesmos galegos para completar o plantexamento do ilustre autor portugués; de xeito que a filosofía político-lingüística por este tan agudamente exposta, poda converter-se en método de tratamento da realidade fáctica meiante os axustes e a ordenación de prioridades, ou mesmo a redución aos condicionamentos históricos das liñas xerais do pensamento, que aconsella a consideración total do problema, no que inevitabelmente se integran factores de grande complexidade que o político debe encarar.

En momentos como os actuais, críticos para a vida do idioma galego, compre subliñar enerxicamente, como fai o sábio profesor, o carácter occidental da nosa língua, tan exposta à erosión de forzas sociais e políticas alleantes; e os mesmos planificadores da vida futura do idioma, ainda que se cadra conscientes dun xeito máis óbvio das dificuldades históricas que haberá que rodear para vencer, acharán nas páxinas do volume que comentamos, fontes de inspiración e normas de plantexamento dos problemas, que, axeitadas às esixéncias do traballo cotidiano, darán a este a solidez doutrinal que necesita.

O leitor interesado nestes temas achará máis unha vez neste libro o memorábel artigo titulado "A recuperação literária do galego", que tan profundamente removeu a nosa conciéncia lingüística, e outros que son como corolários ou escólios daquel importante traballo. Achará tamén outros máis que enfocan feitos ou problemas da nosa língua ou da nosa cultura en forma menos urxente, porque abordan cuestións menos polémicas. Uns e outros constituen matéria de coñecimento indispensábel para todo galego culto de hoxe.

Na recuperación que estamos procurando da nosa língua, hoxe en parte oficializada sobre a única base realmente posíbel, a base da forma que os galegos actualmente coñecen por tradición oral e escrita, a filosofia, a información, o consello do Profesor Rodrigues Lapa, eminente galego-portugués, son e han ser preciosos elementos de colaboración e contribución à normalización que visamos. Pois é evidente que o deterioro da fala depois de muitos séculos de desleixo, dista de ter-se correxido polo cultivo literário, por muitos que sexan os progresos ultimamente realizados. Asi, a reintegración do noso idioma

no seu mundo própio e a sua coordinación coas demais ponlas do tronco comun, parece presuposto ineludíbel de todo esforzo que pretenda deter a corrente de dialectalización do galego con referéncia ao castelán. Cremos que esta postura é comun ao profesor Rodrigues Lapa e a muitos intelectuais galegos. A nós semella-nos unha postura correcta. En que grau, con que ritmo, con que accions concretas, con que ousadia ou con que prudéncia temos de proceder, é outra cuestión, en que poden caber matices de opinión. Para adoptá-los, todo galego responsábel deberá ter en conta os *Estudos Galego-Portugueses* do profesor Manuel Rodrigues Lapa.

M. DUMBRÍA

PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DE GALICIA. Estado da cuestión[1]

Estamos dediante dun volume, concebido con seriedade e rigor por un equipo de investigadores novos. Colaboran nel F. Acuña Castroviejo, P. Acuña Fernández, F. Arias Vilas, F. Calo Lourido, F. Fariña Busto, M. C. García Martínez, F. S. López Gómez, A. de la Peña Santos, X. Ramil Soneira, X. C. Rivas Fernández, A. A. Rodríguez Casal, V. Rodríguez Gracia, A. M.ª Romero Masiá, X. C. Sierra Rodríguez e X. M. Vázquez Varela.

En breves páxinas introductorias fálannos os autores da tradición do estudo da ciencia arqueolóxica en Galicia, a partir dos precedentes do XVII e do labor dos "ilustrados" do XVIII. A sumaria referencia que fan despóis ao celtismo dos nosos románticos, evócanos leituras de mocedade que impresionaron a nosa imaxinación de non iniciados na cultura arqueolóxica.

Hoxe están deixados definitivamente, como é natural, os calcos da tendencia arqueolóxicorromántica, que ofrecéu, sin dúbida, belas páxinas á nosa literatura a fináis do XIX; sin crear por elo unha "ciencia puramente positiva, matemática, de comprobacións inmediatas e case tan severas como as probas xudiciáis", que censuraba na arqueoloxía un agudo expositor da literatura española de hai moito tempo.

Na década dos anos vinte encetáronse as primeiras excavacións orientadas con criterio científico, incrementadas cos traballos de campo e de gabinete. A traveso deste esforzo comezaron a abrírense novos camiños. O noso pasado emprincipióu a rexurdir, paso a paso, revelando novos aspectos culturáis, novas filiacións e analoxías. A obra posterior, e, sobre todo, as recentes prospeccións e excavacións —dacordo coas modernas técnicas— fixeron cambear en pouco tempo a visión do pasado galego.

Unha mostra ben expresiva da realidade actual dos estudos arqueolóxicos en Galicia, refléxase neste libro que reseñamos. Os seus colaboradores, en diversos apartados, puntualizan os resultados das pescudas que contribuiron a clarexar o proceso do noso onte remoto.

As etapas dese proceso preséntanse con sumaria, pero ilustrativa significación. O paleolítico, o megalítico, a cultura do vaso campaniforme, o arte rupestre, a edade do bronce, a cultura castrexa, a época romana, o mundo paleocristián e o tempo medieval, amósanselle ao leitor a traveso dunha exposición ben sistematizada pra o seu axeitado coñecemento.

Do paleolítico e do megalítico sinálanse os antecedentes da investigación, o estado désta na actualidade, os problemas plantexados e as novas perspectivas que se abren. Da cultura do vaso campaniforme e dos comezos da metalurxia en Galicia, sinálanse os traballos, non exaustivos, ate agora realizados; o incremento producido en xacementos galegos; a panorámica, a problemática e as amplas posibilidades que a investigación do complexo campaniforme ofrece. Do arte rupestre, a tipoloxía dos motivos, a distribución xeográfica e os

[1] Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos «P. Sarmiento», 1979.

métodos de pescuda. Da edade do bronce, o que se fixo, o que se está a facer, as perspectivas e os problemas. Da cultura castrexa, o habitat e arquitectura, a escultura, a orfebrería, a cerámica, a economía, o organización político-social, a relixión, a situación plantexada, e as liñas de traballo a seguir. Da época romana, do mundo paleocristián e do tempo medieval, concrétanse tamén os labores realizados, o estado actual dos coñecementos e a orientación da investigación.

Leendo esta sumaria pero interesante exposición da Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia chegamos ao convencimento de que, coa investigación severa, rigurosa, avalórase e hónrase un pasado que, no reló da Humanidade, ocupa máis da quincuaxésima parte da esfera. ¿E non alenta, quezáis, no fondo desta vocación inquiridora un aura de sotil idealidade que é convivir con tódolos séculos e lugares?

Resulta xa doce deixarse levar por un pulo de exploración que, desde un ancho presente, fainos renacer máxicamente a un premundo, inda que vago, recuado. Pode éste, sometido a sabio tratamento, suxerir a delectación máis clara. I é que da morea de conxeturas e saberes chegouse a formalizar un cadro unitario.

Adentrándonos no proceso sintetizador que do mundo prehistórico e arqueolóxico galego, nos presentan os autores deste libro, sentimos como un vasto latexo milenario que parece xurdir do perdurable soño dos nosos remotos devanceiros. Non anquilosados os pensamentos en razóns dogmáticas, a incertidume mesma avecíñanos aos restos mudos cunha ansia familiar, torturadora. A reconstrución da vida primitiva de Galicia, dá á paisaxe dos tempos máis recuados do país unha plasticidade evidente. E inda que turbados pola cercanía do primitivo, sentimos fundírmonos co esprito do pasado, que sigue a ser, en nós, incalculable.

Os colaboradores de *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia* cumpliron unha misión positiva, presentándonos non soio o estado dos estudos desta hora, sinón referenciando tamén, ao final de cada capítulo, a copiosa bibliografía existente sobre os temas tratados. E, inda máis, completando o texto escrito con axeitadas láminas ilustrativas.

En resume, o libro do que falamos, pesie a estar escrito por especialistas, ofrécelle ao leitor profano unha visión clarexadora do que foi Galicia nos tempos primeiros; amósalle os resultados dun longo labor de pescuda nos que se concretan as formas recoñecedoras da infancia da Humanidade galega.

Pensamos que se trata dun acerto merecente de louvanza, o que reflexa a exposición que neste volume se fai. Non parece doado sintetizar en relativamente poucas páxinas o proceso do noso pasado, á luz das investigacións máis recentes. Porén, eso conseguiuno, sin débida, o equipo que se encarregóu de redactalas.

COSME BARREIROS

A ASCENDENCIA GALEGA DE JUANA DE IBARBOUROU

No pasado mes de xulio finóu en Montevideo, aos oitenta e catro anos de edade, Juana de Ibarbourou. Proclamada como "Juana de América", hai medio século, pola arxentina Alfonsina Storni e a uruguaia Delmira Agustini. recibíu durante a súa vida condecoracións de máis de vinte países.

Encetara a poeta a súa brillante carreira lírica con *Las lenguas de diamante*. O singular acento deste libro producíu reiterados xuicios loubatorios; xuicios que foron ratificados despóis —de cada vez con maior énfasis— ao írense editando *El cántaro fresco, Raíz salvaje, La rosa de los vientos, Estampas de la Biblia*...

Viñeron a seguido, no decorrer do tempo, outros títulos importantes, e máis as diversas escolmas dos seus poemas. Fóronse incorporando tamén, alternadamente, os contos que, ao cabo, eran a suma da súa imaxinación e da súa entrañable sensibilidade; e, asimesmo, unha variante narrativa das súas mellores virtudes poéticas.

A grande poeta de Cerro Largo chamábase, antes do seu casamento, Juanita Fernández. Polas súas veas circulaba, xunto ao seu sangue criollo, o sangue galego e campesiño dun emigrante de terras luguesas. Ela mesma habíao decir máis tarde: "En Santa María de Vilanova de Lourenzá, val fermoso como un retrinco do paraíso, nacéu meu pai, que tiña, como bó celta, o amor da verde terra, que despóis cultivóu na América". Ese emigrante galego, seu pai, de "ollos grises que trouxo da lonxana patria", era Vicente Fernández Rodríguez. "A súa casa —como tamén contóu a poeta— era un muíño, e o pó do trigo esmoído cobríu as súas frescas meixelas de rapaz".

Do amor que por Galicia sempre conservóu Juana de Ibarbourou, hai abondosos testemuños. Entre eles poderíamos citar os rexistrados nas diversas e fermosas cartas que dela conservamos. Nonos resistimos a transcribir a primeira, datada o dezaoito de novembre do mil novecentos sesenta e dous, polo que de emotivo ten:

"*Mi estimado amigo: Nunca podrá Vd. imaginar, aunque lo quiera, cuánta fue mi emoción al leer su página en el 'Faro de Vigo'. Por generosa, cálida, amiga, afectuosa, me conmovió profundamente. Como el Uruguay, Galicia es mi patria; como mis uruguayos, los gallegos son mis compatriotas. Benditos sean Dios y mi padre que me hicieron tan rica. Ahora Vds. me están volviendo opulenta. ¡Qué manera de dar felicidad a una mujer a quien ni siquiera se conoce!. Gracias infinitamente. Reciba el mejor saludo de su amiga Juana de Ibarbourou*".

Hai apenas un par de anos recibimos un exemplar, amablemente adicado, do que foi, quezáis, o seu último libro: *La pasajera*. Na sinxela e expresiva adicatoria, lembrábanos a imaxe da vila galega tantas veces deseñada nos relatos paternos durante os días da súa nenez. Son tres as partes que forman o libro. Pero a terceira, consagrada a unha "Elegía", foi a que máis nos impresionóu. A autora sinte aquí o fondo do drama do tempo, do que se vai pra non volver. E a súa voz amósase como un tremelante angurioso, un laído, unha queixa que fai da poeta —noutrora eufórica e ditosa de vivir— un dos elexiacos máis profundos e adooridos do noso tempo.

¡Qué lonxe está destes versos a leda rapariga de Cerro Largo, toda unha

forza dionisiaca da natureza; un fresqueiro pulo primaveral feito unha soia causa cos ríos, os albres, os cantos dos paxaros do seu recanto natal!. Porque na poesía deste libro revélanos a súa non conformidade coa perda, cada vez máis lonxana, da mocedade; amósanos a súa voz case bíblica chorando por un ben perdido, que enxamáis voltará.

Ao lembrar a Juana de Ibarbourou na hora do seu pasamento, lembramos tamén o fermoso poemario no que chega á raizame da dór da nada; ao saber que atrás quedóu eso que chamamos vida, tan chea de misterio como a morte, preñada de interrogantes que non teñen resposta. — S. L.

CENTENÁRIO DO POETA JUAN BAUTISTA ANDRADE

O 24 do mes de Santiago do ano que está a correr, cumplíronse cen do nacemento de Juan Bautista Andrade Toxeiro. O autor de *Diana de Gaita* nacéu en 1879, no antigo mosteiro benedictino de Lérez (Pontevedra), do que foi derradeiro Prior Frai Juan Arribas, tío abó do poeta.

Aínda que a súa producción primeiriza escribíuna en galego, revelóuse como poeta no 1907, cando foi premiado coa Flor Natural nos Xogos Floráis convocados aquel ano polo Colexio León XIII, de Santiago. Presidía o xurado Don Armando Cotarelo Valledor, Catedrático de Literatura na Universidade.

Ao ano seguinte volvéu conquistar tamén o primeiro premio nos Xogos Floráis de Toledo, convocados no Centenario de Rojas Zorrilla. Catro anos despóis, nos Xogos Floráis de Santiago, dos que foi mantenedor Don Augusto González Besada, volve a conquerir o máis elevado galardón, cunha poesía titulada "Las Cumbres".

Pouco despóis quedóu finalista do Premio Fastenrat, que otorga a Real Academia Española.

Aquela foi unha primeira etapa da súa obra. As composicións mellores foron recollidas no libro *Al Amor del Terruño*, editado en Barcelona, no 1915. Pasaron anos de aparente inactividade, nos que se incubóu unha nova poética, de corte modernista. Do ano 1921 datan as primeiras composicións da nova xeira, onde a dicción poética, a novedade e transparencia das imaxens, a frescura e musicalidade da composición, a depuración estética... revelaron a outro poeta, sin parentesco co primeiro. A nova persoalidade acúsase con perfís vigorosos no seu segundo libro, *Diana de Gaita*, que foi prologado polo ilustre crítico español Enrique Díez Canedo. Editouse en Madrid, por Espasa-Calpe, no 1930. O mesmo ano no que morréu, con soio 51 anos.

Juan B. Andrade foi figura principal da chamada escola poética pontevedresa, que dou poetas da talla de Luís Amado Carballo, amigo asíduo do autor de *Diana de Gaita* nos derradeiros anos da sua tamén curta vida.

Deixóu Juan B. Andrade unha obra inédita copiosa e valiosa, da que *Diana de Gaita* semella ser unha escolma que o autor, xa rondado pola ameaza da morte, se adiantóu a facer. As verdadeiras dimensións da figura reclaman a publicación da obra poética escollida, que aínda non foi dada á publicidade.

CINCUENTA MIL ANOS MÁIS ENGADIDOS Á HISTORIA DANESA

A Historia de Dinamarca foi alongada con 50-100.000 anos máis. Sabíase que os primeiros seres humanos —cazadores— penetraran hai uns quince mil anos na Dinamarca actual desde o sur, a medida que o xelo do último "Pequeno período glacial" se retiraba do norte de Europa. Agora ven de se demostrar que alí existían seres humanos hai uns 50-100.000 anos, *antes* que comezara o Gran período glacial.

O feito débeselle a un zoólogo de setenta anos, Ulri Mohl, que é un dos mellores expertos sobre a zooloxía da época cuaternaria; é decir, da vida animal de xustamente aquela época á que fixo recuar a historia de Dinamarca.

Durante medio século, Mohl traballóu no Museo Zoolóxico de Copenhague. No 1954 demostróu que xa viviran seres humanos no chamado Período Interglaciar: a época entre o Grande e o Pequeno período glaciar. En total houbo cinco períodos glaciares no norte de Europa, pero até a data faltaron probas sobre a existencia de seres humanos

na rexión danesa antes do cuarto período Glacial: O Grande.

Un día Mohl estaba a observar uns ósos de gamo que se atoparan en Jutlandia hai cuarenta anos, e que estudaran con anterioridade moitos científicos. Eran ósos de antes do Gran Período Glacial, e, de súpeto, Mohl decatouse de que estaban agretados dun xeito que somente podía significar que alguén comera o seu miolo. ¡Jutlandia debía estar poboada daquela!

inda que esta descoberta pareza unha casualidade, somente podía facela unha persoa que tiña un coñecimento, un talento de observación e unha fantasía que chegaba ao artístico. Mohl puido ollar na astela dun óso si proviña dun ser humano ou dun animal, e de qué animal. A base deso reconstruíu e deseñóu un cabalo salvaxe que existira en Dinamarca naquel entón.

¿Qué cras de homes foron aqueles que viviron hai 50-100.000 anos? Foron cazadores, e comían o miolo do gamo, entre outras cousas.

CARLOS MASIDE NUN ALTO BALCÓN, FRENTE AO MAR DE VIGO

A figura de Carlos Maside ven agora á actualidade, a traveso dun fermoso libro, que presenta Pedro de Llano, e no que se reproduce todo o sustantivo da súa obra. O homenaxe manifféstase nunha edición patrocinada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e nel colaboran amigos e admiradores: Luís Seoane, Díaz Pardo, Ramón Piñeiro, Xohán Ledo, García Bodaño, Carlos García Martínez, M.ª Luisa Sobrino Manzanares. Trátase dun xusto e merecido homenaxe co que se honra a memoria do gran pintor.

Del, de Maside, escribira anos antes Rafael Dieste, outro dos seus devotos amigos, nos seguintes termos:

O Arte foi para el motivo da máis delicada reverencia, ás veces traducida en coidadosas pausas ou en laberínticos desvelos. Pero á vez, como exercicio, un luxo, un resplandor; e, como conquista, un acto inconfundiblemente siñorial, xeneroso, selado e orientado desde a raíz polo impulso da dádiva. ¡Fermosa e ceremoniosa dádiva, na súa elegante sinxeleza, a de Carlos Maside! ¿E cómo, ante a obra serena do artista, non agradecer os trámites da reflexión? Son trámites mariños, e aínda nos saúda, como con luz de aurora, a fragata que nos trouxo o agasallo.

Ver, si se é pintor, é precurar o mundo na plena entidade de cada cousa. E tan exemplar foi Carlos nese amor inquisitivo, que eu estóu ollando, posta na súa nobre man, unha densa mazá que comeza a ser de ouro... e, deseguida, é xa o Mundo, el mesmo que na súa sostén, axoenllado, o outro Carlos das vellas estampas.

En xeneral sentía como informados polo número —dígase polo verso, e quezáis se lle entendera mellor—, os varios xeitos de ostentárese cualitativamente o ser das cousas: coor, tanguido, resistencia... Pero non podía nin quería disociar o seu verso, o de coores, da concreta unidade do universo. E razonaba... Sí, liñas e coores. Pero, con liñas e coores, e aínda soio con liñas, a luz, o peso, o ritmo, o íntimo e compasto das cousas —e claro, a alma do que se olla— ate que o cadro, sin ser cousa, teña a plenitude daquel buque ancorado, ou daquela gueivota, ou deses ángulos... Falabamos nun alto balcón, frente ao mar de Vigo. ¡Ouh, os nobres rigores da reflexión, tan aristada e xuvenil, frente ao mar de Vigo e con Carlos Maside! (Sí, temos pensado en grande, Carlos, sin outros xestos que os da amistade sempre sorprendida). E agora resulta que é verdade, que a nosa terra ámate, e que o teu exemplo —o fondo exemplo da túa persoa valerosa, que é máis que valiosa, da túa ética profunda, do teu serio amor á beleza, da túa ternísima responsabilidade de artista —vai ser, xa se olla, calada arenga pra os nosos mozos. Con tódalas xentes da nosa terra, que entenden de colleitas e de números —de estrelas, danzas e cantigas—, decímosche gracias.

EN VIGO, onde residía desde hai unha chea de anos, finouse o médico e escritor Darío Álvarez Blázquez. Membro dunha familia de intelectuáis con varias xeneracións de historia na vida galega, el mesmo exercéu protagonismo na cultura do noso país. Colaboróu nun dos primeiros números desta revista, cun traballo titulado "Un poeta meu amigo", e escribíu abondosos artículos en xornáis e publicacións periódicas sobre temas de Galicia. Nun libro seu, *Francisco Sánchez, el escéptico. Glosa y análisis de la obra del gran filósofo tudense,* realizóu unha interesante aportación pra o mellor coñecemento, entre nós, do autor de *Quod níhil scitur.* Co pasamento de Darío Álvarez Blázquez perdimos cantos o tratabamos a un grande amigo, e Galicia a unha personalidade das máis humanas, que desde a súa mocedade traballóu arreo e sin acougo polo mellor futuro do seu país.

JAMES JOYCE, como o propio Cervantes, ou o mesmo Shakespeare, son moito máis citados polos eruditos que verdadeiramente lídos. Hai anos, unha revista alemana publicaba un conxunto de citas de Dostoiewski —algunhas aparecidas en traballos de respetables profesores—, que eran de segunda man, e que na forma na que eran ditas non se atopaban en Dostoiewski. Outro tanto parece que está a acontecer con Joyce. Ademáis, non se lé a Joyce, pro preténdese imitalo. Hai unha chea de tempo que Joyce está presente, pero sempre de distinto xeito, como corresponde a cada nova xeneración de leitores; e tamén a cada nova xeneración de escritores. Hai un Hesse 1979, e parece que hai un Joyce 1979. E hai os que no 1979 pensan ser un pouco Hesse, como hai os que no 1979 pensan ser un pouco Joyce. Pero Hesse ou Joyce, cada un ao seu xeito, foron dous xenios. E como tales, inimitables, aínda por eles mesmos.

A SECCIÓN Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, montóu unha exposición de homenaxe a João Guimarães Rosa, co gallo da publicación en Cuba de *Gran sertão: Veredas.* A mostra permanecéu aberta entre os días 16 e 27 de xunio do 1979. A máis de pezas bibliográficas en diferentes idiomas do sonado escritor brasileiro, presentouse *A galecidade na obra de Guimarães Rosa,* de Valentín Paz-Andrade, así como vinte láminas do dibuxante Percy Lau con paisaxes de Minas Gerães, mapas desa rexión, fotografías do autor de Tutameia, diversos traballos sobre el e imaxes do seu Cordisburgo natal.

VÉÑENSE DE publicar as cartas de Luís Cernuda ao poeta portugués Eugenio de Andrade. Cartas desde México e desde os Estados Unidos. As cartas, agás algún que outro párrafo solto, apenas teñen interés. Cernuda aparez preocupado polos seus libros. Bota de menos nunha antoloxía a Moreno Villa, e fai varias referencias á poesía de Camoens e á lingua portuguesa: "¡Qué hermosa lengua el portugués!. El castellano es demasiado duro y el italiano demasiado dulce. Entre ambos, el portugués suena con la medida justa". En Berkeley, Cernuda coñecéu ao noso amigo galego Carlos Peregrín Otero, quen escribíu a súa tesis de doutorado sobre a obra do poeta. Louvanzas pra o traballo e pra o home.

FINOUSE EN Ourense o escultor Antonio Failde Gago. Contaba setenta e un anos de edade e mantivo constante actividade ate os momentos nos que lle sobrevíu a morte. A súa derradeira exposición celebráraa en Vigo durante a última semana do pasado marzo. Entre as abondosas críticas que se lle fixeron á súa obra, existe a coincidencia de lle atribuír un coñecimento exceicional da pedra, ate o punto de ser un dos pouquísimos artistas que a traballaban directamente. Ao saber a nova do seu pasamento, o escritor Eduardo Blanco-Amor manifestóu: "Ourense e Galicia perden a un dos seus artistas máis singulares, tanto pola súa orientación estética, como polo material que escollera pra realizar a súa obra".

SOBRE A importancia das mulleres na literatura francesa remata de escribir Jean de Brieuc: Desde María de Francia ou Margarita de Navarra ate Renée Massip e Clara Gallois. "Cadea ininterrumpida de talentos moitas veces brillantes, danlle á novela, ao ensaio, á poesía, un acento irremplazable. Moitas destas obras son o fruto da experiencia e da sensibilidade femeninas, pero outras teñen a forza e a amplitude das

obras escritas por homes. Ninguén lle pode hoxe tirar á muller nas letras francesas, un posto de primeira". Hai que suliñar que namentras no ensaio de De Brieuc se lle adican tres páxinas a Louise de Vilmorin, somentes hai un párrafo pra Simone de Beauvoir, "á que tantas mulleres escritoras en Francia danse presa en esquecer".

CO TÍTULO de *O teatro galego* ven de se editar un interesante volume de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor. Trátase dunha historia do noso teatro na que se reflexa unha fina pescuda e un fondo coñecimento do tema. O libro está dividido en tres capítulos: Da Edade Media ao século XIX; o século XIX; e o século XX. Os autores estudan as condicións sociáis e políticas nas que se foi desenrolando o teatro en lingua galega; amén de nos ofrecer unha información e unha bibliografía de importancia capital pra os interesados no tema do teatro noso. O libro de Lourenzo e Pillado ten, en definitiva, un valor inestimable. E se non pode arredar da gran tarea que ven realizando a prol do teatro na nosa lingua a "Escola Dramática Galega" da Coruña, da que ambos e dous son grandes animadores.

NO LIBRO *En fantasmas de dous mundos,* Uslar Pietri reuníu unha estesa e variada colección de ensaios, que se organizan unitariamente como elementos dunha reflexión sobre "o papel e a situación do hispanoamericano dentro do gran fenómeno histórico da cultura occidental", en palabras do propio autor. Este precisa aínda: "Os fantasmas do libro son algúns dos que teimudamente me visitan e desacougan, nacen do encontro catastrófico e creador de dous mundos, o Vello e o Novo, dos varios pasados diferentes, dos diferentes tempos e espacios, dos máis vellos herdos e as máis novas posibilidades, que son e seguirán a ser o tema fundamental da meditación e creación dese extraño e predestinado home da última fronteira de occidente que é o hispanoamericano". A cultura de Uslar Pietri e a súa ricaz peripecia biográfica fan de moitas páxinas deste libro un examen de temas centráis do pensamento, o arte e a literatura universáis; e tamén unha síntesis de lembranzas e vivencias persoáis sobre problemas e figuras da complexa vida hispánica deste século.

NESTE MOMENTO están xa preparados dous tomos do *Atlas Lingüístico Galego,* realizado polo Instituto da Lingua Galega. O primeiro sairá dentro de pouco. O secretario do Instituto, Antón Santamarina, manifestóu que está feito en 167 puntos de todo o territorio de fala galega: A Coruña, Ourense, Lugo, Pontevedra, e tamén en zonas de Asturias, León e Zamora. En cada sitio fíxose un cuestionario con 2.711 preguntas, a máis doutro de 30 paradigmas verbáis, que terán un promedio de ben máis de catro mil voces. As enquisas fixéronse durante ano e medio con só tres persoas. Con esta obra —dixo Santamarina— teráse un instrumento de traballo insustituíble pra coñecer mellor o galego vivo e tamén o histórico, porque nas falas actuáis quedan abondosísimas mostras de cómo era o galego doutras épocas.

FALANDO DA Xeneración portuguesa do 70, dise nun Boletín adicado ao "Realismo en Portugal" que a capacidade crítica desta Xeneración atinxe o seu punto culminante coa realización das chamadas Conferencias do Casino, do 1871. Nelas, Antero de Quenthal espuxo as súas ideas de socialismo utópico. Eça de Queiroz criticóu o romantismo decadente e defendéu as teorías de Taine e o realismo de Zola e a Flaubert na arte da novela. Co mesmo obxetivo doutrinario e crítico, pero ao nivel da crónica xornalística de tipo panfletario, xurdiron tamén no 1871, "As Farpas", unha publicación mensual redixida inicialmente por Ramalho e por Eça.

O POETA Miguel González Garcés publicóu na Colección Adonais, en edición bilingüe, *De catro a catro* de Manoel Antonio. A boa tradución está antecedida dun breve e lúcido prólogo. O leitor castelán pode agora coñecer a un dos nosos grandes poetas, que polos anos vinte anovóu a poesía galega e trouxo a ela aires novos e vivificantes. Tamén, ao cuidado de González Garcés, en edicións Giannini, publicouse unha antoloxía bilingüe de Luís Pimentel. O tradutor e escolmador estuda a obra do poeta lugués con intelixente agudeza.

LIBROS E REVISTAS

ESTUDIOS GEOGRÁFICOS. Instituto Juan Sebastián Elcano. Madrid, noviembre 1978.

Nunha introducción de E. Balcells trátase de "La montaña como reserva". Carlos E. Marti Bono escribe sobre "Aspectos de la problemática geomorfológica del alto Aragón Occidental". Outros traballos inxeridos no número: "La transición climática altoaragonesa", por José Creus Novau; "Tendencias actuales de la ganadería en el Alto Aragón", por José M.ª García Ruíz y E. Balcells R.; "Evolución urbana y desconexión regional: El caso de Jaca y el Alto Aragón", por José M.ª García Ruíz.

LETRAS DE HOJE. Universidade Católica de Rio Grande do Sul. Junho de 1979.

Recolle estudos e debates de asuntos de lingüística, literatura e lingua portuguesa. Nesta ocasión ocúpase da literatura infantil e xuvenil. Colaboran con diversos traballos sobre o tema, Regina Zilberman, Vera Teixeira de Aguiar, Déa Portanova Barros, Mirna Dietrich, Elisia da Silva Wagner, Ana Mariza Ribeiro, Maria Helena Martins e Moema Russomano que trata de "Cecilia Meireles e o mundo poético infantil".

REVISTA DO INSTITUTO DE ESTUDOS BRASILEIROS. Universidade de São Paulo. 1978.

A edición está adicada a Roger Bastide. Despois dunha presentación do número e dun artículo de Fernando de Azevedo titulado "Na despedida de Roger Bastide", inxire diversos traballos distribuidos en tres partes. A primeira está adicada a "Roger Bastide por ele mesmo"; a segunda, a "Roger Bastide visto por franceses"; e a derradeira a "Roger Bastide visto por brasileiros". De remate, reprodúcese o contido de tres mesas redondas, nas que interviñeron diversos escritores do Brasil.

LITERATURA SOVIÉTICA. Órgano de la Unión de Escritores de la U.R.S.S. Moscú, 9 - 1979.

Encétase con catro ensaios de narrativa. Publica despois poemas de Mijail Dudin e Mark Lisianski, en memoria de Salvador Allende. Outras colaboracións figuran nas diversas seccións do número: "El hombre y la época", "El escritor y la paz", "Crítica literaria", "Mundo de nuestra juventud", "Conocerse mejor unos a otros", "Las artes" e "Nuevos libros".

BROTÉRIA. Cultura e informação. Lisboa, outubro 1979.

Entre os diversos ensaios que figuran no apartado de "Temas e problemas", destacan o de Margarida Conde sobre "João de Deus, Bernardino Machado e o Ano da Criança"; a segunda parte de "A pedagogía de Ortega y Gasset", de Jesús Herrero; e o de Ferdinand Azevedo relativo ao "Padre Teodoro de Almeida: Un oratorio no Iluminismo Portugués", tamén en segunda entrega. Na sección de "Documentação" figura "O Alcalde-Mor de Guimarães nas Crises Nacionais", por João de Sousa da Cámara.

CONVIVIUM. Revista trimestral de Investigação e Cultura. São Paulo, março-abril, 1979.

O número aparece coa distribución habitual: Artigos, Comentarios e Resenhas. Entre os primeiros cabe sinalar: "Genética e Cultura" de Mónica de Barros Rezende e "O estatismo brasileiro na Orde do Dia", de Ricardo Vélez Rodriguez, entre outros. Nos comentarios, destacan "Aspectos de la Literatura española de vanguardia", de Luís Tarín Torrecilla, "O ecletismo no arte", de Archidy Piccado, e "Problemas do escritor brasileiro", de Homero Silveira. As resenhas abranguen as dunha serie de publicacións de actualidade.

ÍNDICE DO TOMO XVII

Xaneiro-marzo, abril-xunio
Xulio-setembre, outubro-decembre
1979

	N.º	Páxs.
Alonso Álvarez, Luís		
As revoltas preindustriáis en Galicia: O Ludismo ...	66	453
Álvarez Cáccamo, Xosé M.ª		
A gaiola dos paxaros líricos de Xavier Seoane	66	506
Ares Vázquez, Nicandro		
Grulfe e Vilarmousende: dous topónimos lugueses	64	240
Baliñas, Carlos Amable		
Na xubilación de Enrique Vidal Abascal	63	122
Barreiros, Cosme		
"Galegos de Londres", por Carlos Durán	63	120
"El gallego de López Ferreiro", por Aurora Marco ...	64	250
"Prehistoria e arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión"	66	513
Barros, Tomás		
Na morte de Luís Seoane	64	225
Bernárdez, Francisco Luís		
Poema das mans labregas	63	114
Blanco-Amor, Eduardo		
Luís Seoane no exilio	65	349
Borreguero, M.ª dos Anxeles		
Galicia na poesía de Celso Emilio Ferreiro	66	401
Carballo Calero, Ricardo		
Os amores serodios	63	81
Sobre a nosa lingua	64	140
Li Hsing-Tao: "O redondel"	64	211
Lembranzas de Luís Seoane	65	274
Carro, Xavier		
Análise temático da leenda da traslación do corpo do Apóstolo Santiago	64	187
Castro, Xavier		
Aspectos económicos do galeguismo na Segunda República	66	495
Cunqueiro, Álvaro		
Luís Seoane, meu ilustrador	65	355
Chacón Calvar, Rafael		
Diglosia e Historia	66	442

	N.º	Páxs.
Denley, Gerald		
Novos poemas galegos	66	463
Díaz Pardo, Isaac		
Notas encol da obra e da personalidade de Luís Seoane	65	281
Dieste, Rafael		
Gozos e crucilladas do artista	65	257
Dónega, Marino		
Requiem por Luís Seoane	64	221
O afora e máis o adentro de Luís Seoane	65	269
Rosalía no Ano Internacional do Neno	66	485
Dumbría, M.		
"Estudos galego-portugueses", de Rodrigues Lapa	66	511
Durán, Carlos		
Algunhas precisións sobre a ortografía	64	243
Durrell, Lawrence		
Eternos contemporáneos	63	101
Dutra Domínguez, Hélio		
Carta sobre "A galecidade na obra de Guimarães Rosa	64	248
Fernández, Concepción		
Teoría da lingua galega en Xan Vicente Viqueira	66	489
Fernández Ferreiro, Xosé		
Un conto de misterio	66	478
Fernández de la Vega, Celestino		
A pintura emblemática de Luís Seoane	65	353
Fole, Anxel		
Historias que ninguén cré. A miña deuda con Luís Seoane	65	368
García, Constantino		
Li Hsing-Tao: "O redondel"	64	211
García Bodaño, Salvador		
A túa remota distancia	65	343
García-Sabell, Domingo		
Luís Seoane. Relembro	65	263
Carta a Pierre Emmanuel	66	393
Gómez Paz, Xulieta		
Dinámica da saudade	65	294
González Garcés, Miguel		
Luís Seoane, grabador	65	327
González Gómez, Xesús		
"A cadea", de Manuel Catoira	64	247
Boris Vian, no vinte cabodano da súa morte	66	471
González Pérez, Claudio		
Ollando Constitucións: As linguas minoritarias	64	200
Girri, Alberto		
Tributo	65	373

	N.º	Páxs.
Guerra, Anxo G.		
Castellanismos e hisperenxebrismos na poesía de Manuel Antonio	64	226
Herrero, Araceli		
Pimentel na historia da poesía	64	174
Ledo, Xohán		
"Imágenes de Galicia. 72 xilografías originales", por Luís Seoane	63	118
López, Froilán		
Onomástica galega	63	103
Santoro, apelido	66	482
López, César		
Trad. de "Eternos contemporáneos", de Lawrence Durrell	63	101
Lorenzana, Salvador		
O galeguismo ideolóxico de Vicente Risco	63	56
"Os outros feirantes", de Álvaro Cunqueiro	63	121
"Galego cero", de Xosé M.ª Álvarez Cáccamo	64	246
Galicia na obra de Luís Seoane	65	301
"Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña", de Carlos Martínez-Barbeito	66	508
A ascendencia galega de Juana de Ibarbourou	66	515
Losada, Basilio		
Seoane, unha visión da historia de Galicia	65	358
March, Kathleen N.		
As invariantes creacionistas na obra de Manoel Antonio	63	1
Noia, María-Camiño		
Notas sobre "Seguino", autoridade citada no Diccionario de Rodríguez	64	237
Novoneyra, Uxío		
A elexía perdida	65	345
Odriozola, Antonio		
Bibliografía de Luís Seoane	65	375
Pallarés, Pilar		
4 poemas	64	217
Patiño, Raimundo		
Seoane "Botella ó mar" no tempo	65	321
Paz Andrade, Valentín		
Vidas converxentes e mortes paralelas	65	311
Pérez Queimadelos, Xosé Luís		
A escalada	63	89
Piel, Joseph M.		
Sobre miragens de pré-história onomástica-lexical galega, a propósito do gal. Becerreá	64	129

	N.º	Páxs.
Piñeiro, Ramón		
A Galicia de Seoane	65	288
Pozo Garza, Luz		
"Abraio", poesía derradeira de Tomás Barros	63	116
No Pórtico da Groria tes os ollos abertos	64	222
Queizán, María Xosé		
A nova narrativa ou a loita contra o sentimentalismo	63	67
Rodríguez Fer, Claudio		
"Víspera do día", de Xulio L. Valcárcel	66	510
Ruibal, Euloxio R.		
"A volta do vello emigrante"	65	346
Seoane, Luís		
Lorenzo Varela	64	232
Un conto e tres ensaios breves	65	332
Siro		
Simplicissimus, Gulbransson e Castelao	63	18
Soto Viso, Margarita		
Aportación á música galega de Marcial del Adalid coas súas cancións	64	153
Sucarrat, Francine		
A poesía de Luís Seoane	65	364
Tobío, Luís		
Seoane, na lembranza	65	361
Vázquez, Lois		
O neno creador	66	413
Responso pra Celso Emilio Ferreiro	66	480
Villares Paz, Ramón		
López Ferreiro e a historiografía galega	60	425

GRIAL revista galega de cultura

PRECIOS DE VENDA E SUSCRICION

Número solto ..... 250 ptas. Suscrición anual, 4 números . 800 ptas.
Extranxeiro .....350 ptas. Extranxeiro ..... 1.300 ptas.

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia - Reconquista, 1 - VIGO
Impreso en Artes Gráficas Galicia, S.A. - Segovia, 15 - VIGO
Dep. Legal, VG-99-1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA

Esta edición facsimilar
da revista GRIAL,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988